PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

MEMORIA ANUAL
XULLO 2020 \ XUÑO 2021



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

Contido

0. Sobre a nosa memoria 4

1. Un modelo de transporte sostible, eficiente e adaptado ás necesidades actuais 6

1.1. A transición que garantiu unha total renovación dos servizos 8

1.2. Incremento da cobertura, servizos integrados ou compartidos, servizos baixo demanda e maior calidade ambiental: as melloras aplicadas polo PTPG 11

1.3. Tecnoloxía aplicada á eficacia 18

1.4. Melloras nas condicións de emprego do sector: estabilidade e creación de emprego 20

1.5. Actuacións levadas a cabo ao longo do período xullo 2020 a xuño 2021 21

1.6. Próximos pasos: ATG como alternativa sostible para toda Galicia 24

2. A oferta de servizos 28

2.1. Antecedentes, transformación e evolución da oferta de servizos: 2016 - 2020 29

2.2. Oferta de servizos no período da memoria anual: xullo de 2020 a xuño de 2021 39

3. A demanda de usuarios 74

3.1. Antecedentes e evolución da demanda: 2016-2020 76

3.2. Demanda de usuarios no período da memoria anual: xullo de 2020 a xuño 2021 81

3.3. Transporte baixo demanda 99

3.4. Demanda de usuarios por título de transporte 102

4. O novo sistema tarifario, máis económico, uniforme e versátil 118

4.1. Antecedentes 119

4.2. Tarifas 123

4.3. Bonificacións e vantaxes das novas tarxetas de transporte 123

4.4. Tarifas sociais e axudas 131

4.5. Emisión e distribución dos sistemas de pago 133

4.6. Actuacións previstas coa Área de Transporte de Galicia (ATG): sistema zonal, pago multimodal e integración tarifaria 135

5. Relacións coas persoas usuarias. O servizo que atende os cidadáns 142

5.1. Información á persoa usuaria 143

5.2. Atención ás persoas usuarias. A importancia das solicitudes e o seu procesamento 147

6. Financiamento do sistema, o investimento a futuro 150

6.1. Gasto realizado por parte da Administración 155

6.2. Recadación dos concesionarios 158

6.3. Canon de concesión 160

6.4. Resumo financiamento sistema 160

7. Calidade do sistema 162

7.1. Traballos de Campo. Descrición e obxectivos 163

7.2. Conclusións dos traballos de campo. Resultados 169

8. Impacto do COVID-19 no transporte público por estrada 176

8.1. Impacto na mobilidade 178

8.2. Actuacións levadas a cabo 178

8.3. Avaliación do cumprimento das medidas de seguridade sanitaria 187

Anexo 190

Sobre a nosa memoria

Esta memoria que aquí se recolle non é un balance anual máis. Trátase da primeira análise, con vocación de continuidade, que se realiza sobre o transporte público interurbano por estrada xestionado pola Xunta de Galicia. É un transporte público completamente renovado, que conseguiu multiplicar a súa cobertura territorial e a oferta de servizos, á vez que apuntala a coordinación de toda a rede.

A transformación social e económica vivida en Galicia nos últimos anos puxo de manifesto un desaxuste entre o sistema de transporte público deseñado moitas décadas atrás, conforme a uns patróns de mobilidade hoxe superados, e as necesidades reais de mobilidade e os estándares de calidade que actualmente demanda a sociedade.

O Goberno galego fixo desta necesidade unha oportunidade. Soubo aproveitar as circunstancias para impulsar un cambio transformador no transporte con visión de futuro e con compromiso de servizo público.

Entendemos o deber de garantir unha oferta de mobilidade colectiva de calidade como un deber imprescindible para asegurar o acceso da cidadanía aos servizos esenciais e á igualdade de oportunidades. Tamén para materializar un compromiso ineludible para a sociedade cunha mobilidade máis limpa e sustentable.

A POSTA EN MARCHA COMPLETA DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA, LEVADA A CABO EN 2020 A TRAVÉS DE 127 CONCESIÓNS, SUPUXO UN RETO MAIÚSCULO QUE O PAÍS AFRONTOU CON SOLVENCIA.

Grazas a todo o traballo dos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, hoxe en día Galicia conta cun transporte público completamente transformado, renovado, moderno, preparado para adaptarse e ofrecer solucións ás esixencias dos cidadáns e que ofrece condicións económicas moi vantaxosas e unha oferta de servizos acorde ás necesidades actuais. Os servizos públicos de mobilidade están blindados cun investimento autonómico de 80 millóns de euros ao ano.

Garantir a máxima cobertura territorial e o funcionamento óptimo dos servizos cos condicionantes da dispersión poboacional de Galicia é un labor de gran complexidade en si mesmo, que se viu multiplicada ao acometer esta profunda renovación do transporte público nun momento de tanta esixencia como a motivada pola crise sanitaria e social derivada da pandemia da COVID-19.

Ningunha das dificultades maiúsculas derivadas da loita por evitar os contaxios impediron á Xunta avanzar e desenvolver o traballo previsto na renovación do transporte público interurbano. Ben ao contrario, a modernización completa acometida no marco do Plan de Transporte Público de Galicia dotou a toda a Comunidade dun transporte público reforzado, con capacidade de adaptarse e resistir as ameazas que se presenten. Un sistema de transporte público que, de seguro, acompañará e potenciará a recuperación económica.

Esta memoria anual abrangue a análise do transporte público interurbano da Xunta no período de tempo comprendido desde xullo de 2020 a xuño de 2021. É o balance de todo un curso académico, e non dun ano natural, atendendo á propia realidade do autobús interurbano de Galicia, no que dúas de cada tres liñas son compartidas por escolares e usuarios xerais, e tanto unhas coma as outras representan, aproximadamente, a metade das viaxes que se realizan cada mes na Comunidade en período lectivo.

A pesar de todo o esforzo realizado no desenvolvemento e posterior seguimento continuo dos servizos do Plan de Transporte Público de Galicia para que estes estean o mellor adaptados posible ás necesidades cambiantes da sociedade, esta análise que aquí se presenta estaría incompleta sen as valoracións da cidadanía.

Por iso, esta memoria anual, ademais dun completo balance dos servizos, recolle os resultados dos traballos de campo realizados pola Xunta para coñecer de primeira man a percepción que teñen dos servizos que se prestan os usuarios do transporte público interurbano e tamén todos aqueles aspectos nos que perciben maior marxe de mellora.



Os servizos públicos de mobilidade están blindados cun investimento autonómico de 80 millóns de euros ao ano.

Os resultados das enquisas aos usuarios que se detallan neste documento reforzan a confianza do Goberno galego de que os obxectivos fixados no Plan de Transporte Público e Galicia e o traballo continuo de revisión e mellora ao que somete as máis de 3.400 liñas se están cumprindo e se está a avanzar con paso decidido no camiño correcto.

Con estes folgos renovados, a Xunta segue traballando para garantir a calidade na prestación dos servizos de transporte público interurbano.

Ethel Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade



1

UN MODELO DE TRANSPORTE SOSTIBLE, EFICIENTE E ADAPTADO ÁS NECESIDADES ACTUAIS


O Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) evolucionou no período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021 con novas fórmulas coma o autobús compartido ou o servizo baixo demanda, a blindaxe de coberturas territoriais os 365 días do ano e a extensión de viaxes gratuítas para menores de 21 anos en toda Galicia.

Un modelo de mobilidade de futuro, máis verde e responsable, sostible, eficiente e perfectamente adaptado ás necesidades da cidadanía de Galicia foi o obxectivo prioritario da **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** no transporte público por estrada. Entre xullo de 2020 e xuño de 2021, un período especialmente significativo xa que coincide co calendario lectivo, acometéronse importantes accións dirixidas a impulsar o transporte público como a principal alternativa sostible.

O PTPG ideou a mobilidade das persoas desde a **igualdade**, a **seguridade**, a **calidade e eficiencia social**, sen esquecer a **sostibilidade económico-financeira** que o fai posible. Estas esixencias autoimpostas achegan un claro valor engadido a un transporte público que desexa atender a todas as persoas sen distinción, coa máxima cobertura territorial e en coherencia coa evolución económica e social de Galicia.

De acordo con estas esixencias, o PTPG planificou un servizo público flexible coa finalidade de adaptarse ás necesidades das persoas e co obxectivo de contribuír coa vertebración territorial para converterse nunha **alternativa real de mobilidade para toda a cidadanía de Galicia, cómodo e eficaz.**

O PTPG anticípase desta forma aos retos de futuro no ámbito da mobilidade, que pasan por un transporte colectivo con menos emisións e mellor coordinado nas súas distintas conexións, transbordos e infraestruturas.



Transporte público como alternativa real de mobilidade

Garantía legal. - Co fin de cumprir estes obxectivos, o Parlamento de Galicia impulsou e aprobou a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. Esta lei prevía unha batería de medidas urxentes para a modernización do sistema e a aprobación da reorganización global do transporte por parte de Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Público de Galicia. Desta forma, a través da Lei 10/2016 do 19 de xullo efectuouse a regularización do PTPG, así como a apertura dun procedemento para a modernización do transporte público cuns niveis de calidade e innovación cada vez máis esixentes.

1.1. A transición que garantiu unha total renovación dos servizos

Redacción, evolución e aprobación do actual PTPG.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia foi a iniciativa lexislativa que permitiu dar continuidade aos servizos de transporte público proporcionando unha solución legalmente adecuada á problemática da continuidade das concesións orixinada pola sentenza STS 1067/2016 do Tribunal Supremo, ao tempo que permitiu establecer as bases dos mecanismos para acometer unha profunda transformación do sector e a súa plena adaptación ás novas demandas da sociedade a través do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG). Así, ao abeiro do establecido no artigo 2 da citada lei, redáctase o PTPG para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

O PTPG configúrase como o instrumento para establecer a ordenación e coordinación dos servizos de transporte público regular de competencia da Xunta de Galicia. Deste xeito, na lei defínese **o obxectivo xeral do PTPG: conseguir un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia**, e a partir deste, **os obxectivos específicos** para dar resposta ás necesidades da poboación galega:

- Facilitar a mobilidade das persoas para promover a igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e ambiental.
- Fomentar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.
- Potenciar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade á maioría das persoas para convertelo nunha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribuír á vertebración territorial de Galicia.

Para lograr estes obxectivos, o PTPG articúlase a través de diferentes programas:

- Optimización do sistema
- Reordenación e optimización de liñas
- Integración de servizos
- Implantación de servizos baixo demanda
- Modernización do sistema de transportes
- Programa tarifario
- Programa social
- Programa de transporte metropolitano
- Programa de accesibilidade territorial
- Mellora da calidade do servizo

Xunto coa Lei 10/2016, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación incluíu un Título III referido á ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros que sentou o marco legal aplicable para a posta en marcha do PTPG, procedemento para a adxudicación directa dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas para garantir a continuidade dos servizos durante a reordenación completa do sistema de transporte por estrada, cunha duración máxima de 2 anos.

Os Proxectos de Explotación correspondentes a estas adxudicacións transitorias ata a implantación do PTPG incluíron as primeiras medidas dirixidas á modernización e eficacia do sistema de transporte público, cos criterios establecidos nas dúas leis citadas. Entre as novas fórmulas de transporte dispostas para adaptar os servizos ás necesidades de mobilidade dos habitantes e ás características do territorio, impulsáronse os servizos de transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda. Ademais, iniciouse unha unificación tarifaria buscando o establecemento dun sistema tarifario homoxéneo para toda a comunidade.

Para a planificación dos servizos púxose en marcha un amplo proceso participativo que involucrou a todos os concellos beneficiados que foron consultados sobre as súas necesidades en materia de transporte público, coa finalidade de deseñar un novo transporte público adaptado ás demandas existentes en cada un dos territorios.

Nunha primeira fase preliminar do PTPG procedeuse á licitación dos primeiros contratos que foron tramitados e adxudicados en 2 etapas: en agosto de 2017 adxudicáronse os primeiros 41 contratos de xestión de servizo público que incorporaron os servizos en risco de continuidade e en febreiro de 2018 adxudicáronse 2 contratos adicionais. Estes 43 contratos de xestión de servizo público constitúen o primeiro chanzo da reordenación do transporte público galego, posto que xa incorporaban as liñas estratéxicas da súa modernización.

En 2018 levouse a cabo a tramitación para a aprobación definitiva do PTPG. O documento base someteuse á información pública en abril e, tras analizar as alegacións recibidas e incorporar os cambios estimados, enviouse para informe ao Consello Galego de Transportes e á Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación da Consellería de Facenda.


É preciso destacar que o deseño do novo mapa de servizos de toda Galicia se levou a cabo, igualmente, mediante un proceso aberto ao diálogo, no que participaron as administracións locais e outros axentes da sociedade, como centros educativos e colectivos de usuarios/as. Todos se involucraron como grupos de interese do PTPG mediante o intercambio de información sobre a prestación dos novos servizos, sendo os mesmos froito dunha importante colaboración e traballo conxunto dos diferentes axentes implicados no seu deseño.

Finalmente, o PTPG foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de novembro de 2018 e publicouse no DOG o 17 de xaneiro de 2019.

Unha vez aprobado o PTPG, entre xaneiro e xullo de 2019, sometéronse á información pública os anteproxectos de explotación dun total de 127 contratos que renovaron por completo todo o mapa de servizos de autobús interurbano de Galicia, divididos en tres procedementos de licitación.

As concesións foron adxudicadas en novembro e decembro de 2019 e en agosto e outubro de 2020. Así, a prestación dos servizos desenvolveuse cronoloxicamente do seguinte modo:

- En xaneiro de 2020: 91 concesións.
- En febreiro de 2020: 7 concesións.
- En setembro de 2020: 10 concesións.
- En decembro de 2020: 19 concesións.



Cronograma da evolución das concesións de transporte público desde o ano 2017.

No proceso de adaptación dos servizos de transporte, que afectou a toda Galicia, revisáronse 24.120 paradas, das que 9.648, máis do 40%, foron axustadas dalgunha forma: a través dunha definición máis precisa da súa localización, do tempo de percorrido entre as paradas anterior ou posterior, axustando a súa denominación á toponimia oficial ou ao coñecemento popular, etc.

No que respecta aos horarios de servizos, dos 9.141 analizados, foi preciso un axuste do 20% destes e a súa adecuación co resto das conexións da rede. Desta forma, un total de 1.828 servizos foron reaxustados para adaptalos ás necesidades da poboación, dos cales, máis de 500 foron para adaptar servizos integrados ou compartidos que atenden a escolares.

Finalmente deseñáronse e implementáronse actualizacións para os servizos daquelas concesións antigas que si continuarían operando ata a total licitación e adxudicación, realizada en decembro de 2020.

AS CONCESIÓNS DO PTPG CONTAN CON MARXE DE MANOBRA PARA ACTUAR ALÍ ONDE SEXA NECESARIO

A posta en marcha das concesións implica o traballo de seguimento diario da prestación dos servizos que se configurou de forma dinámica para que vaia evolucionando en función das novas necesidades de mobilidade colectivas. Así, as novas concesións permiten a adaptación dunha gran cantidade dos parámetros que definen o servizo, tales como son a incorporación de novas paradas, o desprazamento doutras, a creación ou alteración de liñas e rutas, a modificación de itinerarios, a reconfiguración de horarios e calendarios, a adición ou supresión de expedicións, o cambio na consideración de paradas e/ou expedicións como servizos integrados ou baixo demanda, sen que eses cambios signifiquen unha alteración das concesións.

1.2. Incremento da cobertura, servizos integrados ou compartidos, servizos baixo demanda e maior calidade ambiental: as melloras aplicadas polo PTPG

Para desenvolver os obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia, establecéronse as seguintes liñas estratéxicas:


1.2.1. Adaptación á nova realidade social

O transporte público galego acusaba unha escasa adaptación ás novas necesidades de mobilidade xurdidas cos cambios demográficos e sociais da poboación galega. Unha das primeiras accións levadas a cabo coa implantación do PTPG supuxo, por tanto, a actualización dos servizos de transporte público regular para poder deseñar unha renovación integral dos servizos existentes, algúns dos cales foron configurados hai máis de 50 anos, unha antigüidade que non permitía prestar un servizo eficiente.

A evolución da sociedade galega supuxo a concentración da poboación ao redor dun reducido número de cidades e o progresivo despoboamento das zonas interiores de Galicia nas últimas décadas, o que produciu cambios sociodemográficos que afectan significativamente á mobilidade. Neste contexto, presentouse un gran desafío no deseño do novo PTPG: como conxugar e dar resposta tanto á mobilidade urbana como á rural?


Nas áreas urbanas e metropolitanas xerouse un aumento continuo da mobilidade entre os diferentes municipios de cada zona e os do seu redor como consecuencia do incremento da poboación. Este fenómeno reflíctese en cidades coma Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Lugo, Ferrol e A Coruña, que requiren servizos con altas frecuencias, xa que na maioría dos casos se utiliza o transporte público de forma recorrente para ir ao traballo ou ao centro educativo.

Incremento da poboación nos concellos próximos a Vigo



En cambio, as **zonas rurais** experimentaron un progresivo descenso de poboación e da demanda de mobilidade, aínda que resulta imprescindible asegurar uns servizos mínimos de transporte público que permitan aos habitantes das ditas zonas acceder a servizos de saúde, educación ou xestións administrativas. Esta circunstancia maniféstase especialmente en comarcas interiores das provincias de Lugo e de Ourense, como pode ser o caso da Baixa Limia. Precisamente, para cubrir este tipo de mobilidade, que na maioría dos casos conta con poucos usuarios, resulta especialmente adecuada a implantación dos novos modelos de transporte público introducidos co PTPG, como son o **transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda.**

Descenso da poboación na comarca da Baixa Limia



O PTPG ten como propósito contribuír á mellora da calidade de vida de toda a cidadanía galega. O transporte é un elemento cohesionador da sociedade e integrador de territorios, xa que ao achegar as persoas e mellorar a accesibilidade aos servizos, o transporte público convértese nun elemento dinamizador da economía: aforrando custos para a sociedade, fomentando a empregabilidade e impulsando a actividade económica mentres se facilita o desprazamento das persoas a centros de lecer, traballo e saúde.

1.2.2. Incremento da cobertura territorial

Para ampliar e mellorar eficazmente a cobertura nas zonas onde antes non chegaba o transporte público -coma as zonas rurais ou afastadas dos núcleos urbanos-, no PTPG creáronse dous novos servizos: **o transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda.**

a. Integración de servizos: transporte integrado ou compartido



47.000
estudantes ao día

O transporte integrado ou compartido articulouse como un servizo compartido entre escolares e demais persoas usuarias que permitiu maximizar o uso das liñas de transporte en zonas de baixa demanda nas que non era sostible establecer un servizo regular adicional ao servizo de transporte escolar.

Ademais de posibilitar o movemento de máis de 47.000 estudantes ao día, as liñas integradas ou compartidas contan cun servizo de acompañamento para os escolares, o que repercutiu positivamente na creación de emprego e na seguridade do transporte de escolares en toda Galicia, garantindo unha atención prioritaria e de calidade nas condicións do seu transporte.

Sendo a **seguridade no transporte un elemento esencial**, a Xunta de Galicia e *Stop Accidentes* presentaron en outubro de 2020 un protocolo con 49 recomendacións para fomentar condutas responsables entre todas as persoas usuaria dos servizos de transporte que atenden a comunidade escolar.

O autobús compartido, antecedentes.

É importante destacar o reto que supuxo para a Administración introducir estas innovadoras modalidades na configuración dos servizos de transporte público de Galicia. Un cambio de paradigmas que a sociedade galega soubo adoptar para lograr un avance na calidade de vida colectiva, esta adaptación supuxo a transformación dos hábitos de desprazamento tradicionais ata entón.

Anteriormente, desde 2003, leváranse a cabo iniciativas similares promovidas pola Xunta de Galicia, coma o proxecto *RUTO* e o *TES+BUS*, ambos cunha moi boa acollida por parte das persoas usuarias e que foron un precedente importante para o proceso de integración neste tipo de servizos compartidos.

Ata 2020, durante as primeiras actuacións do PTPG, as liñas integradas ou compartidas permitiron o desprazamento de 10.000 estudantes, contando todas elas con servizo de acompañante, o que tamén supuxo unha mellora no emprego e na seguridade dos escolares.

A boa acollida desta modalidade levou a seguir apostando por este modelo nas seguintes accións, aumentando a oferta compartida e, por tanto, ampliando a cobertura do servizo.

Co novo PTPG puxéronse en marcha os novos servizos de transporte integrado ou compartido, incrementouse o número de escolares atendidos, aumentouse a cantidade de paradas e, por tanto, ampliouse a cobertura territorial. A integración do transporte de escolares na modalidade de bus compartido permitiu que a oferta de servizos pasase de 223.264 servizos/ano no ano 2017 a 801.148 servizos/ano a finais de 2020, o que representa un incremento de máis do 300% nos servizos, motivado pola integración de contratos de transporte escolar.


A finais de xuño de 2021, funcionaban en Galicia 2.209 liñas que dan servizo a escolares co transporte compartido, o que representa o 65,3% de todas as liñas do PTPG. Estas contan con 22.834 paradas compartidas e permiten prestar 888.678 servizos ao ano.

A implantación desta modalidade de transporte transformou a calidade de vida da poboación do rural de Galicia e, de forma particular, dos estudantes e tamén das súas familias, xa que achega novas oportunidades de conciliación familiar.

A FINAIS DE XUÑO DE 2021, FUNCIONABAN EN GALICIA 2.209 LIÑAS QUE DAN SERVIZO A ESCOLARES CO TRANSPORTE COMPARTIDO

Os escolares de Galicia con dereito á reserva de praza no transporte público compartido son recollidos nas súas respectivas paradas e supervisados por persoal acompañante autorizado durante o traxecto ao seu centro escolar e de volta aos seus domicilios. Desta maneira, pais e nais contan cun servizo seguro que ofrece o traslado dos seus fillos e fillas e permítelles atender as súas responsabilidades cotiás sen que os desprazamentos aos centros escolares afecten ao cumprimento da súa xornada.

Desde as accións preliminares antes da posta en marcha do PTPG, buscáronse solucións para atender casos coma os de Riotorto, Ribeira de Piquín, Carballeda de Valdeorras e A Mezquita, municipios polos que non pasaba ningunha liña regular de autobuses e que hoxe en día contan cunha oferta de transporte público grazas á aplicación desta modalidade de servizo compartido.



2.209
LIÑAS COMPARTIDAS

22.834
PARADAS COMPARTIDAS

888.678
SERVIZOS ANO COMPARTIDO

— Liñas sen servizos compartidos
— Liñas con servizos compartidos

A oferta anual de servizos compartidos inclúe a reserva de prazas para estudantes, o que equivale a máis de **16 millóns de viaxes reservadas para escolares** ao longo do ano, o que supón o **desprazamento diario de máis de 47.000 estudantes.**

MÁIS DE 16 MILLÓNS DE VIAXES RESERVADAS PARA ESCOLARES AO LONGO DO ANO, O QUE SUPÓN O DESPRAZAMENTO DIARIO DE MÁIS DE 47.000 ESTUDANTES

b. O autobús baixo demanda: unha solución de transporte deseñada á medida para o rural.


Galicia concentra máis de 30.000 núcleos de poboación, a metade dos existentes en toda España, pero a súa poboación só representa o 6% do total do país, sendo ademais unha poboación dispersa.

Unha realidade demográfica que se traduce, por unha banda, na necesidade de fixar unha rede de transporte público que garanta a mobilidade no conxunto do territorio, e pola outra, na importancia de facelo respectando as características de desprazamento da poboación rural nun escenario caracterizado por baixos niveis de demanda e de rendibilidade.


Grazas ao servizo baixo demanda minimizouse a circulación de autobuses baleiros ou de moi baixa ocupación e conseguiuse o acceso ao transporte público da poboación das zonas rurais.

Os datos de demanda deste servizo nas accións previas á posta en marcha do PTPG indican a óptima acollida que tivo esta solución para facilitar os desprazamentos na zonas máis apartadas da xeografía galega.

Evolución de solicitudes de reserva de Transporte Baixo Demanda - accións previas PTPG



Solicitudes de resereva de Transporte Baixo Demanda - accións preliminares PTPG



Evolución da demanda do servizo Baixo Demanda durante as accións preliminares do PTPG.

Funcionamento do transporte Baixo Demanda

A posta en marcha deste servizo é unha peza clave para poder conseguir unha **maior expansión territorial da cobertura** do transporte público en Galicia.

Actualmente a xestión de solicitudes de reserva de praza para os servizos de transporte baixo demanda pode realizarse mediante varias vías: a través da páxina web www.bus.gal, a APP de Transporte Público e por medio da central de chamadas.

- Por medio da páxina web www.bus.gal, as persoas usuarias poden realizar unha busca personalizada de viaxe e teñen á súa disposición a posibilidade de reservar unha praza nunha parada baixo demanda no caso de que a parada de orixe desta sexa unha parada destas características.
- Pola súa banda, a aplicación móbil Transporte Público funciona de forma análoga á anterior, ofrecendo a oportunidade de planificar unha ruta e de formalizar a reserva de praza se se trata dun servizo de transporte baixo demanda. En ambos os casos, a reserva debe realizarse antes das 19:00 horas do día laborable anterior a aquel no que se quere viaxar.
- A central de chamadas recibe todas as solicitudes, que son atendidas de forma directa e personalizada. Existen dous tipos de peticións realizadas a través do teléfono de autobús baixo demanda: por un lado, resólvense consultas de información sobre horarios e liñas de servizos dispoñibles e, por outro, tramítanse as solicitudes de reserva de praza para efectuar desprazamentos.

  Mediante un teléfono único, 988 68 78 00, que está operativo entre as 8:00 e as 20:00 horas de luns a venres, recóllense e procésanse todas as consultas de información sobre os servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de competencia da Xunta de Galicia.

  Nunha única chamada, as persoas usuarias poden reservar varias prazas no autobús ou, mesmo, solicitar varias viaxes para os seguintes 15 días desde a data da súa chamada. A reserva debe facerse antes das 19 horas do día laborable anterior a aquel no que vaia viaxar e ter en conta, antes de solicitar unha reserva, cales son as paradas a demanda que están dispoñibles na ruta escollida.

Non obstante, as melloras tecnolóxicas previstas nas liñas estratéxicas do PTPG permitirán introducir progresivamente novas funcionalidades, tales como ofrecer información para planificar viaxes conectadas coa capital da provincia e, mesmo, facer reservas de maneira sinxela e automática desde dispositivos móbiles.

O autobús baixo demanda permitiu ofrecer un servizo de transporte público de calidade coas mesmas vantaxes que zonas urbanas e evitar o illamento daquelas zonas máis apartadas



A xuño de 2021, funcionaban en Galicia 2.001 liñas baixo demanda, o que representa o 59,2% de todas as liñas do PTPG. Isto equivale a un total de 22.422 paradas baixo demanda que permiten prestar 839.513 servizos ao ano.




1.2.3. Frotas máis modernas

Outro dos grandes obxectivos do PTPG foi impulsar melloras nos vehículos e o seu equipamento. Os pregos de condicións das novas concesión inclúen nos criterios de valoración aspectos relativos ás características da frota que abranguen desde **a redución da idade máxima e media dos vehículos** ata a mellora do equipamento (cintos de seguridade ou dotación de canceladoras).

Os resultados obtidos coas novas concesións en canto á renovación da frota no servizo de transporte interurbano son moi positivos e representan unha significativa mellora respecto da situación previa á implantación do PTPG. Agora **a idade media máxima dos vehículos adscritos é de 8 anos, mentres que a idade media da frota é de 5 anos.**

Antigüidade máxima dos vehículos



En retrospectiva, desde as súas primeiras accións, a planificación do PTPG confirmou a súa aposta por potenciar a renovación da frota de autobuses, premiando aquelas ofertas que achegasen vehículos máis novos e mellores condicións para as persoas con mobilidade reducida.

Na práctica, a Xunta de Galicia conseguiu que os servizos se presten con autobuses máis novos, máis seguros, menos contaminantes e máis accesibles.

En concreto, desde o termo do despregamento da frota do PTPG, con maior atención nas rutas que presentan maior afluencia de pasaxeiros, coma a conexión das áreas da Coruña e de Ferrol, cóntase con vehículos con 6 anos de antigüidade media, o que se ve reflectido nunha menor pegada ambiental e minimización de consumo e emisións.

En relación coa optimización do equipamento, o 100% dos vehículos dedicados ao transporte de escolares están equipados con cintos de seguridade, mentres que nos autobuses en xeral, tomados no seu conxunto, a cifra é do 75% da frota.

De igual forma, as empresas concesionarias asumiron o compromiso, impulsado polo PTPG, para lograr que todos os autobuses que prestan servizos de transporte nas concesións vaian dotados de **máquinas canceladoras e expendedoras homologadas**, o cal permite o funcionamento da Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG), a Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN) e demais tarxetas integradas, cuxas características e funcionalidades serán detalladas nun capítulo á parte.

1.2.4. Accesibilidade

Dentro das accións que recolle o PTPG tamén hai medidas para garantir a calidade na prestación dos servizos, entre elas destaca a accesibilidade aos vehículos para as **persoas con mobilidade reducida**, requisito esixido nos pregos de condicións nunha determinada porcentaxe mínima.

Na actualidade, o 40% dos vehículos por concesión están adaptados. Esta cifra é a media de actualización da frota nas 127 concesións actuais, aínda que o obxectivo é que esta porcentaxe se vexa incrementada paulatinamente ata alcanzar a adaptación do 100% dos vehículos.

Neste sentido, cabe destacar que actualmente xa hai 16 concesións que adaptaron o 100% dos seus vehículos para persoas con mobilidade reducida.


1.2.5. Calidade ambiental

O PTPG contempla de forma prioritaria o compromiso de **calidade ambiental** da frota que presta os servizos. Para iso, a empresa concesionaria debe manter un número mínimo de vehículos que cumpran os requisitos das categorías de clasificación ambiental (0 emisións, ECO, C, B) en relación co seu nivel de emisións, combustible empregado e ano de matriculación, no caso de vehículos de máis de 8 prazas.

Actualmente, da tipoloxía de vehículos en relación coa mellora de calidade da frota que introduciu o PTPG como mínimo esixido, obtense que o 65% desta é de Categoría C, o que supón que para os vehículos de máis de 8 prazas foron matriculados a partir de 2014, pero tamén se recolle un 10% de frota clasificada como categoría ECO, definida para vehículos híbridos ou híbridos enchufables.

O reflexo da categorización da frota na actualidade é un claro exemplo da aposta do PTPG por mellorar a calidade ambiental e do éxito na implantación do dito obxectivo.

Tipo de calidade medioambiental dos vehículos segundo emisións



1.2.6. Modernización

A incorporación de melloras tecnolóxicas, como a instalación de novos mecanismos para optimizar os procesos de pago con medios cada vez máis avanzados, permitiu ofrecer beneficios para a cidadanía no campo dos prezos e a responsabilidade ambiental. As novas máquinas canceladoras permitiron estender a toda Galicia os descontos e bonificacións por recorrencia que se ofrecen ao efectuar os pagos coas tarxetas do PTPG, TMG e TMGXN, desta forma, non só se optimizan os vehículos, senón que se promove unha mobilidade intelixente ao planificar mellor os desprazamentos e fomentar que as viaxes se realicen en vehículos colectivos, premiando con descontos as persoas usuarias con maior recorrencia.

1.3. Tecnoloxía aplicada á eficacia

O establecemento das novas concesións foi unha ocasión idónea para identificar e fixar uns requisitos tecnolóxicos mínimos que impulsasen definitivamente a necesaria modernización do transporte público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, o PTPG aliñouse cos programas de actualización e dixitalización desenvolvidos pola Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, coma o Plan de Modernización Tecnolóxica da Mobilidade en Galicia (e-Mobility) creado en exclusiva para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Os obxectivos específicos de e-Mobility son os seguintes:

- Eficiencia operativa de todos os axentes que interveñen na cadea de transporte.
- Control da xestión, planificación e toma de decisións para un mellor aproveitamento dos recursos públicos e das capacidades e infraestruturas existentes.
- Deseño e fomento dun modelo de transporte sostible.
- Mellora da relación co cidadán grazas a un soporte tecnolóxico, facilitando información do sistema de transporte en tempo real.

O perfeccionamento dos medios tecnolóxicos contempla varios eixes de actualización como son: a implantación nos vehículos de sistemas de xeolocalización e de equipos de monética que permitan o pago con tarxeta en todos os servizos, ademais da xestión dos servizos baixo demanda ou da información cara ao usuario.



Como parte do desenvolvemento desta liña estratéxica do PTPG, a incorporación destas funcionalidades tecnolóxicas nos vehículos non só forma parte do conxunto de melloras contempladas para favorecer a calidade dos servizos, senón que vai aliñada co obxectivo de modernización do PTPG en conxunto, xa que desta forma é posible centralizar e recibir información en tempo real sobre a localización das unidades, as condicións de servizo e facturación, o que mellorará en conxunto a coordinación dos diferentes modos de transporte que operan na Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, indícase a relación dos principais desenvolvementos tecnolóxicos vinculados ao PTPG:

OTRANS:

Oficina virtual mediante a que se realiza a xestión administrativa do funcionamento do PTPG. Trátase dunha plataforma que permite levar o seguimento diario das concesións a través dun programa tecnolóxico centralizado e simultáneo ao que se conectan os responsables do desenvolvemento dos traballos.

En definitiva, é un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual ao cal accede a Administración mediante os seus diferentes responsables, e os responsables das empresas concesionarias, para realizar trámites do tipo: rexistro de incidencias, tramitación de expedientes, seguimento da oferta, adscrición de vehículos, adscrición de persoal condutor e acompañante, etc.

Sistema de Axuda á Explotación (SAE):

Sistema intelixente de xeolocalización que permite dar ás persoas usuarias información da situación de cada vehículo de forma precisa e eficaz para que poidan planificar a súa viaxe.

As empresas concesionarias están provistas deste sistema de xeolocalización que ademais controla o almacenamento, tratamento e verificación dos datos determinados pola Administración e o Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA).

Páxina web bus.gal:

Portal web do servizo de transporte público por estrada dependente da Xunta de Galicia.

Ofrece un buscador de viaxes personalizado con toda a información relativa a horarios, paradas e tarifas das diferentes liñas, contando ademais cunha sección de noticias coas últimas novidades e modificacións realizadas nos servizos.

Ademais, desde o portal permítese realizar consultas sobre o funcionamento do transporte baixo demanda, así como solicitar a reserva de viaxes.

Nesta plataforma web tamén se ofrece toda a información sobre os títulos de transporte e están dispoñibles para a súa consulta e descarga fichas con información de todos os servizos de transporte por concello e concesión.

APP Transporte Público:

Aplicación móbil do PTPG, á disposición das persoas usuarias de transporte público, onde se ofrece información sobre procura de viaxes, a posibilidade de planificar unha ruta de forma análoga a como se realizaría no buscador dispoñible en bus.gal e realizar reservas para servizos de transporte baixo demanda.

Actualmente estase traballando na incorporación de novas funcionalidades relacionadas cos servizos de transporte público como son: a xestión desde a aplicación das tarxetas TMG ou TMG Xente Nova, a posibilidade de realizar recargas desde o móbil, a consulta de saldo dispoñible ou dos reembolsos realizados e aqueles pendentes, etc..

Ademais, a iteración da aplicación co SAE permitirá ofrecer a posibilidade de consultar os horarios dos servizos en tempo real ou realizar unha procura dos servizos máis próximos á localización física do usuario ou usuaria, cando este ou esta facilite os permisos necesarios para empregar a súa xeolocalización.

Equipamientos de monética:

Máquinas expendedoras e canceladoras homologadas que admiten pagos coa tarxeta TMG e outras tarxetas integradas, resultando de especial relevancia a tarxeta TMG Xente Nova, que permitiu a expansión da tarifa gratuíta Xente Nova para todos os menores de 21 anos.

A dotación destes equipamentos embarcados en toda a frota de autobuses fai posible levar tamén a toda a Comunidade distintas vantaxes económicas para as persoas usuarias que se xestionan a través das ditas tarxetas, como son as bonificacións por recorrencia, actualmente habilitadas, ou os descontos asociados ao modelo da Área de Transporte de Galicia e a despenalización do transbordo que está previsto activar no curto prazo.

Aplicacións tecnolóxicas para o seguimento e control de escolares

En todas aquelas concesións que presenten servizos integrados. Contempla tamén o uso das aplicacións tecnolóxicas habilitadas pola Dirección Xeral de Mobilidade.



1.4. Melloras nas condicións de emprego do sector: estabilidade e creación de emprego

O novo PTPG contempla unha revisión e optimización de aspectos relativos ás **condicións sociais e laborais** do persoal responsable da prestación dos servizos de transporte.

Unha das liñas estratéxicas do PTPG para desenvolver e conseguir o obxectivo de facilitar a mobilidade das persoas en termos de eficiencia social relaciónase co mantemento dos postos de traballo que anteriormente sostiñan o sistema de transporte público de viaxeiros, para o que se estableceron, nos Pregos de Condicións de licitación das novas concesións, condicións estritas para que as novas empresas adxudicatarias procedesen á subrogación do persoal das concesións anteriores.

Concretamente, tívose en conta tanto o disposto no Acordo Marco Estatal sobre materias do transporte de viaxeiros por estrada, mediante vehículos de tracción mecánica de máis de nove prazas incluído o condutor coma o Acordo Marco Galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada, subscrito o 13 de febreiro de 2019, os convenios colectivos provinciais nos que se recollen obrigas convencionais de subrogación aplicables na comunidade galega e os pactos ou acordos empresariais, cando regulasen condicións laborais máis beneficiosas que as previstas nestes convenios de aplicación.

Así pois, mantendo a liña marcada pola Administración na licitación levada a cabo en xullo de 2017, e de conformidade co establecido na lexislación sectorial de aplicación, así como o previsto no Regulamento comunitario (CE) 1370/2007, do 23 de outubro, que regula os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, os pregos recolleron a responsabilidade dos concesionarios do cumprimento de todas as obrigas legais aplicables á subrogación dos traballadores das concesións vixentes anteriormente.

Así mesmo, durante o proceso de revisión e renovación de concesións do PTPG, incorporáronse cláusulas nos pregos que inclúen, entre outras, o compromiso de non modificar a retribución nin as condicións laborais ou a imposibilidade de adoptar despedimentos colectivos ou individuais por motivos económicos, técnicos, organizativos ou produtivos.

Tamén cabe sinalar que nas novas concesións se incluíron obrigas de carácter social tan relevantes coma o **impulso da igualdade ou a formación** das persoas traballadoras, aspectos que foron valorados moi positivamente no proceso de licitación.

Doutra banda, tamén se recolleron aspectos relacionados coa formación dos perfís profesionais vinculados ao sector, valorándose o deseño de programas específicos de formación para cada un deles. As necesidades de formación abranguen todos os aspectos involucrados na prestación do servizo como, por exemplo, formación en novas funcións e responsabilidades derivadas da integración de servizos ou as relacionadas coas novidades tecnolóxicas, tanto nas características dos vehículos coma cos novos sistemas de información implementados.

Por último, tamén é importante resaltar que a integración dos servizos de transporte permitiu consolidar a figura do **persoal acompañante** mediante a obriga da súa presenza en todas as liñas integradas con independencia do número de alumnos transportados. Esta novidade non só contribúe á seguridade dos escolares de todas as idades, senón que, como resultado desta medida, o persoal acompañante empregado nas novas concesións aumentou nun 33% despois da implementación do PTPG.

1.5. Actuacións levadas a cabo ao longo do período xullo 2020 a xuño 2021

O motivo que levou a propor este horizonte temporal, o cal abarca os 12 meses transcorridos durante o segundo semestre de 2020 e o primeiro semestre do 2021, foi garantir unha análise completa que dese conta da transformación do mapa de transporte público que logrou o PTPG.

Desta maneira, ofrécese un balance real das principais actuacións realizadas, xa que unha parte importante dos servizos ofrecidos, os servizos integrados ou compartidos, dependen do curso escolar. Para poder incluílos neste informe, a memoria do PTPG adáptase a esta circunstancia e comeza na época estival para rematar co fin do curso lectivo en Galicia.

O PTPG estableceu diferentes liñas de actuación encamiñadas a cumprir os seus obxectivos, entre as que destacan as seguintes que se foron avanzando ou

implantando durante o período analizado nesta memoria:

Extensión da Tarxeta TMG Xente Nova a toda Galicia

Para fomentar a mobilidade e o uso do transporte colectivo entre a poboación máis nova, a Xunta de Galicia implantou a **tarifa gratuíta Xente Nova (TXN)**. Esta tarifa e o proceso da súa aplicación nos servizos de transporte será ampliada no capítulo 4 desta memoria, onde se detalla o proceso tarifario aplicado polo PTPG.

Desde a súa creación en 2016, planificouse a súa evolución progresiva de uso entre a poboación máis nova de Galicia. A distribución da TXN non deixou de medrar desde o seu lanzamento hai 5 anos para os menores de 19 anos, como un mecanismo para ofrecer beneficios dunha tarifa moza como parte da política social da Xunta de Galicia.

No inicio, implantouse de forma innovadora a tarifa Xente Nova en todas as Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia, en diante ATM, sendo aplicable nelas a gratuidade das viaxes a menores de ata 18 anos. As ATM foron constituídas de forma gradual, desde o ano 2005, no que se formalizaron as da Coruña e Ferrol, ata o ano 2015, no que se instaurou a de Vigo, constituíndose de forma intermedia a de Santiago de Compostela en 2006 e a de Lugo en 2012, no conxunto de concellos situados nos contornos das cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo que decidiron incorporarse ao plan de transporte metropolitano impulsado pola Xunta de Galicia.

No ano 2020, coa implantación das vixentes concesións do PTPG, considerouse que a tarifa Xente Nova debía chegar a un maior número de usuarios, polo que se decidiu ampliar o grupo de idade que resultaba beneficiado por esta tarifa, pasando dos menores de 19 anos aos menores de 21 anos, o que se implantou en xaneiro de 2020, e proxectouse a extensión territorial da mesma á totalidade da Comunidade Autónoma. Concretamente, en xuño do 2020 ampliouse a súa aplicación fóra das ATM á área metropolitana de Pontevedra e a toda a provincia de Ourense.



Transporte público gratuíto para menores de 21 anos en toda Galicia

Pero co afán de levar os beneficios da TMG Xente Nova a todo o territorio da Comunidade, a partir do día 21 de maio de 2021, a Xunta de **Galicia estendeu a gratuidade do transporte público aos menores de 21 anos de toda Galicia**. Así, a Tarxeta TMG Xente Nova xa pode ser empregada nas viaxes de transporte regular interurbano de viaxeiros por estrada de toda a Comunidade, incluíndo de forma adicional as viaxes en barco na ría de Vigo e no ferrocarril de vía estreita na área ferrolá.

Implantación do Sistema de Axuda á Explotación (SAE)

Durante o ano 2021, en fase piloto, conseguiuse que todas as concesións comuniquen información da explotación dos servizos mediante a implantación do SAE.

Este sistema, que continuará evolucionando nos próximos anos, facilita a **publicación de información** para que as persoas usuarias poidan acceder desde os seus dispositivos electrónicos en tempo real aos horarios, percorridos e tarifas.

A publicación da información require dunha depuración e consolidación previa da mesma, e a depuración de erros e outras disfuncións, para o que se está levando a cabo unha monitorización dos servizos e da información recibida. A finais de 2021 xa se alcanzou unha efectividade de identificación de servizos de máis do 80%, polo que se prevé que ao longo do ano 2022 se conseguirá empezar a dar información en tempo real.

Ademais, o SAE permitirá introducir as melloras tecnolóxicas previstas polo PTPG como a monitorización da frota de vehículos por **xeolocalización** para coñecer a posición do vehículo en cada momento.

A finais de 2021 o SAE xa alcanzou unha efectividade de identificación de servizos de máis do

80%

1.6. Próximos pasos: ATG como alternativa sostible para toda Galicia

Desde hai anos, as aglomeracións urbanas puxeron de relevo a necesidade de adaptar os sistemas de xestión do transporte público ás novas necesidades de mobilidade. Esta é a premisa básica de calquera estratexia de mobilidade que busque converter o **transporte público na principal alternativa sostible.**

Para atopar solucións efectivas, as administracións públicas deseñaron diferentes alternativas para afrontar este reto como unha oportunidade de mellora dos servizos de transporte público mediante a coordinación entre competencias de diferentes niveis. Así, a Xunta de Galicia, coa colaboración dos concellos, impulsou inicialmente a implantación de diversas ATM, **Áreas de Transporte Metropolitano**, para dar servizo nos principais núcleos urbanos de Galicia e garantir un servizo de **transporte público moderno e de calidade.**

Coa experiencia adquirida na xestión destas áreas de transporte, a Xunta de Galicia lanza un proxecto aínda máis ambicioso: a creación dunha **Área de Transporte de Galicia**, en diante, ATG, para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o que supón a ampliación a todos os cidadáns das vantaxes desas áreas de transporte metropolitano. Desta forma e coa colaboración dos concellos que se adhiran a esta, bríndase tamén unha **atención prioritaria á área rural** para garantir a prestación do servizo de transporte adaptado ás necesidades específicas destas zonas con maior dispersión da poboación.

En consecuencia, a **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** impulsou a elaboración dun Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, co fin de definir con maior precisión o funcionamento da ATG. En outubro de 2020 iníciase a tramitación deste, mediante a posta a disposición pública do Documento Base para Información Pública do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a área de Transporte de Galicia por un período de vinte días hábiles, contados



A política de descontos tarifarios pode ampliarse aos
21 millóns de viaxes
que se realizan anualmente no sistema de transporte público de Galicia.

a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia. Finalmente, este apróbase na reunión do Consello da Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2021.

A ATG representa unha configuración novidosa da mobilidade galega mediante a integración de toda a rede de transporte público en Galicia nunha área única para garantir a prestación de servizos de transportes idóneos en cada rexión do territorio galego.

A posta en marcha da ATG supón unha aposta polo futuro de Galicia. Non en balde, o **investimento destinado para a aplicación das vantaxes económicas suporá un esforzo orzamentario que se estima nuns 11 millóns de euros: 8,7 millóns financiados pola Xunta de Galicia e os outros 2,2 millóns, polos concellos adheridos á ATG.**

Coa implantación da ATG, prevese a bonificación de aproximadamente 18,5 millóns de viaxes ao ano que ata agora non contan con descontos, e diso beneficiaranse preto de dous millóns de transbordos no conxunto da mobilidade entre as catro provincias galegas.

Os obxectivos fundamentais do establecemento da ATG son: contribuír ao fomento da mobilidade sostible e colectiva, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade do sistema á vez que se introducen importantes aforros para todas as persoas usuarias.

Entre estas vantaxes destaca a integración dos diferentes sistemas de transporte baixo un esquema tarifario unificado e bonificado; supeditado ao pago coa tarxeta TMG, que supón un desconto inmediato do 10% que xa está vixente, ao que se sumará unha bonificación mínima de 0,50€ por viaxe achegada pola Xunta de Galicia e os concellos adheridos ao convenio de colaboración. Isto significa que a política de descontos tarifarios para incentivar o uso do transporte público podería ampliarse aos 21 millóns de viaxes que se realizan anualmente no sistema de transporte público de Galicia.

Debido a que o pago coa Tarxeta da Mobilidade de Galicia será un requisito necesario para optar ás bonificacións do ATG, pódese estimar que o número total de viaxes bonificadas alcanzará aproximadamente un 80% de todas as que se realicen entre os municipios adheridos.

O NÚMERO TOTAL DE VIAXES QUE SERÁN BONIFICADAS A TRAVÉS DA ATG SERÁ APROXIMADAMENTE DE 18,5 MILLÓNS DE VIAXES AO ANO.

Ademais de actuar en materia de prezos, as administracións públicas implantarán unha serie de medidas de fomento do transporte público, no marco da ATG, e nos termos previstos nos correspondentes convenios.

Desde o punto de vista administrativo, a adhesión das diferentes administracións locais de Galicia á ATG instrumentalizarase mediante a firma de convenios bilateirais entre cada unha delas e a **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.**



Área de Transporte de Galicia: maior conectividade e oferta, novos percorridos e integración tarifaria

O conxunto de actuacións previstas na ATG agrúpase ao redor de catro programas complementarios entre si, enfocados para modernizar o transporte público:

1 Integración tarifaria

A ATG supón a implantación dun soporte tecnolóxico compatible con todos os modos de transporte que acepte medios de pago multimodais, así como a fixación de tarifas con bonificacións que despenalicen o transbordo.

A integración tarifaria **é clave para lograr a modernización do transporte público**; é unha ferramenta fundamental que permitirá actuar sobre prezos, mellorar a coordinación e información do sistema e, en definitiva, conseguir un funcionamento eficaz da ATG.

- Modernización dos sistemas de pago

  A través do uso das tarxetas TMG e TMGXN non só se aplican os beneficios tarifarios, senón que se centraliza a xestión dos servizos e a información dispoñible dos mesmos.

A INTEGRACIÓN TARIFARIA É UNHA FERRAMENTA FUNDAMENTAL QUE PERMITE ACTUAR SOBRE PREZOS E MELLORAR A COORDINACIÓN E INFORMACIÓN DO SISTEMA, MEDIDA QUE SEN LUGAR A DÚBIDA FOMENTARÁ O USO DO TRANSPORTE PÚBLICO.

2 Mellora da conectividade entre as distintas redes de transporte público

Unha maior coordinación entre os distintos servizos e modos de transporte público incrementa a calidade. Para garantir esta conectividade implantaranse **novos percorridos e puntos de parada na rede interurbana.**

3 Incremento da oferta

As administracións públicas poderán establecer servizos de transporte regular de viaxeiros/as por estrada mediante a implantación de novos servizos ou a intensificación doutros xa existentes baixo as modalidades de servizos de **interese municipal (SIMU)** e servizos de **interese metropolitano (SIME).**

4 Optimización da información e as infraestruturas

Contempla a renovación das infraestruturas para mellorar a súa imaxe e comodidade. Mostra diso resulta a renovación prevista de preto de 200 novas marquesiñas de transporte público na Comunidade. Trátase de instalacións idóneas ás paradas das liñas dos servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada que ofrezan ao usuario unha protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas e melloren a comodidade durante a espera. As marquesiñas contan cun deseño integrado na paisaxe, incluíndo materiais autóctonos coma a madeira.

Así mesmo, tamén se inclúen dentro deste programa actuacións de **mellora na información**, prestando especial atención á posta a disposición das persoas usuarias da información en tempo real dos servizos.



2

A OFERTA DE SERVIZOS

2.1. Antecedentes, transformación e evolución da oferta de servizos: 2016 - 2020

Neste capítulo preséntase unha análise dos datos de evolución dos servizos de transporte público en Galicia, desde as accións previas á implantación do PTPG ata o período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021, obxecto desta memoria.

Para empezar, farase unha radiografía do crecemento da rede de servizos que conformaron o mapa de transporte público cos datos da oferta total entre os anos 2016 e 2020, nos que se produciu a transición das antigas concesións aos novos proxectos de explotación postos en marcha co PTPG, coa renovación das concesións. Unha vez analizado o período da posta en marcha das concesións do PTPG, procederase a desagregar a evolución da oferta durante os 12 meses do plan obxecto da presente memoria.

Tanto no estudo da oferta previa ao PTPG, coma na análise da situación actual, reflíctense os datos diferenciados segundo os **diferentes tipos de servizos que contempla a oferta de servizos total no transporte público de Galicia.**



Neste caso, agrúpanse os **servizos totais de transporte público de toda a comunidade, que se dividen en servizos integrados ou compartidos e servizos non integrados, e estes á súa vez en servizos fixos e servizos baixo demanda.**

Para estudar ao detalle cada tipoloxía de servizo, preséntanse os datos recollidos da súa evolución previa á implantación do PTPG, e desde xullo 2020 ata xuño de 2021.

Como obxecto da análise mostrarase de maneira homóloga a información relacionada con:

- Número de liñas que prestan servizo a cada provincia.
- Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos.
- Evolución do número de servizos que atenden a poboación.

O PTPG amplía e especializa a oferta para adaptala aos cambios da demanda.

Para integrar as necesidades de mobilidade da sociedade coas diversas tipoloxías de desprazamentos que existen, o deseño do PTPG introduciu dúas novas modalidades de servizos: os servizos integrados ou compartidos e os servizos baixo demanda.

- **Servizos integrados ou compartidos: flexibilidade horaria e rutas optimizadas.**

Para a renovación do mapa concesional que se realizou desde 2016 ata a configuración actual do PTPG, establecéronse as bases para o funcionamento do transporte compartido nos Pregos do PTPG, onde este se define como aqueles desprazamentos nos que a Administración realice unha reserva de praza a favor de usuarios/as escolares con dereito ao transporte gratuíto, cara a e desde o seu centro educativo.

Ademais, tívose en conta para a nova modalidade do transporte **a Lei 2/2017** onde se establece unha regulación da integración dos servizos de transporte, dedicándolle varios artigos, e de forma especial, dos artigos 78 ao 80. Ademais, prevense regras máis relevantes para a súa explotación posterior, indicadas no artigo 80.

AS RESERVAS DE PRAZA A ESCOLARES GARANTEN O DEREITO AO TRANSPORTE GRATUÍTO

Os centros educativos solicitan cada unha das prazas que requiren os alumnos/as matriculados que teñen dereito ao transporte escolar gratuíto. O período para solicitar as prazas esténdese ata o mes de outubro, e posteriormente, aténdense as novas demandas que poidan xurdir. O proceso realízase mediante unha aplicación tecnolóxica compartida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, onde se integra a información dos estudantes, rutas e expedicións que atenden os centros educativos.

Os colexios e institutos deben realizar as altas do alumnado novo e a modificación das actuais reservas na aplicación da Xunta de Galicia coñecida como Transporte Escolar.

Esta aplicación atópase dispoñible a modo de consulta para os Servizos de Mobilidade, organismos responsables da xestión do PTPG en cada provincia, quen se encargan de comunicar ás empresas concesionarias os datos de todos os escolares que deben atender en cada concesión, detallando o número de prazas reservadas de cada expedición.

Os requisitos que debe cumprir o alumnado dun centro para ter dereito a unha reserva de praza nun autobús de transporte integrado están regulados na Instrución Conxunta asinada entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Nas rutas integradas, nun primeiro momento, coa planificación do PTPG e a definición inicial dos servizos, tivéronse en conta todas as paradas recollidas nas rutas que empregaba a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para definir os servizos de transporte escolar. Coa posta en marcha dos novos servizos, fóronse actualizando as paradas en función da demanda dos escolares. Todas estas paradas están incorporadas como paradas integradas nas rutas dos contratos de concesión actuais.

É importante destacar que a configuración desta modalidade é áxil e dinámica, o que achega gran flexibilidade para facer axustes nos servizos que se poidan producir ao comezo ou durante o curso escolar.

Esta característica é fundamental para cumprir os obxectivos da modalidade transporte compartido: debe ser funcional e, para iso, debe poder adaptar os itinerarios ás modificacións que poidan xurdir desde os centros educativos coa inclusión de novos alumnos/as ou baixa dos actuais, para optimizar as prazas dispoñibles en rutas e paradas que dean servizos a outros centros de atracción de viaxeiros/as como poden ser sanitarios, administrativos, comerciais, entre outros.

Entre as novidades que inclúe o servizo de transporte compartido está a posibilidade de adecuar a frota de vehículos segundo a demanda das rutas escolares que atende, permitindo desta forma empregar unidades



máis pequenas, xerar menos contaminación e configurar traxectos de rutas difíciles con vehículos máis pequenos.

Por exemplo, naqueles casos nos que o número de reservas realizadas pola Administración para escolares nunha determinada expedición sexa suficientemente baixo, ou que se trate de circunstancias especiais, como temporalidade do servizo ou características do viario que impidan o paso dun bus, o PTPG autoriza as empresas concesionarias a empregar vehículos de turismo con autorización de transporte público (VT) ou de arrendamento de vehículos con condutor (VTC), a condición de que se atopen legalmente habilitados para a realización dos tráficos de transporte interurbano correspondentes e dispoñan dos sistemas de retención infantil esixidos regulamentariamente.

É importante comentar que, no tempo que leva funcionando este sistema, non se rexistrou ningún incidente relevante, nin no proceso de integración e nin en relación coa convivencia de persoas usuarias adultas e menores que utilizan o transporte público compartido.

- **Servizos baixo demanda: mellorar a conexión do rural de Galicia**

O alto nivel de dispersión e envellecemento da poboación galega son factores determinantes na planificación dun mapa adaptado ás necesidades cambiantes do transporte público. Por este motivo, e co fin de lograr que toda a poboación teña acceso aos servizos de transporte público, articulouse un servizo á medida, denominado como "baixo demanda", especialmente concibido para mellorar a conexión do rural coas grandes urbes.

> Ademais de permitir o desprazamento de máis de 47.000 alumnos/as ao día, as liñas de bus compartido contan cun servizo de acompañante para os escolares, o que supón un impacto positivo sobre o emprego e a seguridade do transporte

É outra das modalidades creadas polo PTPG para resolver un dos principais retos da mobilidade en Galicia: atender as persoas usuarias que requiren desprazamentos individuais e sen frecuencia fixa, especialmente naquelas zonas do rural menos conectadas, e lograr que ninguén quede sen servizo de transporte, pero evitando a circulación de autobuses baleiros ou con moitas prazas dispoñibles.

Un servizo personalizado co que as persoas usuarias planifican os seus desprazamentos evitando así maiores emisións de gases contaminantes ao aforrar, entre outras cousas, o combustible innecesario.

O número de liñas baixo demanda en Galicia experimentou en xuño de 2021 un crecemento do 2,48% ata alcanzar as 2.022 liñas baixo demanda. Existen 22.889 puntos de parada para atender solicitudes, as cales permiten prestar 848.999 de desprazamentos baixo demanda ao ano.

As reservas de viaxes pódense facer a través da páxina de bus.gal, a APP de transporte público ou mediante unha chamada telefónica ata as 19 horas do día anterior ao que se desexa viaxar.

A Dirección Xeral de Mobilidade estableceu un sistema centralizado na páxina bus.gal de reserva directa das prazas para atender as peticións de servizo como sistema prioritario. Ademais, estableceuse un sistema complementario mediante unha central de chamadas onde se reciben as solicitudes de todas as persoas de calquera provincia dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, en horario limitado de 8 a 20 horas de luns a venres.

A oferta de paradas baixo demanda está dispoñible na páxina web bus.gal e, se a persoa usuaria desexa realizar a reserva a través do teléfono, sería recomendable, pero non necesario, consultar previamente as paradas da liña e os horarios de servizo que mellor se adapten ao desprazamento. É importante mencionar que a propia central de chamadas proporcionaría esta información se fose necesario.

A xestión do servizo baixo demanda realízase en coordinación coa empresa concesionaria e os Servizos de Mobilidade das Xefaturas Territoriais de cada provincia.

Dada a constante evolución dos sistemas tecnolóxicos empregados para acceder á información e solicitar as peticións de servizo formuladas polas persoas usuarias, o PTPG tamén contempla a actualización e modernización dos sistemas de xestión do servizo, por iso, define nos pregos das concesións o compromiso que deben asumir as empresas concesionarias para a súa implantación acorde cos modelos de xestión que se lle faciliten desde a Xunta de Galicia.

848.999
SERVIZOS AO ANO BAIXO

22.889
PARADAS BAIXO DEMANDA

2.022
LIÑAS BAIXO DEMANDA



Para garantir un óptimo servizo baixo demanda, o PTPG establece un seguimento constante dos datos de solicitudes destas liñas para resolver de forma inmediata calquera axuste que sexa preciso para atender en menos de 24 horas as peticións de viaxes.

Un aspecto fundamental no deseño das novas concesións refírese á capacidade mínima dos vehículos que realicen expedicións baixo demanda e as regras que rexerán o seu funcionamento.

Non se establece un tamaño mínimo da frota e permítese unha adaptación das unidades a diversos condicionantes relacionados coa prestación deste servizo; por exemplo, naqueles casos que a demanda sexa inferior a nove prazas, autorízanse vehículos de turismo ou de arrendamento de vehículos con condutor (VTC), a condición de que se atopen legalmente habilitados.

Esta novidade incorporada coa renovación das concesións do PTPG foi a aprobación para que o servizo se poida prestar en réxime de colaboración con outras empresas, persoas físicas ou xurídicas, cos vehículos VT ou VTC sempre que estean autorizados.

2.1.1. Oferta total de transporte público

A oferta completa de transporte público por estrada do PTPG viuse incrementada de forma substancial nos últimos anos, chegando en ocasións a duplicar no ano 2020 o servizo de transporte ofrecido no ano 2016, coa entrada das novas concesións do transporte público por estrada de Galicia.

2.1.1.1. Liñas totais

Neste apartado, desagréganse os datos relativos á oferta de liñas en servizo desde o ano 2016 ata finais de xuño de 2021 por provincia, para poder observar a evolución da oferta de servizos ao longo dos últimos anos.

LIÑAS TOTAIS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	TOT	INT	NO INT	TOT	INT	NO INT	TOT	INT	NO INT	TOT	INT	NO INT
2016	301	0	301	95	0	95	249	0	249	282	0	282
2017	312	42	270	100	64	36	442	246	196	299	97	202
2018	314	44	270	101	65	36	444	247	197	301	98	203
2019	330	46	284	106	73	33	466	249	217	316	99	217
2020	884	457	427	545	438	107	643	427	216	819	487	332
2021 (30-xuñ)	1.160	634	526	614	491	123	645	430	215	960	654	306

Á vista da táboa anterior, compróbase que, en todas as provincias, o número de liñas dispoñibles para as persoas usuarias no ano 2021, como mínimo, duplicouse, en comparación con 2016, chegando a ser ata seis veces superior na provincia de Lugo.

Nas catro provincias, tanto o número de liñas integradas como non integradas foise incrementando ao longo destes últimos anos, especialmente no ano 2020 coa posta en marcha das novas concesións de transporte público.

Destaca especialmente a provincia de Ourense en comparación co resto das liñas pertencentes ás outras provincias, xa que nesta provincia se incrementaron na súa gran maioría no ano 2017 co proceso de integración levado a cabo coas concesións postas en marcha durante ese ano.

2.1.1.2. Paradas totais

Neste apartado, desagréganse os datos relativos á oferta de paradas totais activas ao longo do período entre o ano 2016 e o mes de xuño de 2021 para cada unha das provincias.

PARADAS TOTAIS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT
2016	8.930	0	8.930	1.852	0	1.852	3.290	0	3.290	6.485	0	6.485
2017	11.238	419	10.819	1.949	474	1.475	5.570	1.647	3.922	6.899	652	6.247
2018	11.352	523	10.829	1.969	879	1.090	5.626	1.847	3.779	6.969	859	6.110
2019	11.920	669	11.251	2.067	1.176	891	5.907	2.493	3.414	7.317	1.169	6.148
2020	20.213	5.014	15.199	8.116	5.018	3.098	7.813	4.022	3.791	13.128	4.388	8.740
2021 (30-xuñ)	21.345	6.786	14.559	8.296	5.660	2.636	7.979	4.229	3.750	13.854	6.159	7.695

No que respecta a puntos de parada, obsérvase un incremento constante ao longo deste últimos cinco anos. Nas provincias da Coruña e Pontevedra produciuse un incremento de case o dobre desde 2017 a 2020. Na provincia de Lugo, o incremento de paradas cuadruplicouse desde 2016 a 2021. Porén, na provincia de Ourense o incremento de paradas produciuse en dúas fases diferenciadas, un primeiro incremento coa integración realizada no ano 2017 e outra no ano 2020 coa posta en marcha dos novos contratos de concesión de transporte.

2.1.1.3. Servizos totais

Neste apartado, preséntase a información relativa ao número total de viaxes realizadas ao ano desde 2016 ata o mes de xuño de 2021, que é o período elixido para poder observar a evolución da oferta de servizos.

SERVIZOS TOTAIS (UDS./ANO)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT	TOT	INT	NON INT
2016	686.871	0	686.871	72.639	0	72.639	131.194	0	131.194	298.545	0	298.545
2017	711.783	13.929	697.854	76.462	27.574	48.888	270.796	140.546	130.250	317.601	41.215	276.385
2018	718.973	17.535	701.438	77.234	27.853	49.381	273.531	152.268	121.263	320.809	42.036	278.773
2019	754.922	18.306	736.616	81.096	29.885	51.211	287.208	156.069	131.139	336.849	45.022	291.827
2020	1.142.950	201.972	940.978	249.223	147.880	101.343	299.976	172.945	127.031	675.166	278.351	396.815
2021 (30-xuñ)	1.110.930	278.749	832.181	248.504	165.659	82.845	295.484	170.404	125.080	669.178	273.766	395.412

Pódese observar como a evolución da oferta de servizos totais é proporcional ao incremento do número de liñas que se realizou desde 2016 ata a posta en marcha do PTPG no ano 2020.

Coa incorporación dunha maior e mellor oferta, os servizos incrementáronse bruscamente no ano 2020 coa posta en marcha do PTPG, pero na provincia de Ourense realizouse xa un proceso de integración e remodelación das liñas no ano 2017 coa posta en marcha das anteriores concesións, que foron substituídas polas novas no ano 2020.

Desde o ano 2017 ata xuño do ano 2021, destaca o incremento de servizos na provincia de Pontevedra, na cal se duplicaron os servizos, e na provincia de Lugo especialmente, por ser a provincia en proporción que máis servizos gañou, xa que se triplicaron os mesmos desde o ano 2016.

2.1.2. Servizos de transporte integrados ou compartidos

O primeiro proceso de integración das persoas usuarias na modalidade de "servizos de transporte integrados ou compartidos", que se define como unha oferta mixta de escolares e usuarios/as de servizos xerais, produciuse no ano 2017 coa posta en marcha das accións de transición entre as antigas concesións e as actuais que conforman o PTPG.

En xuño de 2021, Galicia contaba con 2.209 liñas de transporte compartido que presta servizo a escolares en todo o territorio, ademais de usuarios/as xerais. En cada provincia galega existen como mínimo 400 liñas desta modalidade.

Ademais, os servizos integrados ou compartidos pódense dividir en servizos fixos (FIX) ou servizos baixo demanda (DDA), información relevante para observar a evolución da oferta de servizos durante este período de tempo.

2.1.2.1. Liñas integradas ou compartidas

A continuación, desagréganse os datos relativos á oferta de liñas integradas ou compartidas en servizo desde o ano 2016 ata a posta en marcha do PTPG en cada provincia, co fin de poder observar a evolución da oferta de servizos.

LIÑAS INTEGRADAS OU COMPARTIDAS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA
2016	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2017	42	40	2	64	55	9	246	36	210	97	85	12
2018	44	40	4	65	56	9	247	39	208	98	85	13
2019	46	41	5	73	63	10	249	39	210	99	86	13
2020	457	33	424	438	87	351	427	176	251	487	4	483
2021 (30-xuñ)	634	40	594	491	75	416	430	139	291	654	107	547

Obsérvase na táboa anterior como o número de liñas integradas en servizo se foi incrementando ao longo deste últimos cinco anos, destacando un maior aumento das mesmas no ano 2020 coa posta en marcha do PTPG.

Porén, en todas as provincias o maior incremento prodúcese coa entrada do PTPG, excepto na provincia de Ourense, que xa se incrementaran as liñas nun primeiro proceso de integración realizado en 2017.

Á vista dos datos indicados na táboa, pódese comprobar como nas provincias de **Lugo, A Coruña e Pontevedra**, o número de liñas integradas ou compartidas fixas era maior que as liñas integradas ou compartidas baixo demanda. Coa posta en marcha do PTPG, evolucionase no proceso de integración, pasando a ter paradas a demanda nas liñas integradas que son utilizadas polos usuarios/as xerais. Isto provoca que, en xuño do 2021, o número de liñas integradas ou compartidas baixo demanda sexan moi superiores ás liñas integradas fixas, que só son utilizadas por escolares na súa gran maioría.

Pola contra, **en Ourense, coa posta en marcha do proceso de integración en 2017 transformouse a oferta de servizos de transporte público en toda a provincia, sendo incrementada no ano 2020 outra parte de contratos escolares de educación.** Non obstante, é a provincia con menos liñas integradas en comparación co resto das provincias galegas.

2.1.2.2. Paradas integradas ou compartidas

Neste apartado, desagréganse os datos relativos á oferta de paradas integradas activas ao longo do período entre o ano 2016 e o mes de xuño de 2021 para cada unha da provincias.

PARADAS INTEGRADAS OU COMPARTIDAS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA
2016	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2017	419	344	75	474	350	124	1.647	160	1.487	652	508	144
2018	523	443	80	879	742	137	1.847	292	1.555	859	682	177
2019	669	585	84	1.176	1.018	158	2.493	437	2.056	1.169	977	192
2020	5.014	478	4.536	5.018	1.071	3.947	4.022	1.483	2.539	4.388	840	3.548
2021 (30-xuñ)	6.786	536	6.250	5.660	975	4.685	4.229	1.270	2.959	6.159	1.049	5.110

Como é lóxico, ao incrementarse a oferta de servizos integrados ou compartidos, aumentouse tamén o número de paradas integradas, é dicir, os puntos de recollida aos que acoden os escolares con dereito á reserva de praza para trasladarse ao centro escolar público que lles corresponde no transporte público.

De novo, pódese evidenciar como a oferta de paradas integradas en Ourense experimentou unha transformación co inicio do proceso de integración en 2017, xa que a oferta de pasou de 0 a 1.647 o primeiro ano, e co último proceso de integración no ano 2020 establecéronse máis de 4 mil puntos en toda a provincia.

Pola contra, no resto das provincias, Lugo, Pontevedra e A Coruña, as paradas integradas incrementáronse en maior medida coa posta en marcha das novas concesións no 2020.

A rede de paradas que atenden as liñas integradas ou compartidas en toda Galicia excede os 6.500 puntos na Coruña, 5.500 puntos en Lugo, 4 mil puntos en Ourense e 6 mil puntos en Pontevedra.

2.1.2.3. Servizos integrados ou compartidos

Neste apartado, preséntase a información relativa ao número total de viaxes integradas ou compartidas realizadas ao ano desde 2016 ata o mes de xuño de 2021, que é o período elixido para poder observar a evolución da oferta de servizos.

SERVIZOS INTEGRADOS OU COMPARTIDOS (UDS./ANO)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA	INT	FIX	DDA
2016	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2017	13.929	12.672	1.257	27.574	23.577	3.997	140.546	5.103	135.443	41.215	36.540	4.675
2018	17.535	16.247	1.288	27.853	23.695	4.158	152.268	13.793	138.475	42.036	36.822	5.214
2019	18.306	16.984	1.322	29.885	25.443	4.442	156.069	14.876	141.193	45.022	39.060	5.962
2020	201.972	12.927	189.045	147.880	29.490	118.390	172.945	67.391	105.554	278.351	34.672	243.679
2021 (30-xuñ)	278.749	14.453	264.296	165.659	23.135	142.524	170.404	50.645	119.759	273.766	35.651	238.115

Como podemos observar na táboa anterior, **nas provincias da Coruña e Lugo**, desde o ano 2016 o número de servizos ou viaxes ao ano incrementouse notablemente, sendo o aumento maior no ano 2020 coa posta en marcha do PTPG.

Nas provincias de Ourense e Pontevedra, os datos ofrecen un incremento constante dos servizos integrados ou compartidos ata o ano 2020 e posteriormente un decrecemento dos mesmos ata xuño de 2021. Isto é debido principalmente á menor oferta de escolares en ambas as provincias desde o ano 2020. O decrecemento foi pequeno, en comparación ao incremento da oferta producido ata o ano 2020.

Un dos obxectivos do PTPG é que ningún estudante quede sen transporte público para dirixirse ao seu centro escolar coa modalidade do bus compartido en Galicia.

En xuño de 2021 realizáronse máis de 250.000 desprazamentos de escolares en transporte integrado ou compartido nas provincias da Coruña e Pontevedra. Nas provincias de Lugo e Ourense, realizáronse máis de 150.000 desprazamentos.

Coa posta en marcha do PTPG, o número de servizos integrados ou compartidos a demanda son maiores que o número de servizos integrados ou compartidos fixos, precisamente para cumprir co proceso de integración e dar servizo a usuarios/as xerais coa modalidade de bus compartido.

2.1.3. Servizos de transporte non integrados

Con respecto aos servizos de transporte non integrados, a partir do ano 2017 coa posta en marcha das accións de transición entre as antigas concesións e as actuais que conforman o PTPG, os servizos de transporte totais dividíronse en servizos de transporte integrados, que se indicaron no apartado anterior, e **os servizos de transporte non integrados.**

En xuño de 2021, Galicia contaba con 1.170 liñas de transporte non integrado que prestaba servizo aos usuarios/as xerais en todo o territorio.

Ademais, de forma homóloga aos servizos integrados ou compartidos, os servizos non integrados divídense en servizos fixos ou servizos baixo demanda, o que nos permite observar con maior detalle a evolución da oferta de servizos durante este período de tempo.

2.1.3.1. Liñas non integradas

Neste apartado, desagréganse os datos relativos á oferta de liñas non integradas en servizo desde o ano 2016 ata a posta en marcha do PTPG por cada provincia, para poder observar a evolución da oferta de servizos.

LIÑAS NON INTEGRADAS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	NON	FIJ	DDA	NO INT	FIJ	DDA	NO INT	FIJ	DDA	NO INT	FIJ	DDA
2016	INT	FIX	DDA	NON	95	0	249	249	0	282	282	0
2017	INT	FIX	DDA	NON	4	32	196	65	131	202	186	16
2018	INT	FIX	DDA	NON	6	30	197	65	132	203	185	18
2019	INT	FIX	DDA	33	3	30	217	67	150	217	194	23
2020	427	406	21	107	90	17	216	156	60	332	327	5
2021 (30-xuñ)	526	477	49	123	96	27	215	140	75	306	283	23

Na táboa anterior obsérvase como o número de liñas non integradas en servizo se foi incrementando paulatinamente ao longo destes últimos cinco anos, destacando un maior aumento destas no ano 2020 coa posta en marcha do PTPG.

Non obstante, en todas as provincias o maior incremento prodúcese coa entrada do PTPG, excepto na provincia de Ourense, onde xa se incrementaran as liñas nun primeiro proceso de renovación dos servizos realizado en 2017.

Cabe destacar que no 2017 se produce unha redución das liñas non integradas debido á unificación de liñas nun primeiro proceso de unificación e renovación destas. Se comparamos a oferta actual coa de anos atrás, coa posta en marcha do PTPG o número de liñas non integradas incrementouse substancialmente, especialmente as liñas non integradas fixas.

2.1.3.2. Paradas non integradas

A continuación, desagréganse os datos relativos á oferta de paradas non integradas activas ao longo do período entre o ano 2016 e o mes de xuño de 2021 para cada unha das provincias.

PARADAS NON INTEGRADAS (UD.)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA
2016	8.930	8.930	0	1.852	1.852	0	3.290	3.290	0	6.485	6.485	0
2017	10.819	10.207	612	1.475	914	561	3.922	2.000	1.922	6.247	5.859	388
2018	10.829	10.161	668	1.090	492	598	3.779	2.013	1.766	6.110	5.715	395
2019	11.251	10.461	790	891	233	658	3.414	1.724	1.690	6.148	5.771	377
2020	10.726	10.242	484	2.318	2.053	265	3.754	2.694	1.060	7.251	7.152	99
2021 (30-xuñ)	14.546	13.092	1.454	2.636	2.128	508	3.750	2.444	1.306	7.695	7.078	617

O proceso de activación de paradas non integradas, as cales dependen especialmente da demanda das persoas usuarias, incrementouse paulatinamente ao longo deste cinco anos. Non foi un incremento tan grande coma no caso das paradas integradas debido aos procesos de integración, pero aumentáronse paradas especialmente coa posta en marcha do PTPG en 2020 co obxectivo principal de ofrecer un mellor servizo.

As provincias onde máis paradas se incrementaron foron A Coruña e Pontevedra, seguidas de Lugo e minimamente en Ourense, xa que foi a provincia con menos modificacións ao longo de todo este tempo. A rede de paradas que atenden as liñas non integradas en toda Galicia excede os 14 mil puntos de parada na Coruña, 2.500 puntos en Lugo, 3.700 puntos en Ourense e 7.500 puntos en Pontevedra.

2.1.3.3. Servizos non integrados

Por último, preséntase a información relativa ao número total de viaxes non integradas realizados ao ano desde 2016 ata o mes de xuño de 2021, que é o período elixido para observar a evolución da oferta de servizos.

SERVIZOS NON INTEGRADOS (UDS./ANO)

ANO	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA	NON INT	FIX	DDA
2016	686.871	686.871	0	72.639	72.639	0	131.194	131.194	0	298.545	298.545	0
2017	697.854	681.158	16.696	48.888	30.902	17.986	130.250	47.125	83.125	276.385	265.510	10.875
2018	701.438	683.796	17.642	49.381	31.167	18.214	121.263	39.999	81.264	278.773	266.789	11.984
2019	736.616	715.878	20.738	51.211	32.696	18.515	131.139	47.527	83.612	291.827	279.523	12.304
2020	787.291	776.774	10.517	70.218	64.683	5.535	126.720	104.187	22.533	396.815	387.131	9.684
2021 (30-xuñ)	832.181	796.718	35.463	82.845	73.968	8.877	125.080	98.319	26.761	395.412	382.208	13.204

Na táboa anterior obsérvase como o número de liñas non integradas en servizo se foi incrementando progresivamente ao longo deste últimos cinco anos en todas as provincias excepto na provincia de Ourense, que diminuíron por diversos procesos de reestruturación e unificación de servizos ao longo deste último ano.

Ademais, a diminución de servizos non integrados en Ourense obedece aos criterios seguidos na planificación dos servizos, convertendo en servizos integrados ou compartidos aqueles que anteriormente eran non integrados. **Esta é unha das liñas de actuación seguidas no Plan.**

O transporte compartido é unha solución para garantir o acceso á rede de transporte público a zonas por onde xa circula o transporte escolar.

Cabe destacar que, en todas as provincias, o número de servizos non integrados fixos é moito maior que os servizos non integrados a demanda.

2.2. Oferta de servizos no período da memoria anual: xullo de 2020 a xuño de 2021

Os datos presentados anteriormente móstrannos a situación e distribución dos servizos de transporte público en Galicia antes da implantación do PTPG e os servizos en marcha a 30 de xuño de 2021.

A análise cuantitativa dos resultados conseguidos coa implantación do PTPG complétase cunha avaliación cualitativa do escenario que propiciou tales resultados.

Nos próximos apartados, realizaranse distintas análises a nivel de servizos na totalidade da Comunidade Autónoma de Galicia, a nivel das catro provincias e a nivel das Áreas de Transporte Metropolitano, afondando así na análise da evolución da oferta de servizos que fan referencia ao período de estudo desta memoria, desde o mes de xullo de 2020 ao mes de xuño de 2021.

Ademais, realizarase unha análise dos servizos a nivel comarcal, que se presentará nun anexo á memoria.

2.2.1. Oferta de transporte público en Galicia

Do mesmo xeito que nos puntos anteriores, neste apartado analizarase a evolución mensual da oferta de servizos diferenciados por cada tipoloxía de servizos que ofrece o PTPG en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos preséntanse da mesma forma que no apartado anterior, dunha banda, a oferta total de servizos, e doutra, os servizos integrados ou compartidos e os non integrados, que á súa vez se dividen en servizos fixos e servizos a demanda.

2.2.1.1. Oferta de transporte público total

En consonancia cos apartados anteriores, preséntase unha análise dos datos totais de oferta para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e os km/ano percorridos por todo o transporte público por estrada en Galicia no período de análise da memoria.




TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
GALICIA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR
2020	07	**1.936**	964	972	**33.637**	9.803	23.834	**1.475.866**	80.544	1.395.322	**41.122.030**	1.591.203	39.530.827
	08	**1.823**	849	974	**32.297**	8.815	23.482	**1.319.228**	76.075	1.243.153	**38.432.403**	1.446.637	36.985.766
	09	**2.881**	1.805	1.076	**42.200**	18.235	23.965	**2.185.830**	750.538	1.435.292	**54.345.239**	13.009.923	41.335.316
	10	**2.891**	1.808	1.083	**42.343**	18.315	24.028	**2.188.402**	750.666	1.437.736	**54.412.384**	13.065.653	41.346.731
	11	**2.891**	1.809	1.082	**42.491**	18.442	24.049	**2.187.687**	750.353	1.437.334	**54.413.247**	13.092.769	41.320.478
	12	**3.293**	2.173	1.120	**49.270**	22.001	27.269	**2.367.315**	900.293	1.467.022	**58.495.245**	15.171.199	43.324.046
2021	01	**3.301**	2.175	1.126	**49.465**	22.067	27.398	**2.361.870**	898.750	1.463.120	**57.977.464**	15.160.644	42.816.820
	02	**3.312**	2.173	1.139	**49.688**	22.112	27.576	**2.301.844**	895.854	1.405.990	**56.923.629**	15.159.688	41.763.941
	03	**3.329**	2.184	1.145	**50.155**	22.347	27.808	**2.300.351**	894.213	1.406.138	**56.770.673**	15.017.304	41.753.369
	04	**3.332**	2.189	1.143	**50.392**	22.626	27.766	**2.306.676**	890.447	1.416.229	**56.826.198**	15.118.718	41.707.480
	05	**3.360**	2.197	1.163	**51.183**	22.800	28.383	**2.323.698**	888.788	1.434.910	**57.226.260**	14.935.945	42.290.315
	06	**3.379**	2.209	1.170	**51.461**	22.834	28.627	**2.324.096**	888.678	1.435.418	**57.044.798**	14.908.192	42.136.606

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público total en cómputo anual mes a mes, para ter en conta os incrementos de servizos novos e as modificacións de oferta.

Pódese observar como a oferta de transporte público en canto a liñas se foi incrementando nos últimos 12 meses. Prodúcense dous picos en canto ao incrementos de servizos, nos meses de setembro e decembro, que son os meses de posta en marcha dos contratos de concesión da fase II do PTPG.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL - LIÑAS (UDS.)




Tanto o número de paradas coma o de servizos e veh-km son proporcionais ao incremento das liñas de transporte público por estrada, polo que a oferta de servizos se incrementou nun 6% desde setembro de 2020 a xuño de 2021. Nos meses de xullo e agosto a oferta de servizos é menor por seren dous meses non lectivos.

Obsérvase na gráfica como o número de liñas integradas é maior que as liñas non integradas. Con todo, o número de paradas, servizos e veh-km anuais é superior nas liñas non integradas que nas integradas, debido á lonxitude das mesmas e ás frecuencias que se atenden.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte incrementouse en torno ao 6,3% nestes 12 meses, sufrindo dous incrementos importantes a nivel de servizos en setembro e decembro, ata alcanzar os máis de 2,3 millóns de servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 3 mil liñas dando servizo a máis de 50 mil paradas.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL - SERVIZOS (UDS. ANO)



2.2.1.2. Oferta de transporte público integrado ou compartido

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos.


A oferta anual de servizos integrados inclúe a reserva de praza para alumnado que equivale a máis de 16 millóns de viaxes reservadas para escolares en todo o ano, o que supón o desprazamento de máis de 47.000 alumnos/as diarios.

Con respecto á táboa seguinte, que aparezan expedicións integradas ou compartidas en xullo e agosto débese a que son servizos que realmente non son integrados pero que dan continuidade en período estival ás liñas que se prestan como tales o resto do ano, e por tanto, séguese a mesma configuración.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO													
GALICIA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH. KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**964**	134	830	**9.803**	1.256	8.547	**80.544**	8.972	71.572	**1.591.203**	160.342	1.430.861
	08	**849**	98	751	**8.815**	983	7.832	**76.075**	11.324	64.751	**1.446.637**	145.218	1.301.419
	09	**1.805**	305	1.500	**18.235**	3.121	15.114	**750.538**	113.660	636.878	**13.009.923**	2018.054	10.991.869
	10	**1.808**	300	1.508	**18.315**	3.079	15.236	**750.666**	111.591	639.075	**13.065.653**	1.990.233	11.075.420
	11	**1.809**	300	1.509	**18.442**	3.080	15.362	**750.353**	111.207	639.146	**13.092.769**	1.963.559	11.129.210
	12	**2.173**	387	1.786	**22.001**	3.881	18.120	**900.293**	140.864	759.429	**15.171.199**	2.321.350	12.849.849
2021	01	**2.175**	388	1.787	**22.067**	3.900	18.167	**898.750**	141.218	757.532	**15.160.644**	2.336.492	12.824.152
	02	**2.173**	382	1.791	**22.112**	3.862	18.250	**895.854**	138.861	756.993	**15.159.688**	2.309.411	12.850.277
	03	**2.184**	385	1.799	**22.347**	3.858	18.489	**894.213**	139.302	754.911	**15.017.304**	2.301.060	12.716.244
	04	**2.189**	364	1.825	**22.626**	3.768	18.858	**890.447**	130.559	759.888	**15.118.718**	2.302.110	12.816.608
	05	**2.197**	378	1.819	**22.800**	3.932	18.868	**888.788**	130.512	758.276	**14.935.945**	2.133.162	12.802.783
	06	**2.209**	361	1.848	**22.834**	3.830	19.004	**888.678**	123.984	764.694	**14.908.192**	2.072.346	12.835.846

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual mes a mes, para ter en conta os incrementos de servizos novos e a modificación dos servizos.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO - LIÑAS (UDS.)




Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido en canto a liñas se foi incrementando nos últimos 12 meses.

Nos meses de posta en marcha de novos servizos, prodúcense incrementos máis notables en comparación co resto dos meses. Destaca que nos meses de xullo e agosto si que existen servizos compartidos, froito da integración de servizos realizada coa posta en marcha do PTPG. Nestes meses non lectivos, os servizos que se realizan son menores, pero son liñas integradas que dan servizo en tempada non lectiva, para non deixar de prestar os servizos compartidos existentes en tempada lectiva escolar.

A maioría dos servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva como en tempada non lectiva, son servizos a demanda.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO - SERVIZOS (UDS. ANO)



Por tanto, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido incrementouse en torno ao 18,4% neste período, sufrindo dous incrementos importantes a nivel de servizos en setembro e decembro, ata alcanzar os máis de 850 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 2 mil liñas dando servizo a máis de 22 mil paradas.



2.2.1.3. Oferta de transporte público non integrado


Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos de transporte público non integrado para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e os km/ano percorridos por todos estes servizos regulares que dan servizo a toda Galicia.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO

GALICIA


ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	**TOTAL NON INTEGR**	FIXAS	A DEMAND	**TOTAL NON INTEGR**	FIXOS	A DEMAND	**TOTAL**	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**972**	886	86	**23.834**	22.275	1.559	**1.395.322**	1.360.415	34.907	**39.530.827**	37.853.556	1.677.271
	08	**974**	862	112	**23.482**	21.758	1.724	**1.243.153**	1.205.354	37.799	**36.985.766**	35.346.420	1.639.346
	09	**1.076**	976	100	**23.965**	22.137	1.828	**1.435.292**	1.393.603	41.689	**41.335.316**	39.482.778	1.852.538
	10	**1.083**	979	104	**24.028**	22.115	1.913	**1.437.736**	1.394.449	43.287	**41.346.731**	39.409.124	1.937.607
	11	**1.082**	979	103	**24.049**	22.141	1.908	**1.437.334**	1.394.743	42.591	**41.320.478**	39.438.851	1.881.627
	12	**1.120**	1.002	118	**27.269**	24.815	2.454	**1.467.022**	1.408.542	58.480	**43.324.046**	40.548.306	2.775.740
2021	01	**1.126**	999	127	**27.398**	24.737	2.661	**1.463.120**	1.400.035	63.085	**42.816.820**	39.942.362	2.874.458
	02	**1.139**	1.007	132	**27.576**	24.811	2.765	**1.405.990**	1.340.275	65.715	**41.763.941**	38.786.222	2.977.719
	03	**1.145**	1.012	133	**27.808**	25.028	2.780	**1.406.138**	1.339.388	66.750	**41.753.369**	38.742.950	3.010.419
	04	**1.143**	1.006	137	**27.766**	24.909	2.857	**1.416.229**	1.347.472	68.757	**41.707.480**	38.645.435	3.062.045
	05	**1.163**	1.018	145	**28.383**	25.264	3.119	**1.434.910**	1.363.926	70.984	**42.290.315**	39.046.521	3.243.794
	06	**1.170**	1.017	153	**28.627**	25.209	3.418	**1.435.418**	1.360.599	74.819	**42.136.606**	38.691.241	3.445.365

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público non integrado en cómputo anual mes a mes.



Pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en canto a liñas se foi incrementando no período analizado, pero de forma máis paulatina que as liñas integradas. Neste sentido, non se produciron incrementos tan marcados nos meses de posta en marcha das concesións de fase II do PTPG, senón que as liñas non integradas marcan unha tendencia continuísta no tempo.

Unha gran parte dos servizos non integrados son servizos fixos, aínda que os servizos a demanda se van incrementando cada vez máis. Desde xullo de 2020 a xuño de 2021 incrementáronse os servizos non integrados a demanda nun 114%, a diferenza dos servizos fixos, que se incrementaron nos últimos 12 meses un 11,4%.



Por tanto, a oferta de servizos de transporte público non integrado incrementouse ata alcanzar os máis de 1,4 millóns de servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de mil liñas dando servizo a máis de 28 mil paradas.

2.2.2. Oferta de transporte público por provincia

Neste apartado mostraranse os datos da oferta de servizos de transporte público por estrada diferenciados por provincias no período que abarca a memoria anual, é dicir, desde xullo de 2020 ata xuño de 2021.

A información dispoñible de cada modalidade de transporte que se presenta a continuación reflicte os datos de:

- Número de liñas que prestan servizo a cada provincia
- Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos.
- Evolución do número de servizos que prestan un mellor servizo á poboación.
- Km/ano realizados na oferta de servizos de cada provincia.

2.2.2.1. Provincia da Coruña

- Oferta de transporte público total

A continuación, preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e os km/ano percorridos por todos estes servizos de transporte que están adscritos á provincia da Coruña.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL												
A CORUÑA												
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR	**TOTAL**	INTEGR	NON INTEGR
2020	07	**555**	155	400	**13.378**	1.437	11.941	**835.184**	15.428	819.756	**23.089.173**	300.797	22.788.376
	08	**556**	155	401	**13.398**	1.437	11.961	**834.602**	15.412	819.190	**23.066.323**	295.017	22.771.306
	09	**884**	457	427	**15.710**	4.998	10.712	**988.822**	202.033	786.789	**26.418.972**	3.440.230	22.978.742
	10	**884**	457	427	**15.723**	5.009	10.714	**989.334**	202.043	787.291	**26.444.692**	3.441.229	23.003.463
	11	**884**	457	427	**15.740**	5.014	10.726	**989.263**	201.972	787.291	**26.460.112**	3.442.112	23.018.000
	12	**1.111**	628	483	**20.213**	6.841	13.372	**1.142.950**	282.729	860.221	**29.308.294**	4.470.345	24.837.949
2021	01	**1.115**	628	487	**20.328**	6.853	13.475	**1.133.606**	280.831	852.775	**28.670.520**	4.449.839	24.220.681
	02	**1.130**	628	502	**20.732**	6.856	13.876	**1.085.887**	278.712	807.175	**28.070.695**	4.426.099	23.644.596
	03	**1.133**	628	505	**20.826**	6.856	13.970	**1.084.887**	278.490	806.397	**28.017.235**	4.421.502	23.595.733
	04	**1.136**	628	508	**20.868**	6.856	14.012	**1.098.756**	278.490	820.266	**28.232.825**	4.421.502	23.811.323
	05	**1.148**	628	520	**21.191**	6.861	14.330	**1.110.515**	278.490	832.025	**28.368.973**	4.424.890	23.944.083
	06	**1.160**	634	526	**21.332**	6.786	14.546	**1.110.930**	278.849	832.081	**28.164.229**	4.403.393	23.760.836

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público total en cómputo anual mes a mes na provincia da Coruña, tendo en conta todas as concesións vixentes en cada un dos meses respectivos, é dicir, no ano 2020 tivéronse en conta todas as concesións "V e XG5xx" que prestaban servizo.


Débese destacar que a provincia da Coruña é a provincia con máis servizos de transporte público en Galicia, como así o reflicten os datos da oferta, debido a, principalmente, a maior necesidade de desprazamento en transporte público por ser unha zona densamente poboada e con mobilidade recorrente das persoas usuarias.

En xuño de 2021, na provincia da Coruña rexistráronse un total, en cómputo anual, de 1.110.930 servizos totais de transporte público, dos cales 278.849 trátanse de servizos integrados ou compartidos e 832.081, de servizos non compartidos con escolares.

En canto ás liñas totais no ámbito da Coruña, o incremento foi evidente, pasando de ter 884 liñas no mes de setembro de 2020 a 1.160 liñas en xuño de 2021. Non se comparan as liñas de xullo e agosto, por seren ambos os meses non lectivos, e nos que, loxicamente, os servizos se reducen ao diminuír a oferta de servizos compartidos con escolares.

Na provincia da Coruña, o número de liñas integradas ou compartidas é maior que o das liñas non integradas, pero se falamos de servizos, resulta superior o número dos servizos non integrados por teren maiores frecuencias.

No seguinte mapa pódense ver reflectidas as liñas no ano 2016 e as liñas en xuño de 2021.



Os principais núcleos de poboación estaban conectados con liñas que cubrían traxectos entre eles, pero, pola contra, naqueles puntos da provincia máis illados e distantes das zonas urbanas, non se rexistraba ningún servizo de transporte público.

En xuño de 2021, apréciase o incremento da rede de transporte público na provincia da Coruña, co que se ampliou a cobertura con novas liñas. Tamén se pode apreciar o aumento de liñas de servizo cara ás provincias limítrofes para a conexión de toda a rede na comunidade.

Polo tanto, dos 23 millóns de veh.km ao ano realizados en xullo de 2020, pasáronse a 28 millóns de veh.km ao ano, seis meses despois de finalizar a segunda fase de implantación do PTPG en Galicia.

Por último, en canto ao número de paradas, resalta o importante incremento de puntos de parada dispoñibles coa posta en marcha do PTPG. En xuño de 2021 contábase con máis de 21 mil paradas activas na provincia da Coruña.

- Oferta de transporte público integrado ou compartido

A continuación, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos compartidos na provincia da Coruña.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO

A CORUÑA

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**155**	3	152	**1.437**	47	1.390	**15.428**	915	14.513	**300.797**	11.312	289.485
	08	**155**	3	152	**1.437**	47	1.390	**15.412**	931	14.481	**295.017**	13.910	281.107
	09	**457**	33	424	**4.998**	478	4.520	**202.033**	12.993	189.040	**3.440.230**	198.144	3.242.086
	10	**457**	33	424	**5.009**	478	4.531	**202.043**	12.998	189.045	**3.441.229**	198.303	3.242.926
	11	**457**	33	424	**5.014**	478	4.536	**201.972**	12.927	189.045	**3.442.112**	197.383	3.244.729
	12	**628**	41	587	**6.841**	555	6.286	**282.729**	14.977	267.752	**4.470.345**	234.270	4.236.075
2021	01	**628**	41	587	**6.853**	555	6.298	**280.831**	14.977	265.854	**4.449.839**	234.271	4.215.568
	02	**628**	40	588	**6.856**	536	6.320	**278.712**	14.553	264.159	**4.426.099**	223.826	4.202.273
	03	**628**	40	588	**6.856**	536	6.320	**278.490**	14.553	263.937	**4.421.502**	223.827	4.197.675
	04	**628**	40	588	**6.856**	536	6.320	**278.490**	14.553	263.937	**4.421.502**	223.827	4.197.675
	05	**628**	40	588	**6.861**	536	6.325	**278.490**	14.553	263.937	**4.424.890**	223.826	4.201.064
	06	**634**	40	594	**6.786**	536	6.250	**278.849**	14.553	264.296	**4.403.393**	223.827	4.179.566

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual mes a mes na provincia da Coruña.

Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido en canto a liñas da provincia da Coruña se foi incrementando nos últimos 12 meses, na mesma tónica que o resto das provincias, pero nesta provincia si que se viu un incremento de servizos nos meses de setembro e decembro coa renovación das novas concesións do PTPG.

Destaca que, nos meses de xullo e agosto, si que existen servizos compartidos, froito da integración de servizos realizada coa posta en marcha do PTPG. Nestes meses non lectivos, os servizos que se realizan son menores, pero son liñas integradas que dan servizo en tempada non lectiva, para non deixar de prestar os servizos compartidos existentes en tempada lectiva escolar.

A maioría dos servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva como en tempada non lectiva, son servizos baixo demanda.

Polo tanto, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia da Coruña incrementouse nun 38% desde o mes de setembro de 2020, ata alcanzar os máis de 270 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 600 liñas dando servizo a máis de 6 mil paradas na provincia da Coruña.

- Oferta de transporte público non integrado

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de transporte público non integrado para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos regulares na provincia da Coruña.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO

A CORUÑA

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**400**	388	12	**11.941**	11.717	224	**819.756**	814.161	5.595	**22.788.376**	22.635.525	152.851
	08	**401**	387	14	**11.961**	11.689	272	**819.190**	812.391	6.799	**22.771.306**	22.583.469	187.837
	09	**427**	408	19	**10.712**	10.302	410	**786.789**	777.778	9.011	**22.978.742**	22.719.806	258.936
	10	**427**	406	21	**10.714**	10.230	484	**787.291**	776.774	10.517	**23.003.463**	22.666.807	336.656
	11	**427**	406	21	**10.726**	10.242	484	**787.291**	776.774	10.517	**23.018.000**	22.681.344	336.656
	12	**483**	456	27	**13.372**	12.695	677	**860.221**	839.491	20.730	**24.837.949**	23.818.573	1.019.376
2021	01	**487**	453	34	**13.475**	12.638	837	**852.775**	828.008	24.767	**24.220.681**	23.128.007	1.092.674
	02	**502**	465	37	**13.876**	12.971	905	**807.175**	781.398	25.777	**23.644.596**	22.519.128	1.125.468
	03	**505**	468	37	**13.970**	13.065	905	**806.397**	780.620	25.777	**23.595.733**	22.470.265	1.125.468
	04	**508**	471	37	**14.012**	13.107	905	**820.266**	794.489	25.777	**23.811.323**	22.685.855	1.125.468
	05	**520**	481	39	**14.330**	13.326	1.004	**832.025**	806.499	25.526	**23.944.083**	22.839.703	1.104.380
	06	**526**	481	45	**14.546**	13.277	1.269	**832.081**	803.040	29.041	**23.760.836**	22.481.281	1.279.555

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público non integrado en cómputo anual mes a mes na provincia da Coruña, tendo en conta todas as concesións vixentes en cada un dos meses respectivos.

Pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en canto a liñas na provincia da Coruña se foi incrementando no período analizado, pero máis paulatinamente que as liñas integradas.

Neste sentido, o número de servizos só se incrementou nun 1,5% en todo o período da memoria. Os servizos sufriron picos de incremento nos meses de renovación das concesións, pero realizáronse diversas modificacións dos servizos posteriormente que marcan a tendencia continuísta dos mesmos.

Polo tanto, a oferta de servizos de transporte público non integrado incrementouse ata alcanzar os máis de 830 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis medio milleiro de liñas dando servizo a máis de 14 mil paradas.

2.2.2.2. Provincia de Lugo

- Oferta de transporte público total

Neste apartado preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e os km/ano percorridos por todos estes servizos de transporte que están adscritos á provincia de Lugo.

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público total en cómputo anual mes a mes na provincia de Lugo, tendo en conta todas as concesións vixentes

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL												
LUGO												
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS(UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR
2020	07	**379**	289	90	**5.200**	3.066	5.169	**81.993**	21.109	60.884	**4.211.042**	456.632	3.754.410
	08	**354**	268	86	**4.913**	2.863	2.050	**75.776**	19.113	56.663	**3.937.347**	426.588	3.510.759
	09	**537**	434	103	**7.205**	4.925	2.280	**217.826**	147.750	70.076	**7.327.223**	3.287.843	4.039.380
	10	**544**	437	107	**7.269**	4.951	2.318	**217.938**	147.721	70.217	**7.335.300**	3.291.134	4.044.166
	11	**545**	438	107	**7.336**	5.018	2.318	**218.098**	147.880	70.218	**7.353.430**	3.309.266	4.044.164
	12	**606**	487	119	**8.116**	5.526	2.590	**249.223**	165.952	83.271	**8.950.324**	3.732.231	5.218.093
2021	01	**609**	488	121	**8.165**	5.549	2.616	**249.058**	165.953	83.105	**8.930.365**	3.730.122	5.200.243
	02	**608**	488	120	**8.090**	5.578	2.512	**245.642**	165.953	79.689	**8.664.509**	3.738.363	4.926.146
	03	**610**	488	122	**8.219**	5.584	2.635	**245.793**	165.900	79.893	**8.673.915**	3.729.054	4.944.861
	04	**611**	490	121	**8.229**	5.641	2.588	**245.944**	166.630	79.314	**8.642.489**	3.864.248	4.778.241
	05	**612**	489	123	**8.251**	5.611	2.640	**248.530**	165.723	82.807	**8.780.594**	3.723.235	5.057.359
	06	**614**	491	123	**8.296**	5.660	2.636	**248.504**	165.659	82.845	**8.773.209**	3.714.275	5.058.934

en cada un dos meses respectivos, é dicir, no ano 2020 tivéronse en conta todas as concesións "XG5xx" que prestaban servizo na dita provincia.


En xuño de 2021, na provincia de Lugo rexistráronse un total, en cómputo anual, de 248.504 servizos totais de transporte público, dos cales 165.659 trátanse de servizos integrados ou compartidos e 82.845, de servizos non compartidos con escolares.

A provincia de Lugo é, xunto coa de Ourense, a provincia onde a maioría dos servizos son integrados ou compartidos. Ademais, nestas dúas provincias, o número de servizos é moito menor que nas outras dúas, A Coruña e Pontevedra, debido principalmente á poboación atendida e as súas necesidades de transporte.

En canto ás liñas totais no ámbito de Lugo, o incremento foi constante, pasando de ter 537 liñas no mes de setembro de 2020 a 614 liñas en xuño de 2021. Non se comparan as liñas de xullo e agosto, por seren ambos os meses non lectivos, e nos que loxicamente os servizos se reducen ao diminuír a oferta de servizos compartidos con escolares.



No seguinte mapa pódense ver reflectidas as liñas no ano 2016 e as liñas en xuño de 2021.



As liñas do 2016 están superpostas ás liñas do PTPG, para poder visualizar como non se eliminaron liñas que se realizaban anteriormente e se engadiron servizos a maiores. Os principais núcleos de poboación estaban conectados con liñas que cubrían traxectos entre eles, a diferenza doutros puntos da provincia que se atopaban máis illados e distantes das zonas urbanas, nos que non se rexistraban servizos de transporte público.

En xuño de 2021, apréciase o incremento da rede de transporte público na provincia de Lugo, co que se ampliou a cobertura territorial coa posta en marcha de novas liñas que permiten o acceso á rede á poboación lucense. Tamén se pode observar o aumento de liñas de servizo cara ás provincias limítrofes para a conexión de toda a rede na comunidade.

Por tanto, dos máis de 4,5 millóns de veh.km ao ano realizados en xullo de 2020, pasáronse a case 8 millóns de veh.km ao ano, seis meses despois de finalizar a segunda fase de implantación do PTPG en Galicia.

Por último, en canto ao número de paradas, o incremento das mesmas non é tan evidente coma no resto das provincias, pero si que se aumentaron estas coa posta en marcha do PTPG. En xuño de 2021 contábase con máis de 8 mil paradas activas na provincia de Lugo, mil paradas máis que no mes de setembro de 2020.

- Oferta de transporte público integrado ou compartido

A continuación, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos compartidos na provincia de Lugo.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO

LUGO

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**289**	12	277	**3.066**	172	2.894	**21.109**	1.686	19.423	**456.632**	29.150	427.482
	08	**268**	9	259	**2.863**	147	2.716	**19.113**	1.008	18.105	**426.588**	16.823	409.765
	09	**434**	92	342	**4.925**	1.126	3.799	**147.750**	31.562	116.188	**3.287.843**	757.683	2.530.160
	10	**437**	89	348	**4.951**	1.093	3.858	**147.721**	30.615	117.106	**3.291.134**	744.938	2.546.196
	11	**438**	87	351	**5.018**	1.071	3.947	**147.880**	29.490	118.390	**3.309.266**	721.789	2.587.477
	12	**487**	75	412	**5.526**	977	4.549	**165.952**	23.784	142.168	**3.732.231**	601.417	3.130.814
2021	01	**488**	75	413	**5.549**	977	4.572	**165.953**	23.784	142.169	**3.730.122**	601.417	3.128.705
	02	**488**	74	414	**5.578**	975	4.603	**165.953**	23.607	142.346	**3.738.363**	599.877	3.138.486
	03	**488**	74	414	**5.584**	975	4.609	**165.900**	23.607	142.293	**3.729.054**	509.877	3.219.177
	04	**490**	76	414	**5.641**	1.030	4.611	**166.630**	24.514	142.116	**3.864.248**	732.999	3.131.249
	05	**489**	76	413	**5.611**	985	4.626	**165.723**	23.488	142.235	**3.723.235**	564.542	3.158.693
	06	**491**	75	416	**5.660**	975	4.685	**165.659**	23.135	142.524	**3.714.275**	554.403	3.159.872

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual mes a mes na provincia de Lugo.

Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido en canto a liñas da provincia de Lugo se foi incrementando nos últimos 12 meses, na mesma tónica que o resto das provincias, pero en menor medida que na provincia da Coruña e Pontevedra.

Destaca que, nos meses de xullo e agosto, si que existen servizos compartidos, froito da integración de servizos realizada coa posta en marcha do PTPG. Nestes meses non lectivos, os servizos que se realizan son menores, pero son liñas integradas que dan servizo en tempada non lectiva, para non deixar de prestar os servizos compartidos existentes en tempada lectiva escolar.

A maioría dos servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva como en tempada non lectiva, son servizos baixo demanda. Cabe destacar que no período da memoria, o número de liñas integradas fixas diminuíu á conta de que se incrementaron o número de liñas integradas ou compartidas baixo demanda.

Polo tanto, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia de Lugo incrementouse ao redor do 12% desde o mes de setembro de 2020, ata alcanzar os máis de 160 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 490 liñas, dando servizo a máis de 5 mil paradas na provincia de Lugo.

- Oferta de transporte público non integrado

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos non integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos regulares na provincia de Lugo.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO

LUGO

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**90**	74	16	**5.169**	4.906	263	**60.884**	56.719	4.165	**3.754.410**	3.560.822	193.588
	08	**86**	72	14	**2.050**	1.842	208	**56.663**	52.594	4.069	**3.510.759**	3.325.271	185.488
	09	**103**	86	17	**2.280**	2.002	278	**70.076**	64.367	5.709	**4.039.380**	3.787.289	252.091
	10	**107**	90	17	**2.318**	2.053	265	**70.217**	64.682	5.535	**4.044.166**	3.793.130	251.036
	11	**107**	90	17	**2.318**	2.053	265	**70.218**	64.683	5.535	**4.044.164**	3.793.128	251.036
	12	**119**	102	17	**2.590**	2.325	265	**83.271**	77.736	5.535	**5.218.093**	4.967.057	251.036
2021	01	**121**	102	19	**2.616**	2.304	312	**83.105**	77.004	6.101	**5.200.243**	4.924.033	276.210
	02	**120**	101	19	**2.512**	2.200	312	**79.689**	73.588	6.101	**4.926.146**	4.649.936	276.210
	03	**122**	103	19	**2.635**	2.324	311	**79.893**	73.792	6.101	**4.944.861**	4.668.651	276.210
	04	**121**	102	19	**2.588**	2.277	311	**79.314**	73.213	6.101	**4.778.241**	4.502.031	276.210
	05	**123**	98	25	**2.640**	2.166	474	**82.807**	74.302	8.505	**5.057.359**	4.574.803	482.556
	06	**123**	98	25	**2.636**	2.162	474	**82.845**	74.340	8.505	**5.058.934**	4.576.378	482.556

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público non integrado en cómputo anual mes a mes na provincia de Lugo.

Pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en canto a liñas na provincia de Lugo se foi incrementando lentamente no período analizado, pero de forma constante.

Neste sentido, o número de servizos incrementouse un 18,22% en todo o período da memoria. Os servizos sufriron picos de incremento nos meses de renovación das concesións, ademais de realizarse diversas modificacións dos servizos posteriormente que marcan a tendencia continuísta dos mesmos.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte público non integrado alcanzou en xuño de 2021 máis de 82 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 100 liñas, dando servizo a máis de 2 mil paradas.

Destaca que Lugo é a provincia con menos transporte integrado debido principalmente ás pautas de mobilidade e ao número inferior de poboación en comparación coas provincias da Coruña e Pontevedra.

2.2.2.3. Provincia de Ourense

- Oferta de transporte público total

Neste apartado preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos de transporte que están adscritos á provincia de Ourense.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL												
OURENSE												
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR
2020	07	**530**	340	190	**6.646**	3.298	3.348	**119.556**	22.121	97.435	**4.676.229**	462.006	4.214.223
	08	**482**	276	206	**6.226**	2.799	3.427	**110.506**	23.827	86.679	**4.035.068**	424.862	3.610.206
	09	**641**	426	215	**7.667**	3.959	3.708	**299.622**	172.295	127.327	**7.902.995**	3.211.910	4.691.085
	10	**643**	426	217	**7.741**	3.996	3.745	**299.842**	172.719	127.123	**7.937.895**	3.265.254	4.672.641
	11	**643**	427	216	**7.776**	4.022	3.754	**299.665**	172.945	126.720	**7.925.643**	3.293.791	4.631.852
	12	**646**	430	216	**7.813**	4.058	3.755	**299.976**	173.261	126.715	**7.936.762**	3.302.582	4.634.180
2021	01	**647**	431	216	**7.836**	4.081	3.755	**300.332**	173.615	126.717	**7.950.189**	3.315.763	4.634.426
	02	**647**	429	218	**7.819**	4.086	3.733	**299.333**	172.838	126.495	**7.953.710**	3.329.492	4.624.218
	03	**649**	431	218	**7.848**	4.111	3.737	**299.687**	173.192	126.495	**7.960.792**	3.334.323	4.626.469
	04	**640**	426	214	**7.871**	4.167	3.704	**295.250**	170.815	124.435	**7.890.658**	3.338.260	4.552.398
	05	**640**	426	214	**7.882**	4.167	3.715	**295.518**	170.815	124.703	**7.892.743**	3.338.260	4.554.483
	06	**645**	430	215	**7.979**	4.229	3.750	**295.484**	170.404	125.080	**7.923.521**	3.340.860	4.582.662

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público total en cómputo anual mes a mes na provincia de Ourense, tendo en conta todas as concesións vixentes en cada un dos meses respectivos, é dicir, no ano 2020 tivéronse en conta todas as concesións "XG5xx" que prestaban servizo na dita provincia.

En xuño de 2021, na provincia de Ourense rexistráronse un total, en cómputo anual, de 295.484 servizos totais de transporte público, dos cales 170.404 trátanse de servizos integrados ou compartidos e 125.080, de servizos non compartidos con escolares. O número de servizos, ou circulacións, foi diminuíndo lentamente ao longo do período da memoria debido á reestruturación de liñas e modificación de frecuencias nalgúns servizos na planificación, pero en termos xerais, pódese dicir que os servizos foron constantes no tempo xa que a diminución foi mínima. Con todo, para compensar a redución de circulacións, os veh-km incrementáronse, debido a que se unificaron liñas e as rutas son máis longas.


Por tanto, a redución de circulacións compénsase co aumento dos veh-km, e ao final non se eliminan servizos, senón que se reestruturan os mesmos.

A provincia de Ourense é, xunto coa de Lugo, a provincia onde a maior parte dos servizos son integrados ou compartidos.

Destaca na provincia de Ourense que gran parte do proceso de integración se levou a cabo no ano 2017, polo que coa posta en marcha dos novos contratos de concesión do PTPG o incremento do número de liñas, paradas e servizos foi menor que no resto das provincias.

De feito, pódese comprobar na táboa que, desde setembro de 2020 ata xuño de 2021, o incremento foi de 4 liñas, as cales foron liñas integradas. Non se comparan as liñas de xullo e agosto, por seren ambos os meses non lectivos, e que, loxicamente, os servizos nos ditos meses se reducen ao non haber tantos servizos compartidos con escolares.

No seguinte mapa pódense ver reflectidas as liñas no ano 2016 e as liñas en xuño de 2021.



Os principais núcleos de poboación estaban conectados con liñas que cubrían traxectos entre eles, pero, pola contra, naqueles puntos da provincia máis illados e distantes das zonas urbanas, non se rexistraba ningún servizo de transporte público.

En xuño de 2021, apréciase o incremento da rede de transporte público na provincia de Ourense, co que se ampliou a cobertura con novas liñas. Tamén se pode apreciar o aumento de liñas de servizo cara ás provincias limítrofes para a conexión de toda a rede na comunidade.

Por tanto, en canto aos servizos, o incremento tamén foi menor que no resto das provincias, só un 0,3%, chegando a case 7,9 millóns de veh-km en xuño de 2021.

Por último, en canto ao número de paradas, o incremento das mesmas non é tan evidente coma no resto das provincias, pero si que se aumentaron estas coa posta en marcha do PTPG. En xuño de 2021 contábase con case 8 mil paradas activas na provincia de Ourense.

- Oferta de transporte público integrado ou compartido

A continuación, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos compartidos na provincia de Ourense.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO

OURENSE

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**340**	104	236	**3.298**	843	2.455	**22.121**	4.682	17.439	**462.006**	92.197	369.809
	08	**276**	71	205	**2.799**	595	2.204	**23.827**	7.632	16.195	**424.862**	86.636	338.226
	09	**426**	176	250	**3.959**	1.469	2.490	**172.295**	67.706	104.589	**3.211.910**	1.046.338	2.165.572
	10	**426**	174	252	**3.996**	1.460	2.536	**172.719**	66.579	106.140	**3.265.254**	1.031.104	2.234.150
	11	**427**	176	251	**4.022**	1.483	2.539	**172.945**	67.391	105.554	**3.293.791**	1.028.497	2.265.294
	12	**430**	178	252	**4.058**	1.509	2.549	**173.261**	67.431	105.830	**3.302.582**	1.034.505	2.268.077
2021	01	**431**	179	252	**4.081**	1.528	2.553	**173.615**	67.785	105.830	**3.315.763**	1.049.647	2.266.116
	02	**429**	175	254	**4.086**	1.511	2.575	**172.838**	66.029	106.809	**3.329.492**	1.034.600	2.294.892
	03	**431**	178	253	**4.111**	1.507	2.604	**173.192**	66.470	106.722	**3.334.323**	1.026.200	2.308.123
	04	**426**	155	271	**4.167**	1.362	2.805	**170.815**	56.820	113.995	**3.338.260**	894.128	2.444.132
	05	**426**	155	271	**4.167**	1.362	2.805	**170.815**	56.820	113.995	**3.338.260**	894.128	2.444.132
	06	**430**	139	291	**4.229**	1.270	2.959	**170.404**	50.645	119.759	**3.340.860**	843.451	2.497.409

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual mes a mes na provincia de Ourense.

Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido en canto a liñas da provincia de Ourense foi practicamente constante nos últimos 12 meses.

Destaca que, nos meses de xullo e agosto, si que existen servizos compartidos, froito da integración de servizos realizada coa posta en marcha do PTPG. Nestes meses non lectivos, os servizos que se realizan son menores, pero son liñas integradas que dan servizo en tempada non lectiva, para non deixar de prestar os servizos compartidos existentes en tempada lectiva escolar.

Unha gran parte dos servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva coma en tempada non lectiva, son servizos baixo demanda.

Cabe destacar que, no período da memoria, o número de liñas integradas fixas diminuíu á conta de que se incrementaron o número de liñas integradas ou compartidas baixo demanda.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia de Ourense reduciuse minimamente desde o mes de setembro de 2020, debido á reestruturación e unificación de liñas. En xuño de 2021 alcanzáronse os máis de 170 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 400 liñas, dando servizo a máis de 4 mil paradas na provincia de Ourense.

- Oferta de transporte público non integrado

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos non integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos regulares na provincia de Ourense.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO

OURENSE

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**190**	137	53	**3.348**	2.393	955	**97.435**	77.718	19.717	**4.214.223**	3.122.158	1.092.065
	08	**206**	148	58	**3.427**	2.461	966	**86.679**	67.332	19.347	**3.610.206**	2.570.259	1.039.947
	09	**215**	156	59	**3.708**	2.667	1.041	**127.327**	104.364	22.963	**4.691.085**	3.511.775	1.179.310
	10	**217**	156	61	**3.745**	2.680	1.065	**127.123**	103.894	23.229	**4.672.641**	3.484.927	1.187.714
	11	**216**	156	60	**3.754**	2.694	1.060	**126.720**	104.187	22.533	**4.631.852**	3.500.119	1.131.733
	12	**216**	156	60	**3.755**	2.694	1.061	**126.715**	104.184	22.531	**4.634.180**	3.499.983	1.134.197
2021	01	**216**	156	60	**3.755**	2.694	1.061	**126.717**	104.184	22.533	**4.634.426**	3.499.982	1.134.444
	02	**218**	157	61	**3.733**	2.670	1.063	**126.495**	103.804	22.691	**4.624.218**	3.476.767	1.147.451
	03	**218**	156	62	**3.737**	2.658	1.079	**126.495**	102.549	23.946	**4.626.469**	3.446.319	1.180.150
	04	**214**	148	66	**3.704**	2.549	1.155	**124.435**	98.482	25.953	**4.552.398**	3.324.130	1.228.268
	05	**214**	148	66	**3.715**	2.560	1.155	**124.703**	98.894	25.809	**4.554.483**	3.341.288	1.213.195
	06	**215**	147	68	**3.750**	2.561	1.189	**125.080**	98.951	26.129	**4.582.662**	3.343.071	1.239.591

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público non integrado en cómputo anual mes a mes na provincia de Ourense.

Pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en canto a liñas na provincia de Ourense foi practicamente constante nos últimos 12 meses.

Neste sentido, o número de servizos reduciuse levemente, así como os veh-km, debido principalmente ao proceso de integración das liñas non integradas como compartidas, que aumentaron no dito período.

Ademais, destácase que os servizos non integrados baixo demanda na provincia de Ourense se incrementaron durante este período, todo o contrario que os servizos non integrados fixos, que se foron reducindo. Isto é un dos criterios seguidos no PTPG, no cal o transporte baixo demanda é unha solución para garantir o acceso á rede de transporte público en zonas con baixa demanda ou nula demanda previa. Porén, os servizos están a ser supervisados diariamente e convértense en fixos no caso de consolidárense no tempo cunha demanda moderada e estable.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte público non integrado alcanzou en xuño de 2021 máis de 125 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 200 liñas, dando servizo a máis de 3 mil paradas.

2.2.2.4. Provincia de Pontevedra

- Oferta de transporte público total

Preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta global de servizos con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos que están adscritos á provincia de Pontevedra.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL												
PONTEVEDRA												
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR	TOTAL	INTEGR	NON INTEGR
2020	07	**472**	180	292	**8.408**	2.002	6.406	**439.133**	21.886	417.247	**9.145.586**	371.768	8.773.818
	08	**431**	150	281	**7.760**	1.716	6.044	**298.344**	17.723	280.621	**7.393.666**	300.170	7.093.496
	09	**819**	488	331	**11.618**	4.353	7.265	**679.560**	228.460	451.100	**12.696.050**	3.069.939	9.626.111
	10	**820**	488	332	**11.610**	4.359	7.251	**681.288**	228.183	453.105	**12.694.498**	3.068.035	9.626.463
	11	**819**	487	332	**11.639**	4.388	7.251	**680.661**	227.556	453.105	**12.674.062**	3.047.599	9.626.463
	12	**930**	628	302	**13.128**	5.576	7.552	**675.166**	278.351	396.815	**12.299.865**	3.666.041	8.633.824
2021	01	**930**	628	302	**13.136**	5.584	7.552	**678.874**	278.351	400.523	**12.426.390**	3.664.920	8.761.470
	02	**927**	628	299	**13.047**	5.592	7.455	**670.982**	278.351	392.631	**12.234.715**	3.665.734	8.568.981
	03	**937**	637	300	**13.262**	5.796	7.466	**669.984**	276.631	393.353	**12.118.732**	3.532.425	8.586.307
	04	**945**	645	300	**13.424**	5.962	7.462	**666.726**	274.512	392.214	**12.060.226**	3.494.709	8.565.517
	05	**960**	654	306	**13.859**	6.161	7.698	**669.135**	273.760	395.375	**12.183.949**	3.449.560	8.734.389
	06	**960**	654	306	**13.854**	6.159	7.695	**669.178**	273.766	395.412	**12.183.838**	3.449.664	8.734.174

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público total en cómputo anual mes a mes na provincia de Pontevedra, tendo en conta todas as concesións vixentes en cada un dos meses respectivos, é dicir, no ano 2020 tivéronse en conta todas as concesións "V" e "XG5xx" que prestaban servizo na dita provincia.


Débese destacar que a provincia de Pontevedra é a segunda provincia con máis servizos de transporte público en Galicia, como así o reflicten os datos da oferta, despois da provincia da Coruña, ao seren ambas as que presentan maior densidade de poboación, o que implica maiores necesidades de desprazamento en transporte público e con mobilidade recorrente das persoas usuarias.

En xuño de 2021, na provincia de Pontevedra rexistráronse un total, en cómputo anual, de 669.178 servizos totais de transporte público, dos cales, 273.766 trátanse de servizos integrados ou compartidos con escolares e 395.412, de servizos non integrados ou regulares.

En canto ás liñas totais no ámbito de Pontevedra, o incremento foi evidente, pasando de ter 819 liñas no mes de setembro de 2020 a 960 liñas en xuño de 2021. Non se comparan as liñas de xullo e agosto, por seren ambos os meses non lectivos, e que, loxicamente, os servizos nos ditos meses se reducen ao non haber tantos servizos compartidos con escolares.

Na provincia de Pontevedra, o número de liñas integradas ou compartidas é maior que as liñas non integradas, pero se falamos de servizos, loxicamente, son maiores os servizos non integrados por teren maiores frecuencias.

No seguinte mapa pódense ver reflectidas as liñas no ano 2016 e as liñas en xuño de 2021.



Os principais núcleos de poboación estaban conectados con liñas que cubrían traxectos entre eles, pero, pola contra, naqueles puntos da provincia máis illados e distantes das zonas urbanas, non se rexistraba ningún servizo de transporte público.

En xuño de 2021, apréciase o incremento da rede de transporte público na provincia de Pontevedra, co que se ampliou a cobertura con novas liñas permitindo dar acceso á rede a toda a poboación. Tamén se pode apreciar o aumento de liñas de servizo cara ás provincias limítrofes para a conexión de toda a rede na comunidade.

Con todo, o número de servizos desde setembro de 2020 a xuño de 2021 viuse diminuído nun 1,5% debido á reestruturación de liñas e unificación das mesmas para poder dar servizo á maior poboación posible. Os servizos integrados aumentaron durante este período, pero os non integrados reducíronse pola integración realizada na planificación.

Por último, en canto ao número de paradas resalta o importante incremento de puntos de parada dispoñibles coa posta en marcha do PTPG. En xuño de 2021 contábase con case 14 mil paradas activas na provincia de Pontevedra.

- Oferta de transporte público integrado ou compartido

Preséntase unha análise dos datos de servizos integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos compartidos na provincia de Pontevedra.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO

PONTEVEDRA

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**180**	15	165	**2.002**	194	1.808	**21.886**	1.689	20.197	**371.768**	27.684	344.084
	08	**150**	15	135	**1.716**	194	1.522	**17.723**	1.753	15.970	**300.170**	27.848	272.322
	09	**488**	84	404	**4.353**	448	3.905	**228.460**	11.399	217.061	**3.069.939**	115.888	2.954.051
	10	**488**	84	404	**4.359**	448	3.911	**228.183**	11.399	216.784	**3.068.035**	115.888	2.952.147
	11	**487**	84	403	**4.388**	448	3.940	**227.556**	11.399	216.157	**3.047.599**	115.888	2.931.711
	12	**628**	93	535	**5.576**	840	4.736	**278.351**	34.672	243.679	**3.666.041**	451.157	3.214.884
2021	01	**628**	93	535	**5.584**	840	4.744	**278.351**	34.672	243.679	**3.664.920**	451.158	3.213.762
	02	**628**	93	535	**5.592**	840	4.752	**278.351**	34.672	243.679	**3.665.734**	451.157	3.214.577
	03	**637**	93	544	**5.796**	840	4.956	**276.631**	34.672	241.959	**3.532.425**	451.157	3.081.268
	04	**645**	93	552	**5.962**	840	5.122	**274.512**	34.672	239.840	**3.494.709**	451.157	3.043.552
	05	**654**	107	547	**6.161**	1.049	5.112	**273.760**	35.651	238.109	**3.449.560**	450.666	2.998.894
	06	**654**	107	547	**6.159**	1.049	5.110	**273.766**	35.651	238.115	**3.449.664**	450.666	2.998.998

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual mes a mes na provincia de Pontevedra.

Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido en canto a liñas da provincia de Pontevedra se viu incrementado nos últimos 12 meses, na mesma tónica que o resto das provincias, pero nesta provincia si que se viu un incremento de servizos nos meses de setembro e decembro coa renovación das novas concesións do PTPG.

Destaca que, nos meses de xullo e agosto, do mesmo xeito que no resto de provincias, si que existen servizos compartidos, froito da integración de servizos realizada coa posta en marcha do PTPG. Nestes meses non lectivos, os servizos que se realizan son menores, pero son liñas integradas que dan servizo en tempada non lectiva, para non deixar de prestar os servizos compartidos existentes en tempada lectiva escolar.

A maioría dos servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva coma en tempada non lectiva, son servizos baixo demanda debido á modalidade de transporte compartido cos escolares.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia de Pontevedra incrementouse ao redor do 19,8% desde o mes de setembro de 2020, ata alcanzar os máis de 270 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 600 liñas, dando servizo a máis de 6 mil paradas na provincia de Pontevedra.

- Oferta de transporte público non integrado

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos non integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e os km/ano percorridos por todos estes servizos regulares na provincia de Pontevedra.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO

PONTEVEDRA

ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS. ANO)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXAS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND	TOTAL NON INTEGR	FIXOS	A DEMAND
2020	07	**292**	287	5	**6.406**	6.289	117	**417.247**	411.817	5.430	**8.773.818**	8.535.591	238.227
	08	**281**	255	26	**6.044**	5.766	278	**280.621**	273.037	7.584	**7.093.496**	6.867.421	226.075
	09	**331**	321	10	**7.265**	6.956	309	**451.100**	443.094	8.006	**9.626.111**	9.363.909	262.202
	10	**332**	321	11	**7.251**	6.943	308	**453.105**	445.099	8.006	**9.626.463**	9.364.261	262.202
	11	**332**	321	11	**7.251**	6.951	300	**453.105**	445.099	8.006	**9.626.463**	9.364.261	262.202
	12	**302**	288	14	**7.552**	7.101	451	**396.815**	387.131	9.684	**8.633.824**	8.262.693	371.131
2021	01	**302**	288	14	**7.552**	7.101	451	**400.523**	390.839	9.684	**8.761.470**	8.390.339	371.131
	02	**299**	284	15	**7.455**	6.970	485	**392.631**	381.485	11.146	**8.568.981**	8.140.390	428.591
	03	**300**	285	15	**7.466**	6.981	485	**393.353**	382.427	10.926	**8.586.307**	8.157.716	428.591
	04	**300**	285	15	**7.462**	6.976	486	**392.214**	381.288	10.926	**8.565.517**	8.133.417	432.100
	05	**306**	291	15	**7.698**	7.212	486	**395.375**	384.231	11.144	**8.734.389**	8.290.725	443.664
	06	**306**	291	15	**7.695**	7.209	486	**395.412**	384.268	11.144	**8.734.174**	8.290.510	443.664

Os datos mostrados na táboa anterior representan a oferta de transporte público non integrado en cómputo anual mes a mes na provincia de Pontevedra, tendo en conta todas as concesións vixentes en cada un dos meses respectivos.

Pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en canto a liñas na provincia de Pontevedra se reduciu minimamente desde o mes de setembro de 2020 debido ao proceso de integración levado a cabo cos novos contratos de concesión postos en marcha en decembro de 2020.

Ademais, destaca o feito de que as liñas non integradas baixo demanda se foron incrementado no período analizado, pero, pola contra, as liñas non integradas fixas diminuíron. A conversión dalgunha das liñas fixas en liñas baixo demanda é unha solución para garantir o acceso á rede de transporte público ás zonas con baixa demanda.

Neste sentido, o número de servizos non integrados diminuíu un 4,8% en todo o período da memoria, á conta de incrementar os procesos integrados ou compartidos debido ao proceso de integración.

Por tanto, a oferta de servizos de transporte público non integrado no mes de xuño de 2021 alcanzou os case 400 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 300 liñas, dando servizo a máis de 7 mil paradas.

2.2.3. Oferta de servizos por Área de Transporte Metropolitano

En Galicia, o obxectivo fundamental das Áreas de Transporte Metropolitano é mellorar a mobilidade e a accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas e, por tanto, que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

No transporte metropolitano, a viaxe defínese polas zonas nas que se inicia e finaliza.

As Áreas de Transporte Metropolitano, ATM, son unha figura de fomento ou promoción do transporte público na maioría das cidades de Galicia.

Antes do PTPG, a Xunta de Galicia desenvolveu unha liña de colaboración cos concellos para definir as accións de transporte nas Áreas Metropolitanas a través do **Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, PTMG**, cuxas bases eran as de proporcionar un mellor servizo de transporte público colectivo á cidadanía con melloras na configuración da oferta, beneficios tarifarios e bonificacións, para ofrecer unha alternativa concorrente e funcional ás opcións de mobilidade persoal.

Este conxunto de actuacións activouse na Coruña e Ferrol no ano 2005, e en Santiago de Compostela no ano 2006. Con todo, no ano 2011 implantouse na Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela o "Novo Plan de Transporte Metropolitano", que incorporou a Lugo en 2012 e á área de Vigo en 2015, sen o Concello de Vigo.

O **tres piares fundamentais** do PTMG foron:

Integración tarifaria

Cambiouse o anterior modelo quilométrico a un modelo zonal. Isto supuxo pasar de prezos baseados na distancia xeográfica entre os concretos puntos de orixe e destino a unha tarifa única para cada ámbito zonal previamente definido, sen que existan diferenzas segundo o modo de transporte público utilizado, a empresa que preste o servizo, as voltas que poida dar o autobús para unir varias paradas ou o número de autobuses que teñan que coller as persoas usuarias para chegar a destino.

Mellora da oferta de servizos

Incrementáronse os servizos de transporte a través da implantación daqueles servizos de interese municipal que definiron os concellos.

Mellora das infraestruturas

Melloráronse as dotacións de infraestruturas, tales como as marquesiñas e postes de parada, así como a información para a cidadanía nas terminais e puntos de parada, especialmente a través das novas ferramentas tecnolóxicas.

A oferta de servizos dentro das ATM de Galicia que se presenta nos seguintes apartados céntrase exclusivamente nos servizos que non son baixo demanda nin compartidos, é dicir, os servizos fixos e regulares que transcorren polos concellos pertencentes a cada Área de Transporte Metropolitano, debido a que o Plan de Transporte Metropolitano ten como obxectivo facilitar o desprazamento e a mobilidade de forma recorrente da poboación. Os servizos baixo demanda e integrados teñen unha menor relevancia e non están incluídos dentro dos servizos se se ten en conta o enfoque do propio PTMG.

Polo tanto, as táboas que se mostran a continuación recollen a evolución mensual da oferta de servizos de transporte metropolitano en canto a liñas, paradas e servizos dentro do período no cal se centra a memoria.


2.2.3.1. ATM da A Coruña

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á área metropolitana da Coruña. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área Metropolitana da Coruña, que está composta por 17 concellos repartidos en 13 zonas de transporte, había en servizo 410 liñas de transporte en xuño de 2021.


Pódese observar no gráfico como o número de liñas desde xullo de 2020 a xuño de 2021 se incrementou nun 51,53%, pasando de ter 163 liñas na Área Metropolitana da Coruña en xullo de 2020 a ter un total de 410 en xuño de 2021. O número das liñas na ATM da Coruña incrementouse progresivamente ao longo do período da memoria.



Obsérvanse incrementos de liñas máis pronunciados en outubro de 2020 e en xaneiro de 2021, ao seren os meses de setembro e decembro de 2020 os meses onde se puxeron en marcha os últimos contratos de concesión do PTPG.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**


A Área Metropolitana da Coruña é a Área Metropolitana de Galicia con máis paradas das existentes. Con todo, é a segunda área con máis liñas, por detrás de Santiago de Compostela.



Pódese observar no gráfico como o número de paradas da ATM da Coruña foi aumentando co paso dos meses desde xullo de 2020, incrementándose un total dun 12% no período de análise da memoria, pasando de ter un total de 6.337 paradas en xullo de 2020 a ter un total de 7.098 paradas en xuño de 2021.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, no mes de xuño de 2021, a Área Metropolitana da Coruña é a que más tiña, cun total de 413.567 servizos ao ano.



Pódese observar no gráfico como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foron incrementando ao longo do ano analizado na memoria debido aos cambios na oferta dos contratos de concesión neste tempo.

Os cambios na oferta de servizos incrementaron as circulacións anuais desde xullo de 2020 a xuño de 2021 nun 10,93%.

Móstrase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. km anuais
xul.-20	372.797	13.297.952
ago.-20	372.797	13.297.952
set.-20	372.797	13.297.952
out.-20	391.955	13.587.338
nov.-20	391.971	13.607.121
dec.-20	391.972	13.607.129
xan.-21	400.437	13.314.607
feb.-21	400.427	13.317.235
mar.-21	400.659	13.304.178
abr.-21	407.200	13.441.755
mai.-21	413.724	13.690.080
xuñ.-21	413.567	13.526.523

As circulacións ou servizos anuais fóronse incrementando mes a mes desde xullo de 2020 polos cambios da oferta nos contratos de concesión. Con todo, os veh.km non se incrementaron proporcionalmente ás circulacións debido á modificación da lonxitude das liñas ou rutas dos contratos, principalmente como consecuencia de que a lonxitude das mesmas é menor que anteriormente.


Coa posta en marcha dos novos contratos de concesión o número de liñas aumentou polo feito de que as rutas dos contratos anteriores se dividiron en novas liñas polo proceso de integración e reestruturación das mesmas.

2.2.3.2. ATM de Ferrol

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á área metropolitana de Ferrol. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área Metropolitana de Ferrol, que está composta por 11 concellos repartidos en 7 zonas de transporte, había en servizo 207 liñas de transporte en xuño de 2021.




Pódese observar no gráfico como o número de liñas desde xullo de 2020 a xuño de 2021 se incrementou nun 31,84%, pasando de ter 157 liñas na Área Metropolitana de Ferrol en xullo de 2020 a ter un total de 207 en xuño de 2021. O número das liñas na ATM de Ferrol incrementouse progresivamente ao longo do período da memoria.

Obsérvanse incrementos de liñas máis pronunciados nos meses da posta en marcha dos novos contratos de concesión.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

A Área Metropolitana de Ferrol é unha área coa metade das paradas ou servizos en comparación coa Área da Coruña, que é das máis grandes xunto coa de Santiago de Compostela.

Non obstante, ten a metade das paradas que a ATM da Coruña debido, principalmente, á superficie que abarca en comparación coa da Coruña.




Pódese observar no gráfico como o número de paradas da ATM de Ferrol foi aumentando co paso dos meses desde xullo de 2020, incrementándose un total dun 5,48% no período de análise da memoria, pasando de ter un total de 3.192 paradas en xullo de 2020 a ter un total de 3.367 paradas en xuño de 2021.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, no mes de xuño de 2021, a Área Metropolitana de Ferrol é a terceira que máis tiña, por detrás da Coruña e Santiago de Compostela, cun total de 248.346 servizos ao ano.

Pódese observar no gráfico seguinte como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foi incrementando ao longo do ano analizado na memoria, cun decrecemento dos mesmos de xaneiro a marzo de 2021 debido aos cambios na oferta dos contratos de concesión e a reestruturación dos mesmos.

Os cambios na oferta de servizos incrementaron as circulacións anuais desde xullo de 2020 a xuño de 2021 nun 0,41%.



Móstrase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. km anuais
xul.-20	247.329	5.049.596
ago.-20	247.321	5.052.172
set.-20	247.321	5.052.172
out.-20	247.776	5.538.678
nov.-20	247.776	5.538.678
dec.-20	248.913	5.271.403
xan.-21	235.829	5.649.420
feb.-21	235.881	5.650.113
mar.-21	234.361	5.589.201
abr.-21	241.940	5.683.612
mai.-21	248.346	5.816.847
xuñ.-21	248.346	5.818.261


As circulacións ou servizos anuais foron variando mes a mes desde xullo de 2020 polos cambios de oferta nos contratos de concesión. Con todo, os veh.km fóronse incrementando paulatinamente ao longo destes 12 meses.

2.2.3.3. ATM de Lugo

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á área metropolitana de Lugo. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área Metropolitana de Lugo, que está composta por 9 concellos repartidos en 6 zonas de transporte, había en servizo 153 liñas de transporte en xuño de 2021.



Pódese observar no gráfico como o número de liñas desde xullo de 2020 a xuño de 2021 se incrementou nun 12,50%, pasando de ter 136 liñas na Área Metropolitana de Lugo en xullo de 2020 a ter un total de 153 en xuño de 2021. O número das liñas na ATM de Lugo incrementouse progresivamente ao longo do período da memoria, pero é a ATM con menos cambios realizados mes a mes na oferta de servizos.


Obsérvanse incrementos de liñas máis pronunciados nos meses da posta en marcha dos novos contratos de concesión.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

A Área Metropolitana de Lugo é a área metropolitana con menos liñas, paradas e servizos das cinco áreas de transporte metropolitano de Galicia, debido á menor proporción de poboación que debe atender nesta zona.

Non obstante, ten a metade das paradas que a ATM de Ferrol e catro veces menos paradas que a ATM da Coruña. Isto é debido á menor densidade de desprazamentos e mobilidade recorrente da poboación atendida de Lugo en comparación co resto das áreas.

ATM Lugo - Paradas (UD.)




Pódese observar no gráfico como o número de paradas da ATM de Lugo foi aumentando paulatinamente co paso dos meses desde xullo de 2020, incrementándose un total dun 21,04% no período de análise da memoria, pasando de ter un total de 1.421 paradas en xullo de 2020 a ter un total de 1.720 paradas en xuño de 2021.

Desde a posta en marcha dos últimos contratos de concesión en decembro de 2020, o número de paradas dos contratos de concesión pertencentes á Área Metropolitana de Lugo permaneceu case invariable.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, no mes de xuño de 2021, a Área Metropolitana de Lugo é a área que menos tiña en comparación co resto de ATM, cun total de 89.732 servizos ao ano.

ATM Lugo - Circulacións anuais



Pódese observar no gráfico como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foi incrementando ao longo do ano analizado na memoria. Os cambios na oferta de servizos incrementaron as circulacións anuais desde xullo de 2020 a xuño de 2021 nun 7,59%.

Móstrase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. km anuais
xul.-20	83.398	4.959.726
ago.-20	81.218	4.771.327
set.-20	83.376	4.960.690
out.-20	86.572	4.501.751
nov.-20	86.753	4.512.396
dec.-20	85.019	4.357.818
xan.-21	87.411	5.016.430
feb.-21	87.411	5.017.539
mar.-21	87.411	5.017.539
abr.-21	88.052	5.067.558
mai.-21	89.727	5.136.533
xuñ.-21	89.732	5.136.670


Os servizos anuais e os veh.km fóronse incrementando mes a mes desde xullo de 2020 debido á mellora da oferta de servizos.

2.2.3.4. ATM de Santiago de Compostela

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á área metropolitana de Santiago de Compostela. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área Metropolitana de Santiago de Compostela, que está composta por 18 concellos repartidos en 12 zonas de transporte, había en servizo 428 liñas de transporte en xuño de 2021, sendo a Área de transporte con maior número de liñas entre as cinco existentes en Galicia.




Pódese observar no gráfico como o número de liñas desde xullo de 2020 a xuño de 2021 se incrementou nun 26,45%, pasando de ter 189 liñas na Área Metropolitana de Santiago de Compostela en xullo de 2020 a ter un total de 428 liñas en xuño de 2021. O número das liñas na ATM de Santiago de Compostela incrementouse progresivamente ao longo do período da memoria.

Obsérvanse incrementos de liñas máis pronunciados, coma no resto de Áreas Metropolitanas, nos meses da posta en marcha dos novos contratos de concesión.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

A Área Metropolitana de Santiago de Compostela é a segunda área metropolitana con máis liñas, paradas e servizos das cinco áreas de transporte metropolitano de Galicia, despois da ATM da Coruña. A superficie que abarca é a máis grande de Galicia, pero non posúe tanta poboación con mobilidade recorrente coma A Coruña. Debido a isto, ten menos paradas e menos circulacións que a ATM da Coruña.


Non obstante, ten 1.700 paradas menos que a ATM da Coruña no último mes de análise da memoria, xuño de 2021, pero ten máis paradas que o resto de ATM.



Pódese observar no gráfico como o número de paradas da ATM de Santiago de Compostela se foi incrementando co paso dos meses desde xullo de 2020, aumentando un total dun 12,63% no período de análise da memoria, pasando de ter un total de 4.755 paradas en xullo de 2020 a ter un total de 5.356 paradas en xuño de 2021.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, no mes de xuño de 2021, a Área Metropolitana de Santiago de Compostela é a área xunto coa da Coruña con maior número de servizos en comparación co resto de ATM, cun total de 362.773 servizos ao ano.



Pódese observar no gráfico como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foi incrementando paulatinamente ao longo do ano analizado na memoria. Os cambios na oferta de servizos incrementaron as circulacións anuais desde xullo de 2020 a xuño de 2021 nun 13,26%.Móstrase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses. Os servizos anuais e os veh.km fóronse incrementando mes a mes desde xullo de 2020 debido á mellora da oferta de servizos.


Mes	Circulacións anuais	Veh. km anuais
xul.-20	314.636	11.817.133
ago.-20	312.583	11.811.203
set.-20	314.579	11.589.903
out.-20	357.998	12.150.008
nov.-20	357.334	12.108.222
dec.-20	356.044	12.149.859
xan.-21	362.378	13.535.891
feb.-21	362.378	13.535.891
mar.-21	362.539	13.509.699
abr.-21	362.059	13.412.727
mai.-21	362.436	13.272.008
xuñ.-21	362.773	13.221.468

2.2.3.5. ATM de Vigo

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á área metropolitana de Vigo. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**


Na Área Metropolitana de Vigo, que está composta por 13 concellos repartidos en 13 zonas de transporte, había en servizo 257 liñas de transporte en xuño de 2021. Cabe destacar que na área Metropolitana de Vigo non están incluídas as liñas urbanas do Concello de Vigo.



Pódese observar no gráfico como o número de liñas desde xullo de 2020 a xuño de 2021 se incrementou nun 22,56%, pasando de ter 199 liñas na Área Metropolitana de Vigo en xullo de 2020 a ter un total de 257 en xuño de 2021. O número das liñas na ATM de Vigo incrementouse progresivamente ao longo do período da memoria, pero desde o mes de decembro de 2020, coa posta en marcha dos novos contratos de concesión, as modificacións nas liñas foron case invariables.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**


A Área Metropolitana de Vigo é, xunto coa ATM de Lugo, unha das Áreas con menos paradas e servizos en comparación co resto de ATM.



Pódese observar no gráfico como o número de paradas da ATM de Vigo se foi incrementando co paso dos meses desde xullo de 2020, aumentando un total dun 72,60% no período de análise da memoria, pasando de ter un total de 1.555 paradas en xullo de 2020 a ter un total de 2.684 paradas en xuño de 2021.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, no mes de xuño de 2021, a Área Metropolitana de Vigo é a área, xunto coa de Lugo, con menor número de servizos en comparación co resto de ATM, cun total de 215.381 servizos ao ano. Isto é debido principalmente a que o Concello de Vigo non considerou oportuno formar parte del Área Metropolitana.



Pódese observar no gráfico como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foi incrementando paulatinamente ao longo do ano analizado na memoria. Os cambios na oferta de servizos incrementaron as circulacións anuais desde xullo de 2020 a xuño de 2021 nun 2,49%.

Móstrase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. km anuais
xul.-20	210.150	5.557.616
ago.-20	210.157	5.567.807
set.-20	210.167	5.580.034
out.-20	199.170	5.407.103
nov.-20	198.670	5.352.580
dec.-20	209.309	5.506.897
xan.-21	212.124	5.493.075
feb.-21	211.603	5.486.122
mar.-21	211.603	5.486.122
abr.-21	210.449	5.471.043
mai.-21	215.348	5.607.712
xuñ.-21	215.381	5.607.599

Os servizos anuais e os veh.km foron variando mes a mes desde xullo de 2020 polos cambios de oferta nos contratos de concesión ao longo destes 12 meses.



3

A DEMANDA DE USUARIOS

Neste capítulo móstrase a evolución da demanda de usuarios que experimentou o uso do transporte público por estrada en Galicia nos últimos 5 anos, é dicir, desde o ano 2016 ata xuño do ano 2021, ano e medio despois da posta en funcionamento das novas concesións de transporte público coa implantación do PTPG.

Para empezar, faise unha recompilación dos datos de demanda agregados anualmente entre os anos 2016 e 2020, período no que se levou a cabo a transición e posta en marcha do actual Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), coa renovación dos contratos de concesión para os próximos 10 anos.

Unha vez analizados estes datos, móstrase a evolución da demanda no período da memoria anual comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021, desagregando a información por tipo de servizo, usuario e por ámbito territorial: Comunidade Autónoma, Provincia, Área Metropolitana de Transporte e por Comarca.

A información desagregada a nivel de comarca é presentada no anexo á memoria en forma de fichas.

Tanto no estudo da demanda previa ao PTPG, coma na análise da situación actual de demanda de usuarios, reflíctense os datos diferenciados segundo os **diferentes tipos de servizos que contempla a oferta de servizos total no transporte público de Galicia.**

A análise da modalidade de transporte baixo demanda incluíuse como un novo apartado dentro deste capítulo, pero a demanda das persoas usuarias está incluída nos datos totais de demanda.

Por último, incluíuse tamén unha análise dentro deste capítulo da demanda ao longo destes anos diferenciada por título de transporte, ben sexa pago en efectivo, pago con tarxeta ou escolares. No caso das persoas usuarias con pago con tarxeta analizouse o uso das tarxetas de mobilidade impulsadas pola Xunta de Galicia e en maior medida, coa implantación do PTPG, como son a TMG e a TMGXN, coas que se promociona a recorrencia e se fomenta o uso dos servizos de transporte público debido ás bonificacións polo uso das mesmas.

3.1. Antecedentes e evolución da demanda: 2016-2020

Neste apartado, móstrase unha análise da evolución da demanda en transporte público por estrada en Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2020, coa premisa de obter unha visión da demanda de usuarios no transporte ata a posta en marcha das novas concesións de transporte no PTPG. Introdúcese tamén a demanda a 30 de xuño de 2021 para poder observar a evolución da mesma.

Para poder entender e analizar a evolución da demanda de usuarios no transcurso destes anos, e coa implantación do PTPG, preséntanse os datos de demanda diferenciados segundo os tipos de transporte contemplados.

Por tanto, os datos de demanda de usuarios clasifícanse en demanda total no transporte público, a cal se divide en demanda no transporte público integrado ou compartido, que á súa vez se divide en demanda de escolares e demanda de usuarios non escolares, e demanda no transporte non integrado, que son as persoas usuarias dos servizos regulares.

A demanda total de transporte público en Galicia foi aumentando progresivamente desde 2016 ata o ano 2019, pero un caso particular ocorreu no ano 2020 debido ao impacto na mobilidade da pandemia COVID-19, onde a demanda diminuíu como consecuencia das restricións impostas pola Administración no transporte de viaxeiros.

A cifra máxima de demanda de servizos anual alcanzouse en 2019 cun total de 23,2 millóns de viaxeiros, o que supón un incremento de case un 70% respecto ao ano 2016. Isto indica unha confianza plena das persoas usuarias polo uso do transporte público por estrada no territorio galego.

ANO		GALICIA				
		DEMANDA TOTAL TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2016	Viaxes	13.663.553	0	0	0	13.663.553
	% Total	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	100,0%
2017	Viaxes	18.311.107	1.024.055	1.003.776	20.279	17.287.052
	% Total	100,0%	5,6%	5,5%	0,1%	94,4%
2018	Viaxes	21.995.153	2.754.975	2.690.691	64.284	19.240.178
	% Total	100,0%	12,5%	12,2%	0,3%	87,5%
2019	Viaxes	23.223.194	2.765.249	2.695.018	70.231	20.457.946
	% Total	100,0%	11,9%	11,6%	0,3%	88,1%
2020	Viaxes	15.760.713	4.155.080	4.123.837	31.243	11.112.965
	% Total	100,0%	26,4%	26,2%	0,2%	70,5%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	12.256.650*	6.234.522*	6.168.506*	66.016*	6.022.128*
	% Total	100,0%	50,9%	50,3%	0,5%	49,1%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Neste incremento producido desde o ano 2016, débese ter en conta a integración de escolares nos servizos de transporte público coa posta en marcha do proceso de integración no ano 2017, sendo Ourense a provincia cunha maior integración.

Doutra banda, obsérvase como do total de usuarios do transporte público, o maior número de viaxes concéntrase no transporte público non integrado, é dicir, o transporte regular, situándose en torno ao 80-90% nos últimos anos.

A porcentaxe deste tipo de transporte non integrado viuse diminuída en 2020, coma o resto das modalidades de transporte, representando un 70,5% do total de demanda, en gran medida debido ao impacto das restricións de mobilidade cidadás xeradas pola crise sanitaria do COVID-19.

En canto á demanda do transporte integrado ou compartido que presta servizo en maior medida aos escolares en Galicia, experimentouse un significativo aumento nos últimos anos, consolidando o proceso de integración do transporte en Galicia ata alcanzar os 4,1 millóns de usuarios en transporte integrado ou compartido en 2020, representando un incremento do 50,2% respecto do 2019 como consecuencia da implantación do PTPG, finalizando unha parte da integración do transporte escolar.

Isto implica que o volume total de usuarios do transporte público en 2020 foi un total de 15,7 millóns de viaxeiros, dos cales 4,1 millóns foron escolares con reserva de praza. Ademais, débese destacar que nos servizos integrados ou compartidos se ofreceu unha opción de mobilidade para 31 mil usuarios xerais sen reserva de praza.

Esta demanda nos servizos compartidos incrementouse ao longo dos anos, representando un 0,3% das persoas usuarias.

Pódese comprobar na táboa a recuperación da demanda en 2021 de forma notable debido a que case houbo tanta demanda en 6 meses de 2021 coma en todo o ano 2020, que decreceu debido á pandemia.

A continuación, realízase unha análise máis exhaustiva da evolución da demanda para o período 2016 a 2020 por tipo de transporte e desagregada por provincia, para poder avaliar a demanda de usuarios en cada zona da comunidade galega.

3.1.1. Demanda total del transporte público

Neste apartado, móstrase a evolución da demanda total do transporte público para o período comprendido entre 2016 e 2020, ano de posta en marcha do PTPG.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viajes	13.663.553	8.651.908	1.148.565	340.564	3.522.516
	% Total	100,0%	63,3%	8,4%	2,5%	25,8%
2017	Viajes	18.311.107	11.428.600	1.340.623	1.125.682	4.416.203
	% Total	100,0%	62,4%	7,3%	6,1%	24,1%
2018	Viajes	21.995.153	12.142.980	1.631.316	2.510.012	5.710.846
	% Total	100,0%	55,2%	7,4%	11,4%	26,0%
2019	Viajes	23.223.194	12.951.800	1.717.292	2.589.752	5.964.351
	% Total	100,0%	55,8%	7,4%	11,2%	25,7%
2020	Viajes	15.760.713	8.125.560	1.658.176	1.599.077	4.377.900
	% Total	100,0%	51,6%	10,5%	10,1%	27,8%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	12.256.650*	6.145.894*	1.095.502*	1.413.011*	3.602.244*
	% Total	100,0%	50,1%	8,9%	11,5%	29,4%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Como se mostra na táboa, analizando as cifras da demanda no conxunto total dos desprazamentos rexistrados en transporte público por estrada en Galicia, obsérvase como as persoas usuarias se incrementaron cada ano ata o 2019, sendo o ano con maior demanda no transporte de Galicia. Coa posta en marcha do PTPG e coincidindo coa pandemia do COVID-19, a demanda diminuíu no ano 2020, situándose en algo máis de 15 millóns de usuarios, debido principalmente á redución dos desprazamentos da poboación polas restricións sanitarias aplicadas de forma universal.

A demanda total reduciuse en case un 35% con respecto ao ano 2019, reducíndose nun 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria.

En canto á demanda por provincias, a provincia da Coruña concentra o maior número de usuarios no ano 2020, ao redor do 50% da demanda total en transporte por estrada en Galicia, seguida da demanda na provincia de Pontevedra cun 27,8%. Tamén se destaca que son as provincias con máis oferta de transporte público por teren máis poboación e unha maior necesidade de mobilidade recorrente.

En termos xerais, a demanda de usuarios aumentou proporcionalmente en todas as provincias durante os últimos anos, destacando a provincia de Ourense, que duplicou a súa demanda desde o ano 2017 ao 2019, debido ao proceso de integración levado a cabo na dita zona.

3.1.2. Demanda do transporte público integrado ou compartido

A continuación, neste apartado preséntase a información ou evolución da demanda en transporte público integrado ou compartido para o período comprendido entre 2016 e 2020, desagregando a información por provincias.

ANO		DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO O COMPARTIDO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viajes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viajes	1.024.055	96.301	116.502	527.237	284.015
	% Total	100,0%	9,4%	11,4%	51,5%	27,7%
2018	Viajes	2.754.975	238.965	306.051	1.481.564	728.396
	% Total	100,0%	8,7%	11,1%	53,8%	26,4%
2019	Viajes	2.765.249	239.626	307.167	1.483.055	735.401
	% Total	100,0%	8,7%	11,1%	53,6%	26,6%
2020	Viajes	4.155.080	1.091.949	713.870	1.122.512	1.226.749
	% Total	100,0%	26,3%	17,2%	27,0%	29,5%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	6.234.522*	2.176.472*	858.607*	1.145.958*	2.053.485*
	% Total	100,0%	34,9%	13,8%	18,4%	32,9%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Observando os datos da demanda do transporte público integrado ou compartido, acentúase o incremento da demanda de usuarios na dita modalidade de transporte debido ao proceso de integración levado a cabo desde o ano 2017 que culmina coa implantación do PTPG.

A demanda de usuarios no transporte público integrado ou compartido incrementouse de forma notable desde o ano 2017, alcanzado a súa cima no ano 2020, á vista dos datos, con 4,1 millóns de usuarios no citado transporte.

En canto á demanda de transporte integrado ou compartido por provincias, a provincia de Pontevedra é a que máis usuarios concentra no ano 2020, en torno ao 30% da demanda total en transporte integrado ou compartido en Galicia, seguida da demanda na provincia de Ourense e A Coruña cun 27% e 26,3%, respectivamente. A provincia de Lugo é a que menos usuarios ten nos servizos integrados ou compartidos debido ao volume menor de poboación na dita provincia.

En termos xerais, a demanda de usuarios aumentou proporcionalmente en todas as provincias durante os últimos anos, destacando a provincia de Ourense que duplicou a súa demanda desde o ano 2017 ao 2019, debido ao proceso de integración levado a cabo na referida zona.

Saliéntase tamén que no ano 2020, coa posta en marcha das novas concesións de transporte do PTPG, o volume de usuarios nestes servizos integrados ou compartidos se incrementou notablemente, menos na provincia de Ourense, na cal a maior parte do proceso de integración de escolares se levou a cabo no ano 2017. Neste caso, a diminución de demanda en 2020 débese principalmente ás restricións aplicadas coa pandemia COVID-19 e á ausencia de colexio uns meses.

Confírmase, entón, á vista dos datos de demanda, **a consolidación do proceso de integración levado a cabo, e como consecuencia deste chégase á cantidade de 4,1 millóns de usuarios no ano 2020.**

A demanda do transporte público integrado ou compartido divídese, á súa vez, na demanda de escolares e a demanda de usuarios xerais non escolares que aproveitaron os servizos integrados para satisfacer as súas necesidades de desprazamento.

ANO		DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO O COMPARTIDO				
		DEMANDA DE ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viajes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viajes	1.003.776	94.171	111.934	518.524	279.147
	% Total	100,0%	9,4%	11,2%	51,7%	27,8%
2018	Viajes	2.690.691	233.680	294.845	1.459.130	703.036
	% Total	100,0%	8,7%	11,0%	54,2%	26,1%
2019	Viajes	2.695.018	234.288	295.475	1.460.395	704.860
	% Total	100,0%	8,7%	11,0%	54,2%	26,2%
2020	Viajes	4.123.837	1.088.060	709.331	1.118.772	1.207.674
	% Total	100,0%	26,4%	17,2%	27,1%	29,3%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	6.168.506*	2.157.975*	853.371*	1.133.565*	2.023.594*
	% Total	100,0%	35,0%	13,8%	18,4%	32,8%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Analizando os datos da táboa, obsérvase como no ano 2020 houbo un total de 4.123.837 escolares transportados. Tendo en conta que nos servizos integrados ou compartidos a demanda total era de 4.155.080 usuarios, os escolares con reserva de praza correspóndense cun 99,2% da demanda desta modalidade de transporte.

O 0,8% restante da demanda correspóndese coas persoas usuarias xerais sen reserva de praza, que no ano 2020 foron un total de 31 mil usuarios nos servizos integrados ou compartidos. Este dato do 2020 está afectado polas restricións no transporte debido ao COVID-19.

ANO		DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO O COMPARTIDO				
		DEMANDA USUARIOS NO ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viajes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viajes	20.279	2.130	4.568	8.713	4.868
	% Total	100,0%	10,5%	22,5%	43,0%	24,0%
2018	Viajes	64.284	5.285	11.206	22.434	25.360
	% Total	100,0%	8,2%	17,4%	34,9%	39,4%
2019	Viajes	70.231	5.338	11.692	22.660	30.541
	% Total	100,0%	7,6%	16,6%	32,3%	43,5%
2020	Viajes	31.243	3.889	4.539	3.740	19.075
	% Total	100,0%	12,4%	14,5%	12,0%	61,1%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	66.016*	18.496*	5.237*	12.393*	29.891*
	% Total	100,0%	28,0%	7,9%	18,8%	45,3%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Destaca que a demanda de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos se incrementou desde o ano 2017 ao ano 2019, obtendo a cifra máxima de demanda destes viaxeiros en 2019, cun total de 70 mil persoas usuarias na dita modalidade de transporte compartido.

Este tipo de modalidade asociada ao transporte integrado con persoas usuarias xerais en autobús compartido supón unha alternativa relevante de transporte público por estrada para algunhas zonas de Galicia.

Isto fai referencia ao acerto do propio proceso de integración realizado en Galicia, xa que coa baixa demanda destes servizos non sería viable ofrecer unha oferta de transporte diferenciada para as máis de 70.000 persoas que en 2019 utilizaron estes servizos. Co proceso de integración posibilítase a oferta deste servizo público e, desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

3.1.3. Demanda do transporte público non integrado

A continuación, neste apartado preséntase a información ou evolución da demanda en transporte público non integrado para o período comprendido entre 2016 e 2020, desagregando a información por provincias.

Observando os datos da demanda do transporte público non integrado, resáltase o incremento das persoas usuarias nos servizos regulares desde o ano 2016 ao ano 2019, producíndose a maior demanda de viaxeiros en servizos non integrados cun total de 20,4 millóns de usuarios.

ANO		DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viajes	13.663.553	8.651.908	1.148.565	340.564	3.522.516
	% Total	100,0%	63,3%	8,4%	2,5%	25,8%
2017	Viajes	17.287.052	11.332.299	1.224.121	598.444	4.132.188
	% Total	100,0%	65,6%	7,1%	3,5%	23,9%
2018	Viajes	19.240.178	11.904.015	1.325.265	1.028.448	4.982.450
	% Total	100,0%	61,9%	6,9%	5,3%	25,9%
2019	Viajes	20.457.946	12.712.174	1.410.125	1.106.697	5.228.950
	% Total	100,0%	62,1%	6,9%	5,4%	25,6%
2020	Viajes	11.605.633	7.033.611	944.306	476.565	3.151.151
	% Total	100,0%	60,6%	8,1%	4,1%	27,2%
2021 (30-xuñ)	Viaxes	6.022.128*	3.969.422*	236.894*	267.053*	1.548.759*
	% Total	100,0%	65,9%	3,9%	4,4%	25,7%

* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2021, non coa demanda anual que se percibe no resto de anos.

Desde o ano 2019 ao ano 2020, produciuse unha redución das persoas usuarias nos servizos regulares non integrados debido principalmente ás restricións pola emerxencia sanitaria da pandemia do COVID-19.

No ano 2020 houbo menos usuarios nos servizos de transporte non integrados que no ano 2016 polo motivo sinalado das restricións de mobilidade. Concretamente desde o ano 2019 houbo unha redución da demanda total anual dun 43,2%.

Cabe sinalar que a demanda nos servizos non integrados se incrementou progresivamente desde o ano 2016 ata o ano 2019 en todas as provincias, pero a pandemia detivo a evolución crecente da mesma. Paulatinamente no ano 2021 recupérase parte da demanda perdida no ano 2020, que se analizará no seguinte apartado.

3.2. Demanda de usuarios no período da memoria anual: xullo de 2020 a xuño de 2021

Os datos presentados anteriormente móstrannos a situación e distribución da demanda das persoas usuarias no transporte público por estrada de Galicia antes da implantación do PTPG e o efecto da pandemia no transporte.

A análise cuantitativa dos resultados conseguidos na demanda coa implantación do PTPG complétase cunha avaliación cualitativa do escenario que propiciou tales resultados.

Nos próximos apartados, realizaranse distintas análises de demanda na totalidade da comunidade galega, a nivel das catro provincias e a nivel das Áreas de Transporte Metropolitano, afondando así na análise da evolución da demanda de usuarios que fan referencia ao período de estudo desta memoria, desde o mes de xullo de 2020 ao mes de xuño de 2021.

Na metodoloxía seguida para a análise da demanda a efectos da repartición da información por provincia tívose en conta o responsable de cada un dos contratos de concesión, é dicir, o Servizo de Mobilidade (SM) ao que está adscrito cada contrato.

Por outro lado, os datos das ATM correspóndense coa información extraída do sistema tecnolóxico da Xunta de Galicia.

Por último, para o reparto da demanda a nivel da comarca, tívose en conta os servizos e os usuarios en canto á parada orixe da viaxe en función da súa zona xeográfica. Esta análise presentarase nun anexo á memoria.

3.2.1. Demanda de usuarios

Do mesmo xeito que nos puntos anteriores, neste apartado afondarase na análise da evolución mensual da demanda diferenciada por cada tipoloxía de servizos que ofrece o PTPG en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos preséntanse da mesma forma que no apartado anterior, por unha banda a demanda total de servizos e, por outra, dos servizos integrados ou compartidos, que á súa vez se divide na demanda de escolares e non escolares e a demanda de servizos non integrados.

Os servizos baixo demanda analizaranse no apartado 3.3 deste documento, aínda que os ditos usuarios xa están contabilizados na demanda total das táboas presentadas.

3.2.1.1. Demanda total de usuarios

A demanda total de usuarios do transporte público en Galicia foi aumentando progresivamente no período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021, cunha recuperación notable da demanda logo das restricións no transporte por mor da pandemia.




ANO	MES	GALICIA				
		DEMANDA TOTAL TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA USUARIOS ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2020	07	1.051.376	129	0	129	1.051.247
	08	974.960	112	0	112	974.848
	09	1.407.313	323.465	321.455	2.010	1.083.848
	10	1.869.572	765.914	760.428	5.486	1.103.658
	11	1.905.247	894.139	887.713	6.426	1.011.108
	12	1.384.915	587.310	582.971	4.339	797.605
2021	01	1.677.814	855.257	848.625	6.633	822.557
	02	1.754.311	981.975	971.866	10.109	772.336
	03	2.229.232	1.141.051	1.129.168	11.883	1.088.181
	04	2.185.178	1.142.401	1.127.638	14.763	1.042.777
	05	2.250.324	1.154.134	1.140.344	13.790	1.096.190
	06	2.159.791	959.704	950.865	8.839	1.200.087
Total período		**20.850.034**	**8.805.591**	**8.721.073**	**84.518**	**12.044.443**
% Total		100,0%	42,2%	41,8%	0,4%	57,8%

Con respecto á táboa anterior e ás seguintes, que apareza demanda de usuarios non escolares en expedicións integradas ou compartidas en xullo e agosto débese a que son servizos que realmente non son integrados, pero que dan continuidade no período estival ás liñas que se prestan como tales o resto do ano e, polo tanto, séguese a mesma configuración.

A cifra máxima de demanda de servizos mensual alcanzouse en maio de 2021 cun total de 2,25 millóns de viaxeiros, o que supón un incremento de case un 34% respecto de principios de ano. Isto indica unha recuperación da demanda nos últimos meses nos servizos de transporte público de Galicia. Durante este período, a demanda total alcanzou unha suma de 20,8 millóns de usuarios nestes 12 meses de análises na memoria, dos cales un 57,8% dos servizos se corresponden aos servizos regulares non integrados e o 42,2% restante, aos servizos integrados ou compartidos con escolares.

DEMANDA TOTAL TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA DE GALICIA




Observando os últimos meses de datos de demanda, mantense unha tendencia á alza da demanda, a cal se analizará na memoria anual do próximo ano.

Comparando os datos de xuño de 2021 con setembro de 2020, a demanda incrementouse un 53%, tendo en conta que en decembro se puxeron en marcha novas concesións de transporte público completando o proceso de integración de escolares, ademais da notable melloría da demanda despois da pandemia do COVID-19.

En canto á demanda do transporte público integrado ou compartido en Galicia, incrementouse progresivamente no período que comprende a memoria, como se percibe na seguinte gráfica, cun notable aumento en xaneiro de 2021 coa posta en marcha o 23 de decembro das últimas concesións de transporte do PTPG e ao incrementar o número de servizos en oferta.

DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO DE GALICIA




A continuación, móstranse os datos da demanda total mensual de servizos de transporte por provincia para o período da presente memoria.

ANO	MES	DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	1.051.376	566.628	115.320	42.498	326.930
	08	974.960	519.336	114.885	36.904	303.835
	09	1.407.313	708.024	160.741	114.234	424.314
	10	1.869.572	859.709	224.690	216.480	568.693
	11	1.905.247	852.753	207.985	236.907	607.602
	12	1.384.915	610.111	154.904	167.566	452.334
2021	01	1.677.814	843.368	150.885	203.536	480.026
	02	1.754.311	852.134	166.342	209.481	526.354
	03	2.229.232	1.110.137	195.159	250.978	672.958
	04	2.185.178	1.086.986	205.250	256.024	636.918
	05	2.250.324	1.132.605	194.326	266.347	657.046
	06	2.159.791	1.120.664	183.540	226.645	628.942
Total período		**20.850.034**	**10.262.455**	**2.074.027**	**2.227.600**	**6.285.952**
% Total		100,0%	49,2%	9,9%	10,7%	30,1%

Obsérvase na táboa como a demanda total de transporte público se incrementou en maior medida nas provincias da Coruña e Pontevedra, pola posta en marcha das novas concesións de transporte público nas ditas provincias cun consecuente aumento da oferta de servizos. Nas restantes provincias a demanda foi máis estable, producíndose un incremento mínimo da demanda en Ourense, principalmente.

DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO



Examinando a gráfica, pódese concluír que o 49% da demanda total de transporte público no período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021 corresponde á provincia da Coruña, seguida dun 30% das persoas usuarias da provincia de Pontevedra. Ás provincias de Lugo e Ourense correspóndelles o 21% da demanda de usuarios restante.

3.2.1.2. Demanda de transporte integrado ou compartido


A continuación, neste apartado preséntase a información da demanda en transporte público integrado ou compartido para o período comprendido da memoria, desagregando a información por provincias.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	129	0	65	58	6
	08	112	23	49	26	14
	09	323.465	102.919	58.516	75.130	86.900
	10	765.914	247.545	125.835	176.165	216.369
	11	894.139	301.801	122.937	195.201	274.200
	12	587.310	192.500	86.290	128.759	179.761
2021	01	855.257	301.461	116.386	166.575	270.835
	02	981.975	347.362	135.533	175.763	323.317
	03	1.141.051	395.724	155.277	203.828	386.222
	04	1.142.401	397.944	165.491	209.907	369.059
	05	1.154.134	402.138	151.363	216.826	383.807
	06	959.704	331.842	134.557	173.060	320.245
Total período		**8.805.591**	**3.021.260**	**1.252.299**	**1.721.297**	**2.810.735**
% Total		100,0%	34,3%	14,2%	19,5%	31,9%

Comparando os datos da demanda do transporte público integrado ou compartido de forma mensual, percíbese un incremento da demanda na dita modalidade de transporte, en maior medida desde xaneiro de 2021 coa posta en marcha dos últimos contratos de concesión do PTPG.

En todas as provincias incrementouse a demanda de usuarios en maior medida a partir de xaneiro de 2021, obténdose que o 34% da demanda de usuarios en transporte público integrado ou compartido pertence á provincia da Coruña, seguida moi de preto polas persoas usuarias da provincia de Pontevedra cun 32% da demanda total desta modalidade. O 34% restante divídese entre as provincias de Lugo e Ourense, cun 14% e un 20%, respectivamente.

DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO




Confírmase, entón, á vista dos datos de demanda, a consolidación do proceso de integración levado a cabo, cun total de case 9 millóns de usuarios nestes servizos integrados ou compartidos.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA DE ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	0	0	0	0	0
	08	0	0	0	0	0
	09	321.455	102.770	58.212	74.818	85.655
	10	760.428	246.692	125.143	175.533	213.060
	11	887.713	300.908	122.133	194.549	270.123
	12	582.971	192.046	85.566	128.314	177.045
2021	01	848.625	300.382	115.590	165.985	266.667
	02	971.866	344.776	134.636	174.385	318.069
	03	1.129.168	392.370	154.192	202.142	380.464
	04	1.127.638	392.850	164.507	207.469	362.812
	05	1.140.344	397.850	150.539	213.394	378.561
	06	950.865	329.747	133.907	170.190	317.021
Total período		**8.721.073**	**3.000.391**	**1.244.425**	**1.706.779**	**2.769.477**
% Total		100,0%	34,4%	14,3%	19,6%	31,8%

Como xa se comenta anteriormente, a demanda do transporte público integrado ou compartido divídese, á súa vez, na demanda de escolares e a demanda de usuarios xerais non escolares que aproveitaron os servizos integrados para satisfacer as súas necesidades de desprazamento.

En canto á demanda de escolares, no período de xullo de 2020 a xuño de 2021 que se analiza nesta memoria, a demanda incrementouse progresivamente co paso dos meses, realizando un salto da demanda no mes de xaneiro de 2021 en todas as provincias coa implantación dos servizos de transporte das novas concesións.

DEMANDA DE ESCOLARES




Móstrase na gráfica a porcentaxe de demanda de escolares de cada provincia no período analizado, obtendo que a porcentaxe de demanda de escolares é practicamente a mesma que a demanda total no transporte integrado ou compartido, o que indica que o número de usuarios xerais sen reserva de praza é unha porcentaxe menor con respecto á demanda de escolares nos ditos servizos.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	129	0	65	58	6
	08	112	23	49	26	14
	09	2.010	149	304	312	1.245
	10	5.486	853	692	632	3.309
	11	6.426	893	804	652	4.077
	12	4.339	454	724	445	2.716
2021	01	6.633	1.079	797	589	4.168
	02	10.109	2.586	897	1.378	5.248
	03	11.883	3.354	1.085	1.686	5.758
	04	14.763	5.094	984	2.438	6.247
	05	13.790	4.288	824	3.432	5.246
	06	8.839	2.095	650	2.870	3.224
Total período		**84.518**	**20.868**	**7.875**	**14.518**	**41.258**
% Total		100,0%	24,7%	9,3%	17,2%	48,8%

No período de xullo de 2020 a xuño de 2021, o número de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos foi de máis de 84 mil usuarios, cifra que se incrementou con respecto a anos anteriores. Aínda que non sexa o mesmo período de análise, dános certa información da demanda no dito período. Ademais, o incremento da demanda nos referidos servizos produciuse a partir de xaneiro de 2021, polo motivo explicado anteriormente da oferta de servizos.

A provincia onde máis se incrementaron as persoas usuarias sen reserva de praza en servizos integrados ou compartidos é a provincia da Coruña, aínda que a provincia con maior número de usuarios nestes servizos é a provincia de Pontevedra, cun 49% da demanda total de usuarios non escolares.

DEMANDA DE USUARIOS NON ESCOLARES



A provincia con menor número de usuarios sen reserva de praza nestes servizos é a provincia de Lugo, cun 9% da demanda total de usuarios non escolares.

Isto fai referencia ao acerto do propio proceso de integración realizado en Galicia. Co proceso de integración posibilítase a oferta deste servizo público e, desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

Estas cifras de demanda de escolares son significativas do esforzo realizado pola Administración no proceso de integración levado a cabo, ademais da importante mellora que ten o transporte compartido para a mobilidade das persoas usuarias nalgunhas zonas, que representan unha porcentaxe relevante das viaxes.

3.2.1.3. Demanda de transporte non integrado


A continuación, neste apartado preséntase a información mensual da demanda en transporte público non integrado para o período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021, desagregando a información por provincias.

Analizando os datos da demanda do transporte público non integrado, acentúase a constancia nos datos de demanda producidos neste período, sendo pouco variable. Nos meses de decembro, xaneiro e febreiro reduciuse a demanda nestes servizos debido principalmente ás frecuencias realizadas nestes meses e á menor mobilidade realizada en transporte público por parte das persoas usuarias.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	1.051.376	566.628	115.320	42.498	326.930
	08	974.959	519.336	114.885	36.904	303.834
	09	1.083.848	605.105	102.225	39.104	337.414
	10	1.103.658	612.164	98.855	40.315	352.324
	11	1.011.108	550.952	85.048	41.706	333.402
	12	797.605	417.611	68.614	38.807	272.573
2021	01	822.557	541.906	34.498	36.962	209.191
	02	772.336	504.772	30.809	33.718	203.037
	03	1.088.181	714.413	39.882	47.150	286.736
	04	1.042.777	689.042	39.759	46.117	267.859
	05	1.096.190	730.467	42.963	49.521	273.239
	06	1.200.087	788.822	48.983	53.585	308.697
Total período		**12.044.683**	**7.241.218**	**821.841**	**506.387**	**3.475.236**
% Total		100,0%	60,1%	6,8%	4,2%	28,9%

Dos 12 millóns de usuarios en servizos de transporte público non integrado neste período, un 60,1% dos mesmos pertencen á provincia da Coruña e o 28,9% á provincia de Pontevedra. O 11% restante pertence á demanda das persoas usuarias de Lugo e Ourense, sendo as provincias con menor número de usuarios en servizos non integrados regulares.

DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO



Cabe sinalar que a demanda constante durante os meses do período analizado fai referencia ao éxito da posta en marcha das novas concesións, mantendo a oferta de servizos antiga e incrementando os servizos nas zonas que demandaban en maior medida as persoas usuarias do transporte público, para ofrecer unha maior cobertura da rede de transporte a nivel autonómico.

3.2.2. Demanda de usuarios por provincia:

Da mesma forma que os apartados anteriores, neste apartado afóndase na análise da evolución mensual da demanda diferenciada por cada tipoloxía de servizo que ofrece o PTPG desagregado por provincias no período da presente memoria.

Ao desagregar os datos de demanda por tipo de servizo e provincia, pódense apreciar diferenzas significativas do uso por parte das persoas usuarias de cada tipo de servizo en función da provincia.

Neste caso, pódese observar como na Coruña e Pontevedra se rexistra unha maior demanda de usuarios baseada no transporte de uso xeral, sendo especialmente relevante na Coruña, onde representa o 60% do total das viaxes.

Ademais, nestas dúas provincias, o transporte integrado ou compartido tamén é alto en comparación coas provincias de Lugo e Ourense, principalmente por posuír unha maior poboación nas ditas zonas costeiras.

Nas provincias de Lugo e Ourense adquire unha maior relevancia o transporte integrado ou compartido que o transporte non integrado, como reflicten os datos de demanda. Nestas dúas provincias, estes servizos integrados teñen unha alta representatividade debido ao proceso de integración de escolares nas liñas de transporte. Ademais, nestas dúas provincias os niveis de mobilidade recorrente da poboación son menores xeralmente se o comprarmos coas provincias da Coruña e Pontevedra.

Cabe destacar que a demanda do transporte escolar se incrementou de forma xeneralizada en todas as provincias nos últimos anos, onde o número de viaxes de escolares se cuadruplicou desde 2017, como se comentaba nun apartado anterior.

3.2.2.1. Provincia da Coruña


Como se comentaba ao comezo deste apartado, na provincia da Coruña durante o período que se analiza na memoria anual, desde xullo de 2020 a xuño de 2021, houbo unha demanda de 10,2 millóns de usuarios, que corresponde cun 49,2% da demanda total de Galicia, os cales se incrementaron de forma notable desde principios do ano 2021 coa implantación das novas concesións de transporte público. Se a demanda continúa á alza os meses restantes de 2021, vista a tendencia mostrada, producirase un incremento dos usuarios que recuperará a demanda perdida no transporte de Galicia debido á emerxencia sanitaria polo COVID-19.

Destaca que dos máis de 10,2 millóns de usuarios no período de xullo de 2020 a xuño de 2021, un 70,5% corresponde a viaxes en servizos non integradas, é dicir, os servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia. Na provincia da Coruña, ao coexistir as cidades de Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña, tres das sete grandes cidades de Galicia, a demanda de mobilidade en servizos non integrados é maior que nas restantes provincias.

ANO	MES	A CORUÑA				
		DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA USUARIOS ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2020	07	566.628	0	0	0	566.628
	08	519.336	23	0	23	519.313
	09	708.024	102.919	102.770	149	605.105
	10	859.709	247.545	246.692	853	612.164
	11	852.753	301.801	300.908	893	550.952
	12	610.111	192.500	192.046	454	417.611
2021	01	843.368	301.461	300.382	1.079	541.906
	02	852.134	347.362	344.776	2.586	504.772
	03	1.110.137	395.724	392.370	3.354	714.413
	04	1.086.986	397.944	392.850	5.094	689.042
	05	1.132.605	402.138	397.850	4.288	730.467
	06	1.120.664	331.842	329.747	2.095	788.822
Total período		**10.262.455**	**3.021.260**	**3.000.391**	**20.868**	**7.241.195**
% Total		49,2%	34,3%	34,4%	24,7%	60,1%

O 29,5% restante da demanda de usuarios correspóndese coa demanda dos servizos integrados ou compartidos, dos cales o 99,3% corresponde á demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de usuarios con reserva de praza fixa.

DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO A CORUÑA



Tanto o número de escolares coma o número de usuarios de servizos xerais foi crecendo co paso dos meses, debido principalmente á recuperación do transporte coa mellora da emerxencia sanitaria.

A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi o mes de maio de 2021 cun total de case 400 mil usuarios mensuais. Ademais, o número de usuarios xerais en servizos non integrados incrementouse chegando á cifra de 788 mil usuarios ao mes en xuño de 2021, valor moi superior ao rexistrado nos meses do ano 2020.

Por último, hai que destacar o crecemento da demanda de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos, coa posta en marcha das novas concesións o 23 de decembro de 2020, chegando a triplicar as persoas usuarias que viaxaban nos servizos nos meses de 2020. Isto pon de manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia da Coruña, así coma no resto de Galicia, que posibilita a oferta deste servizo público e, desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

3.2.2.2. Provincia de Lugo

Neste apartado analízanse os datos de demanda de usuarios da provincia de Lugo. Durante o período que comprende a memoria anual, desde xullo de 2020 a xuño de 2021, houbo unha demanda en Lugo de máis de 2 millóns de usuarios, representando o 9,9% da demanda total de Galicia.


ANO	MES	LUGO				
		DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA USUARIOS ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2020	07	115.320	65	0	65	115.255
	08	114.885	49	0	49	114.836
	09	160.741	58.516	58.212	304	102.225
	10	224.690	125.835	125.143	692	98.855
	11	207.985	122.937	122.133	804	85.048
	12	154.904	86.290	85.566	724	68.614
2021	01	150.885	116.386	115.590	797	34.498
	02	166.342	135.533	134.636	897	30.809
	03	195.159	155.277	154.192	1.085	39.882
	04	205.250	165.491	164.507	984	39.759
	05	194.326	151.363	150.539	824	42.963
	06	183.540	134.557	133.907	650	48.983
Total período		**2.074.027**	**1.252.299**	**1.244.425**	**7.875**	**821.727**
% Total		9,9%	14,2%	14,3%	9,3%	6,8%

É a provincia, xunto con Ourense, con menos usuarios transportados, debido á menor cantidade de poboación con necesidades de desprazamento en comparación coas outras dúas provincias. A oferta de servizos tamén é menor que nas outras dúas provincias.

No entanto, na provincia de Lugo a demanda total permaneceu máis ou menos constante ao longo dos meses do período analizado. Con todo, a demanda de escolares incrementouse, pero reducíronse as persoas usuarias nos servizos non integrados, principalmente debido á pandemia e ao temor dos mesmos a utilizar o transporte público polo contaxio. Pódese observar como se vai recuperando a demanda de usuarios xerais a medida que transcorren os meses.

Destaca que dos máis de 2 millóns de usuarios no período de xullo de 2020 a xuño de 2021, un 39,6% corresponde a viaxes en servizos non integrados, é dicir, os servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia.

O 60,4% restante da demanda de usuarios correspóndese coa demanda dos servizos integrados ou compartidos, dos cales o 99,3% corresponde á demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de usuarios con reserva de praza fixa como se mostra no seguinte gráfico.



A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi no mes de abril de 2021 cun total de case 165 mil usuarios mensuais.

Por último, hai que destacar o crecemento da demanda de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos, coa posta en marcha das novas concesións o 23 de decembro de 2020, chegando a triplicar as persoas usuarias que viaxaban nos servizos no mes de setembro de 2020.

Isto pon de manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Lugo, así coma no resto de Galicia, que posibilita a oferta deste servizo público e, desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

3.2.2.3. Provincia de Ourense

Neste apartado analízanse os datos de demanda de usuarios de Ourense, coma no resto das provincias. Durante o período que comprende a memoria anual, desde xullo de 2020 a xuño de 2021, houbo unha demanda en Ourense de máis de 2,2 millóns de usuarios, representando o 10,7% da demanda total de Galicia.

É a provincia, xunto con Lugo, con menos usuarios transportados, debido á menor cantidade de poboación con necesidades de desprazamento en comparación coas outras dúas provincias, e destaca que sexa a provincia con menos usuarios xerais en servizos non integrados transportados.


En Ourense, a principal demanda de usuarios é a de servizos integrados co transporte de escolares, correspondéndose co 77,3% da demanda total da provincia.

ANO	MES	OURENSE				
		DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA USUARIOS ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2020	07	42.498	58	0	58	42.440
	08	36.904	26	0	26	36.878
	09	114.234	75.130	74.818	312	39.104
	10	216.480	176.165	175.533	632	40.315
	11	236.907	195.201	194.549	652	41.706
	12	167.566	128.759	128.314	445	38.807
2021	01	203.536	166.575	165.985	589	36.962
	02	209.481	175.763	174.385	1.378	33.718
	03	250.978	203.828	202.142	1.686	47.150
	04	256.024	209.907	207.469	2.438	46.117
	05	266.347	216.826	213.394	3.432	49.521
	06	226.645	173.060	170.190	2.870	53.585
Total período		**2.227.600**	**1.721.297**	**1.706.779**	**14.518**	**506.303**
% Total		10,7%	19,5%	19,6%	17,2%	4,2%

O 22,7% restante da demanda corresponde coas persoas usuarias xerais dos servizos non integrados, sendo a provincia de Galicia con menos usuarios nesta modalidade, con só un 4,2% dos mesmos.

Por tanto, o incremento da demanda en Ourense é debido principalmente ao incremento da demanda de escolares nas liñas integradas ou compartidas.

A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi no mes de maio de 2021 cun total de case 214 mil escolares mensuais.



Por último, hai que destacar o crecemento da demanda de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos co paso dos meses, chegando a multiplicar por 5 as persoas usuarias que viaxaban nos servizos nos meses de 2020.

Isto pon de manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Ourense.

3.2.2.4. Provincia de Pontevedra


Como se comentaba ao comezo deste punto, na provincia de Pontevedra durante o período que se analiza a memoria anual, desde xullo de 2020 a xuño de 2021, houbo unha demanda de máis de 6,2 millóns de usuarios, que corresponde cun 30,1% da demanda total de Galicia, os cales se incrementaron de forma notable desde principios do ano 2021 coa implantación das novas concesións de transporte público.

Se a demanda continúa á alza os meses restantes de 2021, vista a tendencia mostrada, producirase un incremento dos usuarios que recuperará a demanda perdida no transporte de Galicia debido á emerxencia sanitaria polo COVID-19.

Destaca que dos máis de 6,2 millóns de usuarios no período de xullo de 2020 a xuño de 2021, un 55,3% corresponde con viaxes en servizos non integrados, é dicir, os servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia. Na provincia de Pontevedra, ao coexistir as cidades de Pontevedra e Vigo, dúas das sete grandes cidades de Galicia, a demanda de mobilidade en servizos non integrados é maior que nas provincias de Lugo e Ourense, e por detrás da provincia da Coruña.

ANO	MES	PONTEVEDRA				
		DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA USUARIOS ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2020	07	326.930	6	0	6	326.924
	08	303.834	14	0	14	303.820
	09	424.314	86.900	85.655	1.245	337.414
	10	568.693	216.369	213.060	3.309	352.324
	11	607.602	274.200	270.123	4.077	333.402
	12	452.334	179.761	177.045	2.716	272.573
2021	01	480.026	270.835	266.667	4.168	209.191
	02	526.354	323.317	318.069	5.248	203.037
	03	672.958	386.222	380.464	5.758	286.736
	04	636.918	369.059	362.812	6.247	267.859
	05	657.046	383.807	378.561	5.246	273.239
	06	628.942	320.245	317.021	3.224	308.697
Total período		**6.285.951**	**2.810.735**	**2.769.477**	**41.258**	**3.475.216**
% Total		30,1%	31,9%	31,8%	48,8%	28,9%

O 44,7% restante da demanda de usuarios correspóndese coa demanda dos servizos integrados ou compartidos, dos cales o 98,5% corresponde á demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de usuarios con reserva de praza fixa.



A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi no mes de marzo de 2021, cun total de case 320 mil escolares mensuais.

Hai que destacar o crecemento da demanda de usuarios xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos, coa posta en marcha das novas concesións o 23 de decembro de 2020, chegando a duplicar nalgúns casos as persoas usuarias que viaxaban nos servizos en comparación cos meses de 2020. Isto pon de manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Pontevedra.

Por último, o número de usuarios xerais en servizos non integrados caeu nos inicios do ano 2021 debido ás consecuencias da pandemia COVID-19 no transporte de viaxeiros, pero paulatinamente estase recuperando a demanda co paso dos meses.

3.2.3. Demanda de usuarios por Área de Transporte Metropolitano

Da mesma forma que os apartados anteriores, neste apartado afóndase na análise da evolución mensual da demanda de usuarios desagregando por cada Área de Transporte Metropolitano no período da presente memoria.

En Galicia, o obxectivo fundamental das Áreas de Transporte Metropolitano é mellorar a mobilidade e a accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas e, por tanto, que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

A demanda de usuarios dentro das ATM de Galicia que se presenta neste capítulo céntrase exclusivamente nos servizos que non son baixo demanda nin compartidos, é dicir, os servizos fixos e regulares que transcorren polos Concellos pertencentes a cada Área de Transporte Metropolitano, debido a que o Plan de Transporte Metropolitano ten como obxectivo facilitar o desprazamento e a mobilidade de forma recorrente da poboación.


Hai que destacar que a demanda nas ATM foi aumentando de maneira constante e xeneralizada durante os últimos anos, alcanzando un máximo de 16 millóns de usuarios en 2019. Con todo, coa emerxencia sanitaria derivada da pandemia do COVID-19 e as restricións impostas no transporte de viaxeiros, a demanda de usuarios reduciuse á metade no ano 2020.

No entanto, o incremento progresivo de usuarios entre 2017 e 2019 débese a que as persoas usuarias posúen un mellor coñecemento das prestacións do servizo dentro da ATM e polo propio acerto das medidas adoptadas, especialmente as referentes á integración e ás bonificacións tarifarias, o cal é un claro indicador da boa acollida por parte dos viaxeiros/as e da consolidación desta proposta.

ANO		VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO					
		Galicia	ATM A Coruña	ATM Ferrol	ATM Lugo	ATM Santiago de Compostela	ATM Vigo
2017	Viaxes	14.285.581	6.186.145	2.351.411	129.970	2.745.979	2.872.076
	% Total	100%	43%	16%	1%	19%	20%
2018	Viaxes	14.937.051	6.422.488	2.442.386	116.347	2.899.846	3.055.984
	% Total	100%	43%	16%	1%	19%	20%
2019	Viaxes	16.084.779	7.018.226	2.655.908	124.427	3.038.040	3.248.178
	% Total	100%	44%	17%	1%	19%	20%
2020	Viaxes	8.923.040	4.084.271	1.381.264	62.829	1.571.965	1.822.711
	% Total	100%	46%	15%	1%	18%	20%

En canto ás diferentes ATM, apréciase que a da Coruña, cun total de 7 millóns de usuarios, é a que ten a maior demanda, que se sitúa ao redor do 44% no ano 2019. A demanda da ATM de Vigo é a seguinte con maior número de viaxeiros, cun 20% da demanda total, con 3,2 millóns de usuarios. Logo está a ATM de Santiago cun total de 3 millóns de usuarios e a ATM de Ferrol con 2,6 millóns de usuarios, correspondéndose co 19% e o 17% da demanda total, respectivamente, nas Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia. A ATM de Lugo, cun 1%, é a que menor cantidade de usuarios contén.

No ano 2020, como xa se comenta anteriormente, a demanda en todas as provincias caeu ao redor da metade, sendo máis drástica a caída de demanda na ATM de Vigo, na cal houbo un terzo da demanda de 2019.



Caso particular é a pouca demanda de usuarios da ATM de Vigo en comparación coa súa alta densidade de poboación en comparación co resto de Galicia. A diferenza de demanda de usuarios existente entre a ATM de Vigo e as demais prodúcese por diferentes motivos. Por unha banda, a non integración do transporte urbano da cidade de Vigo na ATM pola negativa do Concello de Vigo a integrarse no Plan, e doutra banda, a específica configuración dos asentamentos urbanos de cada ATM que provocan diferentes necesidades recorrentes de mobilidade, máis acentuadas cando parte da poboación se empraza en concellos limítrofes ao da capital, que actúan de forma máis ou menos destacado como "cidades dormitorio".

Tamén se acentúa, vendo os datos de demanda, que a ATM con maior número de concellos adheridos é a de Santiago, e non é a que máis usuarios ten. Ademais, en canto a Ferrol, débese de ter en conta que carece de autobús urbano, a pesar de ser un servizo público que se debería prestar por ter máis de 50.000 habitantes. Por tanto, o transporte interurbano suple esa carencia municipal, e por tanto, vese incrementado o número de viaxes.

Por último, a ATM de Lugo sitúase ao redor das 125.000 viaxes no ano 2019, a única que experimentou un lixeiro descenso entre os anos 2017 e 2019. No ano 2020 decreceu a demanda ata a metade aproximadamente co efecto da pandemia.

A continuación, analízanse os datos de demanda para as distintas ATM para o período de xullo de 2020 a xuño de 2021 desagregados por meses, para poder analizar máis ao detalle a súa evolución durante o último ano.

3.2.3.1. ATM da Coruña

Como se comentaba anteriormente, esta é a ATM con maior demanda de usuarios de Galicia, alcanzando case os 4 millóns de viaxeiros no período de xullo de 2020 a xuño de 2021.

ANO	MES	VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM A Coruña
2020	07	710.411	365.633
	08	642.360	320.999
	09	743.085	356.670
	10	801.704	374.555
	11	705.760	332.799
	12	651.618	311.182
2021	01	551.482	263.845
	02	518.345	230.141
	03	731.035	330.991
	04	708.028	336.339
	05	742.204	368.330
	06	775.129	377.719
Total período		**8.281.161**	3.969.203
% Total		100%	48%

Nos primeiros meses do ano 2021 o número de viaxeiros totais na ATM da Coruña foi moi similar ao de 2020, excedendo os 350.000 viaxeiros/as nalgún mes.

Non obstante, a demanda da ATM da Coruña correspóndese co 48% da demanda das 5 ATM de Galicia.

Estas cifras aínda se atopan por baixo da demanda en 2019, antes do impacto na mobilidade provocado pola pandemia. Con todo, obsérvase unha leve melloría da demanda de viaxeiros nos servizos de transporte, o que se poderá comprobar na memoria anual do ano que vén, para analizar a recuperación da demanda pospandemia.

3.2.3.2. ATM de Ferrol

Nesta Área de Transporte Metropolitano rexistrouse unha demanda de case 1,5 millóns de usuarios durante este período, situándose aínda por baixo dos niveis de 2019, previos á pandemia.

ANO	MES	VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Ferrol
2020	07	710.411	116.122
	08	642.360	113.634
	09	743.085	142.557
	10	801.704	150.815
	11	705.760	122.249
	12	651.618	118.222
2021	01	551.482	106.007
	02	518.345	90.656
	03	731.035	129.141
	04	708.028	121.418
	05	742.204	130.376
	06	775.129	138.704
Total período		**8.281.161**	1.479.901
% Total		100%	18%

O número de viaxeiros totais na ATM de Ferrol nos primeiros meses de 2021 foi moi similar ao dos últimos meses de 2020, achegándose aos 140.000 viaxeiros/as nos últimos meses do período desta memoria.

Non obstante, a demanda da ATM de Ferrol correspóndese co 18% da demanda das 5 ATM de Galicia sendo xunto con Santiago de Compostela as ATM con máis demanda só por detrás da ATM da Coruña.

3.2.3.3. ATM de Lugo

Na liña das anteriores, a demanda na ATM de Lugo situouse por baixo das cifras de 2019, antes do impacto na mobilidade provocado pola pandemia.

É a ATM con menor número de viaxeiros desde hai anos. A crise sanitaria aínda lle fixo reducir máis as persoas usuarias, coma no resto das áreas. Durante o ano 2020, déuselle servizo a máis de 60 mil usuarios, un 45% menos que no ano 2019.

ANO	MES	VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Lugo
2020	07	710.411	5.341
	08	642.360	5.162
	09	743.085	6.049
	10	801.704	6.693
	11	705.760	7.316
	12	651.618	6.479
2021	01	551.482	5.806
	02	518.345	5.770
	03	731.035	7.249
	04	708.028	6.035
	05	742.204	7.528
	06	775.129	6.787
Total período		**8.281.161**	76.215
% Total		100%	1%

Non obstante, a demanda de usuarios totais na ATM de Lugo no período da memoria é similar tanto nos primeiros meses de 2021 coma nos últimos meses de 2020, ao redor dos 7.000 viaxeiros/as mensuais no período desta memoria. A demanda da ATM de Lugo correspóndese co 1% da demanda das 5 ATM de Galicia.

3.2.3.4. ATM de Santiago de Compostela

Nesta Área de Transporte Metropolitano rexistrouse unha demanda de máis de 1,5 millóns de usuarios durante este período, situándose aínda por baixo dos niveis de 2019, previos á pandemia, pero cunha lixeira melloría da demanda de viaxeiros nos servizos de transporte, o que se poderá comprobar na memoria anual do ano que vén, para analizar a recuperación da demanda pospandemia.

ANO	MES	VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Santiago de Compostela
2020	07	710.411	106.587
	08	642.360	94.515
	09	743.085	127.466
	10	801.704	157.028
	11	705.760	146.442
	12	651.618	119.872
2021	01	551.482	94.713
	02	518.345	116.710
	03	731.035	157.938
	04	708.028	140.982
	05	742.204	134.559
	06	775.129	139.942
Total período		**8.281.161**	1.536.754
% Total		100%	19%

Na ATM de Santiago de Compostela nos primeiros meses de 2021, o número de viaxes totais na ATM foi algo superior ao de 2020, superando os 157.000 viaxeiros/as no mes de marzo de 2021. Non obstante, a demanda da ATM de Santiago de Compostela correspóndese co 19% da demanda das 5 ATM de Galicia.

3.2.3.5. ATM de Vigo

A ATM de Vigo presenta uns datos máis baixos de demanda por diversas causas, como se mencionaron anteriormente.

ANO	MES	VIAXES TOTAIS TRANSPORTE PÚBLICO EN ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Vigo
2020	07	710.411	116.728
	08	642.360	108.050
	09	743.085	110.343
	10	801.704	112.613
	11	705.760	96.954
	12	651.618	95.863
2021	01	551.482	81.111
	02	518.345	75.068
	03	731.035	105.716
	04	708.028	103.254
	05	742.204	101.411
	06	775.129	111.977
Total período		**8.281.161**	1.219.088
% Total		100%	15%

Non obstante, obsérvase certa melloría da demanda de usuarios nos primeiros meses do ano 2021, o que se poderá comprobar na memoria anual do ano que vén, para analizar a recuperación da demanda pospandemia.

O número de viaxeiros/as totais na ATM de Vigo sitúase ao redor dos 110.000 viaxeiros/as nos últimos meses do período desta memoria, correspondéndose co 15% da demanda total de usuarios nas ATM de Galicia.

3.3. Transporte baixo demanda

O alto nivel de dispersión e envellecemento da poboación galega son factores determinantes na planificación dun mapa adaptado ás necesidades cambiantes do transporte público. Por este motivo, e co obxectivo de lograr que toda poboación teña acceso aos servizos de transporte público, articulouse un servizo á medida, denominado como "baixo demanda", especialmente concibido para mellorar a conexión do rural coas grandes urbes.

É outra das modalidades creadas polo PTPG para liquidar un dos principais retos da mobilidade en Galicia: atender a as persoas usuarias que requiren desprazamentos individuais e sen frecuencia fixa, especialmente naquelas zonas do rural menos conectadas, e lograr que ninguén quede sen servizo de transporte, pero evitando a circulación de autobuses baleiros ou con moitas prazas dispoñibles.

O número de liñas baixo demanda en Galicia experimentou en xuño de 2021 un crecemento do 2,48% ata alcanzar as 2.022 liñas a demanda. Existen 22.889 puntos de parada para atender solicitudes as cales permiten prestar 848.999 desprazamentos baixo demanda ao ano.

Para considerar unha liña baixo demanda non fai falta que todas as súas paradas do itinerario sexan a demanda, senón que sería suficiente con que unha delas se atenda deste modo.

A progresión dos servizos baixo demanda foi crecendo en paralelo ao incremento do transporte integrado ou compartido, xa que a maioría das liñas baixo demanda son derivadas do transporte integrado que se realizan en horas non lectivas.

Así, pódese apreciar como o número de viaxes se incrementou nos últimos anos en todas as provincias, a excepción do ano 2020 polo impacto da crise sanitaria no transporte de viaxeiros e na mobilidade en xeral.

Este tipo de mobilidade, aínda que está en auxe desde a implantación do PTPG, segue representando unha pequena proporción do total da demanda, polo que a súa boa acollida fai esperar que poida seguir crecendo nos próximos anos.

Como xa se comentou anteriormente, as reservas de viaxes nos servizos baixo demanda pódense facer a través da páxina bus.gal, a APP de transporte público ou mediante unha chamada telefónica ata as 19 horas do día laborable anterior ao que se desexa viaxar.

Na seguinte táboa móstrase unha evolución dos usuarios nos servizos baixo demanda.

ANO		TRANSPORTE PÚBLICO BAIXO DEMANDA				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2018	Viaxes	798	0	54	742	2
	% Total	100%	0,0%	6,8%	93,0%	0,3%
2019	Viaxes	7.725	96	183	7.444	2
	% Total	100%	1,2%	2,4%	96,4%	0,0%
2020	Viaxes	889	32	5	841	11
	% Total	100%	3,6%	0,6%	94,6%	1,2%

Percíbese un incremento das viaxes en servizos baixo demanda do ano 2018 ao ano 2019, principalmente na provincia de Ourense, sendo a provincia onde máis servizos desta modalidade existen. Ao igual que o resto da demanda, esa tendencia ascendente viuse interrompida en 2020 debido ao impacto na mobilidade da pandemia do COVID-19. Con todo, a aposta por este tipo de mobilidade e o incremento da súa demanda nos primeiros anos da súa implantación fai esperar que siga evolucionando positivamente nos próximos anos.


Se se visualiza a evolución dos usuarios neste tipo de servizos no período da memoria, de xullo de 2020 a xuño de 2021, obsérvase como nos meses non lectivos hai unha maior demanda de usuarios, aínda que, con todo, a partir de marzo de 2021 se incrementaron notablemente os usuarios nestes servizos.

ANO	MES	TRANSPORTE PÚBLICO BAIXO DEMANDA				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	183	0	0	182	1
	08	113	2	0	111	0
	09	87	2	0	85	0
	10	47	0	2	45	0
	11	32	0	0	32	0
	12	42	7	0	34	1
2021	01	35	15	0	20	0
	02	39	29	0	10	0
	03	114	68	0	45	1
	04	118	38	0	78	2
	05	169	35	6	128	0
	06	218	49	12	156	1
Total período		**1.197**	**245**	**20**	**926**	**6**
% Total		100,0%	20,5%	1,7%	77,4%	0,5%

As provincias de Lugo e Pontevedra foron onde menos usuarios houbo en relación a esta modalidade de servizo, sendo a provincia de Ourense, cun 77% da demanda total en transporte baixo demanda, onde máis usuarios utilizaron este servizo. O 20% dos usuarios restantes pertence aos servizos baixo demanda da Coruña.

No período comprendido da memoria houbo un total de **1.197 usuarios que utilizaron a modalidade de transporte baixo demanda.**


USUARIOS NO TRANSPORTE PÚBLICO BAIXO DEMANDA



Estes datos **tradúcense nunha media mensual de 100 usuarios que utilizan este servizo baixo demanda.**

Doutra banda, destaca a cantidade de chamadas recibidas por parte dos usuarios para se informaren sobre este servizo. Visualizando a distribución temporal das chamadas realizadas a través do **centro de chamadas** desde o seu lanzamento, pódese observar que este número experimentou un aumento xeneralizado ata finais de 2019, como se aprecia no gráfico seguinte.


Solicitudes de reserva de Transporte Baixo Demanda - PTPG



Pódese observar que o número de chamadas tivo unha tendencia ascendente desde a súa posta en marcha a principios de 2018, con pequenas variacións nalgúns dos meses, o que significa que ao longo do ano 2019 se produciu un aumento de chamadas do 95% respecto ao mesmo período do ano anterior. **Isto tradúcese nunha media mensual de 488 chamadas á central de chamadas ata o ano 2020.**

Por último, móstranse as chamadas realizadas á central de chamadas por parte dos usuarios no período que comprende a memoria anual.

Chamadas á central de reservas de Transporte Baixo Demanda - PTPG





Desde o mes de xullo de 2020 a xuño de 2021, houbo unha media mensual de 650 chamadas á central de chamadas. Por tanto, o número de chamadas, para informarse sobre o servizo ou realizar a reserva do mesmo, incrementouse coa posta en marcha do PTPG.

3.4. Demanda de usuarios por título de transporte

Neste apartado analízanse os datos de evolución da demanda para os diferentes tipos de medios de pago que se atopan dispoñibles para as persoas usuarias, iniciando a análise no ano 2016 e seguindo coas actuacións previas ao PTPG ata chegar a xuño de 2021.

Durante este período fóronse engadindo e implementando diferentes medios de pago e títulos de transporte, achegando unha maior flexibilidade e comodidade ás persoas usuarias. Estas actuacións melloran a calidade do servizo, adaptándose ás novas necesidades e resultando máis atractivo para os viaxeiros/as.

Nesta análise vanse diferenciar tres tipos de forma de pago do billete, tanto se se realizou en efectivo (billete sinxelo ou ordinario), con tarxeta (TMG e TMGXN), e gratuíto para os escolares con reserva de praza. A continuación, detállanse brevemente os títulos de transporte que se inclúen en cada modo de pago:

- **Pago en efectivo**
  - Billete ordinario: con este modo de pago obtense o título de transporte sen ningún desconto aplicado.
  - Viaxes escolares: este título de transporte é gratuíto para todos os escolares que teñen asignada unha praza nos servizos integrados do PTPG.
- **Pago con tarxeta**
  - Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG): este medio de pago permite obter descontos no prezo dos servizos de transporte público da ATG.
  - Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN): a través deste medio de pago garántese a gratuidade do billete aos menores de 21 anos.

Resulta necesario destacar o aumento significativo do número de persoas usuarias da tarifa escolar desde a súa implantación en 2017, situándose en 2020 por encima dos 4 millóns de viaxes. Isto representou en 2020 o 26% do total das viaxes do transporte público por estrada en Galicia, que alcanzaron os 15,7 millóns de viaxes.

A compra de billetes en efectivo tamén foi crecendo anualmente ata o 2019 con 7,6 millóns de viaxes, experimentándose unha caída en 2020 motivada polo impacto sobre a mobilidade da pandemia do COVID-19. En termos xerais, a demanda deste tipo de título de transporte representa ao redor do 30% do total de viaxes.

Tamén se consolidou a evolución do pago con tarxeta, aumentando un 68% desde o 2016 ata o 2019, cun total de 12,9 millóns de viaxes. Do mesmo xeito que cos billetes en efectivo, en 2020 diminuíu sensiblemente a demanda de títulos de transporte adquiridos mediante tarxeta debido á crise sanitaria. A porcentaxe de viaxes pagadas con tarxeta representa ao redor dun 60% de total, oscilando nos últimos anos entre un 55% a un 60% do total dos títulos de transporte adquiridos.


ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**13.663.553**	5.979.742	7.683.811	0
	% Total	100%	44%	56%	0%
2017	Viaxes	**18.311.107**	5.970.536	11.336.795	1.003.776
	% Total	100%	33%	62%	5%
2018	Viaxes	**21.995.153**	7.459.287	11.845.175	2.690.691
	% Total	100%	34%	54%	12%
2019	Viaxes	**23.223.194**	7.604.151	12.924.025	2.695.018
	% Total	100%	33%	56%	12%
2020	Viaxes	**15.760.713**	3.177.398	8.459.478	4.123.837
	% Total	100%	20%	54%	26%

Especificamente no período desta memoria, desde xullo de 2020 ata xuño de 2021, tanto a demanda de títulos de transporte obtidos mediante pago en efectivo como mediante pago con tarxeta experimentaron unha tendencia á alza. Isto débese, en parte, á mellora da situación sanitaria que propiciou un aumento da mobilidade e polo tanto, do uso do transporte público por estrada, retornando a valores de demanda similares aos do ano 2019.

ANO	MES	DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2020	07	1.051.376	437.294	614.082	0
	08	974.960	432.567	542.393	0
	09	1.407.313	437.556	648.282	321.475
	10	1.869.572	392.680	716.453	760.439
	11	1.905.247	341.077	676.435	887.735
	12	1.384.915	357.840	444.100	582.975
2021	01	1.677.814	293.812	535.378	848.625
	02	1.754.311	259.463	522.982	971.866
	03	2.229.232	368.323	731.741	1.129.168
	04	2.185.178	352.646	704.894	1.127.638
	05	2.250.324	400.056	709.924	1.140.344
	06	2.159.791	474.708	734.218	950.865
Total período		**20.850.034**	**4.548.022**	**7.580.882**	**8.721.130**
% Total		100%	21,8%	36,4%	41,8%

A porcentaxe de títulos de transporte con tarifa de escolares respecto do resto de títulos continuou aumentando, ata situarse no 41,8% do total de viaxes para este período, un valor bastante máis alto que o observado en anos anteriores e sendo o título de transporte máis utilizado en Galicia. Este incremento é o resultado da posta en servizo das últimas concesións do PTPG o 23 de decembro de 2020, que culminaron o proceso de integración de servizos que antes formaban parte do transporte escolar.

Así mesmo, destaca o progresivo aumento das viaxes pagadas con tarxeta, alcanzando o valor máximo de emprego deste medio no mes de xuño de 2021, con máis de 7,5 millóns de viaxes en toda Galicia. Este valor parece estar relacionado coa consolidación do uso da TMGXN entre as persoas máis novas da comunidade autónoma.



3.4.1. Datos de evolución da demanda por título de transporte por provincia.

Neste apartado móstranse os datos de demanda por provincias desde o ano 2016 ata o período final de análise da presente memoria, o mes de xuño de 2021.

Unha vez que se desagregan estes datos a nivel provincial, pódense apreciar as notables diferenzas do peso de cada título de transporte sobre o total das viaxes efectuadas en cada provincia durante o último ano.

Provincia da Coruña:

Para empezar a análise, podemos observar a evolución dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia da Coruña desde o ano 2016 ata o 2020:

ANO		EVOLUCIÓN DEMANDA POR TITULO DE TRANSPORTE (2016-2020) A CORUÑA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**8.651.908**	2.901.964	5.749.944	0
	% Total	100%	33,5%	66,5%	0,0%
2017	Viaxes	**11.428.600**	2.045.883	9.288.546	94.171
	% Total	100%	17,9%	81,3%	0,8%
2018	Viaxes	**12.142.980**	2.223.330	9.685.970	233.680
	% Total	100%	18,3%	79,8%	1,9%
2019	Viaxes	**12.951.800**	2.117.035	10.600.477	234.288
	% Total	100%	16,3%	81,8%	1,8%
2020	Viaxes	**8.125.560**	1.019.314	6.018.186	1.088.060
	% Total	100%	12,5%	74,1%	13,4%

Na provincia da Coruña o modo de pago máis empregado é o pago con tarxeta, motivado pola envergadura que representan as tres áreas de transporte metropolitano consolidadas na provincia, chegando ao valor máximo de uso desta forma de pago no ano 2019, nos que superan o 80% do total de venda de billetes. Estes datos relaciónanse coa súa concentración poboacional e, polo tanto, maior cantidade de persoas usuarias e número de servizos.


En canto ao pago en efectivo, **resulta destacable a escasa porcentaxe de viaxeiros con tarifa de escolares sobre o total, sendo esta a provincia co índice máis baixo das catro**. En calquera caso, as viaxes de escolares vanse incrementando a medida que se implantan as novas concesións de servizos nas que se recollen servizos integrados que anteriormente formaban parte do transporte escolar. Concretamente no ano 2020 alcánzase o millón de usuarios empregando este título de transporte, fronte aos 200.000 do ano 2019.

De forma máis detallada, para o período de estudo desta memoria, a demanda de usuarios por título de transporte na provincia da Coruña é a que segue:

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2020-XUÑO 2021) A CORUÑA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2020	07	566.628	199.588	367.040	0
	08	519.336	193.172	326.164	0
	09	708.024	202.639	402.595	102.790
	10	859.709	178.332	434.674	246.703
	11	852.753	150.744	401.079	300.930
	12	610.111	151.523	266.538	192.050
2021	01	843.368	143.320	399.665	300.382
	02	852.134	119.657	387.701	344.776
	03	1.110.137	164.302	553.465	392.370
	04	1.086.986	158.556	535.580	392.850
	05	1.132.605	188.258	546.497	397.850
	06	1.120.664	222.329	568.588	329.747
Total período		**10.262.455**	**2.072.420**	**5.189.586**	**3.000.448**
% Total		100,0%	20,2%	50,6%	29,2%

O pago do billete con tarxeta continúa o seu crecemento superando os 5 millóns de billetes vendidos mediante esta modalidade. No ano 2021 a demanda de usuarios con tarifa de escolares experimentou un crecemento substancial alcanzando os 3 millóns de usuarios no período, e situándose por primeira vez por encima do valor da venda de billetes en efectivo, que queda nos 2 millóns de billetes.

Así pois, podemos comprobar que **o medio de pago máis empregado na provincia resulta o billete pagado con tarxeta**, que alcanza o 50%, quedando a outra metade restante dividida nun 30% de billetes de escolares e un 20% na venda de billetes en efectivo.



Provincia de Lugo:

Do mesmo xeito que no caso anterior, na seguinte táboa podemos observar a evolución dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia de Lugo desde o ano 2016 ata o 2020:

ANO		EVOLUCIÓN DEMANDA POR TITULO DE TRANSPORTE (2016-2020) LUGO			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**1.148.565**	1.054.375	94.190	0
	% Total	100%	92%	8%	0,0%
2017	Viaxes	**1.340.623**	1.142.105	86.584	111.934
	% Total	100%	85,2%	6,5%	8,3%
2018	Viaxes	**1.631.316**	1.258.339	78.132	294.845
	% Total	100%	77,1%	4,8%	18,1%
2019	Viaxes	**1.717.292**	1.342.086	79.731	295.475
	% Total	100%	78,2%	4,6%	17,2%
2020	Viaxes	**1.658.176**	577.027	371.818	709.331
	% Total	100%	34,8%	22,4%	42,8%

Lugo presenta unha utilización do pago en efectivo importante, sendo o billete en efectivo o título de transporte de maior adquisición por parte dos viaxeiros/as, chegando a situarse por riba do 85% en 2017 e cun incremento constante no número de billetes pagados en efectivo ata o ano 2019, habendo no ano 2020 unha caída relacionada coa situación de pandemia vivida a partir de marzo deste ano.

En canto ao **pago de billete con tarxeta, obsérvase un crecemento no ano 2020**, no que se rexistra un emprego do 20% do total, fronte aos anos anteriores nos que o uso deste xeito de pago non chegaba ao 10%.


Por último, é necesario resaltar o **aumento de persoas usuarias con tarifa escolar no ano 2020**, no que se triplica o valor de anos anteriores, motivado pola posta en marcha das últimas concesións do PTPG nas que se incorporan liñas integradas con alumnos que antes pertencían ao transporte escolar, como xa se comentou anteriormente.

Para o período de estudo desta memoria, preséntase de maneira máis detallada a demanda de usuarios por título de transporte na provincia de Lugo.

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2020-XUÑO 2021) LUGO			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2020	07	115.320	68.029	47.291	0
	08	114.885	71.081	43.804	0
	09	160.741	62.462	40.067	58.212
	10	224.690	61.233	38.314	125.143
	11	207.985	52.514	33.338	122.133
	12	154.904	50.926	18.412	85.566
2021	01	150.885	27.485	7.810	115.590
	02	166.342	23.785	7.921	134.636
	03	195.159	31.260	9.707	154.192
	04	205.250	31.201	9.542	164.507
	05	194.326	34.386	9.401	150.539
	06	183.540	38.761	10.872	133.907
Total período		**2.074.027**	**553.123**	**276.479**	**1.244.425**
% Total		100,0%	26,7%	13,3%	60,0%

Como podemos observar, o número de persoas usuarias que empregaron a tarifa escolar, asociada ao transporte integrado ou compartido, ascende a máis dun millón, o que supón un 60% do total de billetes expedidos no período de análise.

Por outra banda, **máis de medio millón de persoas usuarias adquiriron o seu billete en efectivo na provincia de Lugo** e algo máis da metade empregaron como método de pago a tarxeta, resultando preto dun 14% do total.



Provincia de Ourense:

Na seguinte táboa recóllense os datos dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia de Ourense desde o ano 2016 ata o 2020:

ANO		EVOLUCIÓN DEMANDA POR TITULO DE TRANSPORTE (2016-2020) OURENSE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**340.564**	340.564	0	0
	% Total	100%	100,0%	0,0%	0,0%
2017	Viaxes	**1.125.682**	607.158	0	518.524
	% Total	100%	53,9%	0,0%	46,1%
2018	Viaxes	**2.510.012**	1.050.882	0	1.459.130
	% Total	100%	41,9%	0,0%	58,1%
2019	Viaxes	**2.589.752**	1.129.357	0	1.460.395
	% Total	100%	43,6%	0,0%	56,4%
2020	Viaxes	**1.599.077**	434.374	45.931	1.118.772
	% Total	100%	27,2%	2,9%	70,0%

Do mesmo xeito que na provincia de Lugo, **en Ourense pódese observar un maior peso da adquisición de título de transporte en efectivo sobre o uso de tarxeta**. Con todo, é importante destacar que no ano 2020 unhas 45.000 persoas usuarias empregaron algunha das tarxetas para aboar o importe do billete en Ourense, asociadas en numerosas ocasións á implantación da TMGXN na provincia.


Por outra banda, **é importante destacar o feito de que, en Ourense, a tarifa escolar representa o maior número de viaxes**, chegando no ano 2020 a representar o 70% do total de billetes expedidos na provincia.

Para o período de estudo desta memoria, os datos de demanda de usuarios por título de transporte na provincia de Ourense resultan tal e como se mostran na seguinte táboa:

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2020-XUÑO 2021) OURENSE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2020	07	42.498	40.839	1.659	0
	08	36.904	35.306	1.598	0
	09	114.234	36.382	3.034	74.818
	10	216.480	31.919	9.028	175.533
	11	236.907	32.911	9.447	194.549
	12	167.566	31.299	7.953	128.314
2021	01	203.536	21.206	16.345	165.985
	02	209.481	19.798	15.298	174.385
	03	250.978	27.888	20.948	202.142
	04	256.024	28.059	20.496	207.469
	05	266.347	32.522	20.431	213.394
	06	226.645	37.768	18.687	170.190
Total período		**2.227.600**	**375.897**	**144.924**	**1.706.779**
% Total		100,0%	16,9%	6,5%	76,6%

O transporte integrado ou compartido presenta unha gran importancia no transporte total da provincia, mostra diso é que a tarifa de escolares supera o 76% do total de billetes vendidos, colocándose como a tarifa máis empregada do último ano, sendo similar aos valores da provincia de Lugo, e afastados dos das provincias da Coruña e Pontevedra.

Por outra banda, **consolídase o crecemento do pago con tarxeta que se realiza na provincia de Ourense**, que neste período supera o 6%. Respecto ao pago do billete en efectivo, rexístranse preto de 400.000 billetes vendidos na provincia mediante este medio de pago, o que supón un 17% do total.



Provincia de Pontevedra:

Na seguinte táboa podemos observar a evolución dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia de Pontevedra desde o ano 2016 ata o 2020:

ANO		EVOLUCIÓN DEMANDA POR TITULO DE TRANSPORTE (2016-2020) PONTEVEDRA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**3.522.516**	1.682.839	1.839.677	0
	% Total	100%	47,8%	52,2%	0,0%
2017	Viaxes	**4.416.203**	2.175.391	1.961.665	279.147
	% Total	100%	49,3%	44,4%	6,3%
2018	Viaxes	**5.710.846**	2.926.737	2.081.073	703.036
	% Total	100%	51,2%	36,4%	12,3%
2019	Viaxes	**5.964.351**	3.015.674	2.243.817	704.860
	% Total	100%	50,6%	37,6%	11,8%
2020	Viaxes	**4.377.900**	1.146.683	2.023.543	1.207.674
	% Total	100%	26,2%	46,2%	27,6%

Nesta provincia, hai que destacar a **evolución do pago en efectivo, en constante crecemento ata o ano 2020**, ano de inicio da pandemia do COVID-19. O número de usuarios que usan como método de pago a tarxeta mantense constante nos últimos anos, por riba dos 2 millóns de usuarios anuais, case o dobre das persoas usuarias que utilizan o pago en efectivo.


Desde o ano 2016 prodúcese un incremento progresivo de persoas usuarias con tarifa escolar, chegando en 2020 a superar o millón de usuarios.

De maneira máis detallada, e para o período analizado nesta memoria, expóñense os datos desagregados por meses na seguinte táboa.

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2020-XUÑO 2021)			
		PONTEVEDRA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2020	07	326.930	128.838	198.092	0
	08	303.835	133.008	170.827	0
	09	424.314	136.073	202.586	85.655
	10	568.693	121.196	234.437	213.060
	11	607.602	104.908	232.571	270.123
	12	452.334	124.092	151.197	177.045
2021	01	480.026	101.801	111.558	266.667
	02	526.354	96.223	112.062	318.069
	03	672.958	144.873	147.621	380.464
	04	636.918	134.830	139.276	362.812
	05	657.046	144.890	133.595	378.561
	06	628.942	175.850	136.071	317.021
Total período		**6.285.952**	**1.546.582**	**1.969.893**	**2.769.477**
% Total		100,0%	24,6%	31,3%	44,1%

Neste período a tarifa escolar representa máis do 44% do total dos billetes vendidos na provincia, seguido polo pago con tarxetas con case 2 millóns de billetes vendidos, e, por último, con case un cuarto dos billetes vendidos, o pago en efectivo, con máis dun millón e medio de billetes vendidos por este método. Esta proporción pódese observar claramente na seguinte figura.

DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE - PONTEVEDRA



De toda esta análise conclúese que **nas provincias da Coruña e Pontevedra destaca como modo de pago máis utilizado o uso de tarxeta**, asociado á importancia que as áreas de transporte metropolitano representan nestas provincias, especialmente na Coruña, xa que conta coas ATM de Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña. Nesta provincia o uso de tarxeta como medio de pago superou varios anos o 80% do total, alcanzando os 10,5 millóns de viaxes en 2019, véndose reducida a menos da metade en 2020 debido ao impacto da crise sanitaria producida polo COVID-19.

Paralelamente, **as provincias de Lugo e Ourense presentan unhas porcentaxes de uso de tarxeta moi baixas**, especialmente Ourense, xa que é a única provincia que non conta cunha ATM, as cales adoitan achegar a maior parte das viaxes pagadas con tarxeta en cada provincia. A pesar disto, obsérvase un crecemento do uso deste método de pago a partir do ano 2020.

Nestas dúas provincias o medio de pago máis estendido é o efectivo. Porén, destaca particularmente a tarifa escolar, cuxa demanda se incrementou progresivamente os últimos anos, do mesmo xeito que no resto de Galicia, pero nas provincias de Lugo e Ourense resultou o título de transporte máis utilizado, especialmente en Ourense, onde se situou a por encima do 70% do total durante 2020 e 2021.

3.4.2. Datos de evolución da demanda por título de transporte por ATM.

Neste apartado móstranse os datos da demanda por título de transporte diferenciados por Áreas de Transporte Metropolitano ata o final do ano 2020.

Como se poden observar os datos desagregados por ATM, en todas as ATM é amplamente maioritario o uso de tarxeta comparado co efectivo. Isto débese aos descontos asociados ao uso da Tarxeta de Mobilidade de Galicia, TMG, tanto en viaxes individuais coma na adquisición de diferentes bonos.

O número de viaxes tamén foi aumentando de maneira sostida e xeneralizada a medida que as persoas usuarias foron coñecendo mellor as prestacións do servizo dentro da súa ATM, o cal é un claro indicador da boa acollida por parte dos viaxeiros/as, sempre tendo en conta o impacto da pandemia da COVID-19 nos datos de mobilidade a partir do ano 2020.

ATM da Coruña

Esta é a ATM de Galicia con maior número de viaxes, alcanzando os 7 millóns en 2019, reducíndose a algo máis da metade a demanda de usuarios no ano 2020.

Non se teñen en conta a efectos de computación da demanda na ATM de A Coruña os escolares con reserva de praza.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANAS DE GALICIA		
		A CORUÑA		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**6.186.145**	949.905	5.236.240
	% Total	100%	15,4%	84,6%
2018	Viaxes	**6.422.488**	959.073	5.463.415
	% Total	100%	14,9%	85,1%
2019	Viaxes	**7.018.226**	1.026.822	5.991.404
	% Total	100%	14,6%	85,4%
2020	Viaxes	**4.084.271**	541.940	3.542.331
	% Total	100%	13,3%	86,7%

Como se comentaba anteriormente, a adquisición de títulos de transporte faise maioritariamente mediante tarxeta nas Áreas de Transporte Metropolitano. En concreto, na ATM da Coruña supón un 86,7% do total da demanda en 2020, que se beneficia das tarifas polo pago con tarxeta.

O pago con tarxeta TMG na ATM da Coruña incrementouse ao longo dos anos, polo que este método de pago está á alza debido a todos os beneficios que ten para o usuario.

ATM de Ferrol

A continuación, móstranse os datos de demanda desagregados por título de transporte na ATM de Ferrol, nos cales non se tivo en conta a demanda dos escolares con reserva de praza.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANAS DE GALICIA		
		FERROL		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.351.411**	412.611	1.938.800
	% Total	100%	17,5%	82,5%
2018	Viaxes	**2.442.386**	463.965	1.978.421
	% Total	100%	19,0%	81,0%
2019	Viaxes	**2.655.908**	430.122	2.225.786
	% Total	100%	16,2%	83,8%
2020	Viaxes	**1.381.264**	208.952	1.172.312
	% Total	100%	15,1%	84,9%

Nesta ATM tamén se reflicten unhas porcentaxes de medio de pago moi similares á anterior, situándose o pago con tarxeta nun 84,9% do total das viaxes en 2020. Desde o ano 2016, este medio de pago foise incrementado cada vez máis, coñecedores dos beneficios que se obtén ao usar a tarxeta nas Áreas Metropolitanas de transporte.

As viaxes totais mostran unha constante evolución ata o ano 2019, chegando aos 2,6 millóns de viaxes, proba da consolidación do método de pago, e que só se viron reducidos no ano de inicio da pandemia pola redución das viaxes.

ATM de Lugo

Neste apartado, detállanse os datos de demanda desagregados por título de transporte na ATM de Lugo, nos cales non se tivo en conta a demanda de escolares con reserva de praza, sendo a ATM con menor demanda, como se analizou anteriormente.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANAS DE GALICIA		
		LUGO		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**129.970**	43.386	86.584
	% Total	100%	33,4%	66,6%
2018	Viaxes	**116.347**	38.215	78.132
	% Total	100%	32,8%	67,2%
2019	Viaxes	**124.427**	44.692	79.731
	% Total	100%	35,9%	64,1%
2020	Viaxes	**62.829**	22.243	40.586
	% Total	100%	35,4%	64,6%

Na ATM de Lugo é onde se rexistra un menor uso do pago mediante tarxeta, quedando en 2020 no 64,6% das viaxes pagadas con este método.

É a ATM con maior porcentaxe de pago en efectivo das 5 existentes en Galicia.

O número total de viaxes sitúase ao redor das 125.000 nos anos 2018 e 2019, o que supón un pequeno descenso de usuarios respecto de 2018, sendo a maior caída en 2020 debido principalmente á pandemia do COVID-19, como se analizou anteriormente.

Non se observou incremento de uso do tarxeta desde o ano 2017 ata o 2019. Non obstante, en 2020 o pago con tarxeta volve ser o maioritario.

ATM de Santiago de Compostela

A continuación, móstranse os datos de demanda desagregados por título de transporte na ATM de Santiago de Compostela.

Non se tiveron en conta a efectos de computación da demanda na ATM de Santiago de Compostela os escolares con reserva de praza.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANAS DE GALICIA		
		SANTIAGO DE COMPOSTELA		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.745.979**	632.473	2.113.506
	% Total	100%	23,0%	77,0%
2018	Viaxes	**2.899.846**	655.712	2.244.134
	% Total	100%	22,6%	77,4%
2019	Viaxes	**3.038.040**	654.753	2.383.287
	% Total	100%	21,6%	78,4%
2020	Viaxes	**1.571.965**	268.422	1.303.543
	% Total	100%	17,1%	82,9%

Seguindo a tendencia das ATM da Coruña e Ferrol, o uso do pago mediante tarxeta foise incrementado ata alcanzar o 82,9% en 2020, sendo coñecedores dos beneficios deste medio de pago con respecto ao pago en efectivo.

As viaxes totais mostran unha constante evolución ata o ano 2019, chegando aos 3 millóns de viaxes, proba da consolidación do método de pago e que só se viron reducidos no ano de inicio da pandemia pola redución das viaxes.

ATM de Vigo:

Neste apartado, detállanse os datos de demanda desagregados por título de transporte na ATM de Vigo.

Non se tivo en conta a efectos de computación da demanda na ATM de Vigo os escolares con reserva de praza.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA		
		VIGO		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.872.076**	910.411	1.961.665
	% Total	100%	31,7%	68,3%
2018	Viaxes	**3.055.984**	974.911	2.081.073
	% Total	100%	31,9%	68,1%
2019	Viaxes	**3.248.178**	1.004.361	2.243.817
	% Total	100%	30,9%	69,1%
2020	Viaxes	**1.822.711**	491.592	1.331.119
	% Total	100%	27,0%	73,0%

Esta ATM mostra que as persoas usuarias pagan con tarxeta ao redor do 70% nos últimos anos, aínda que existe unha porcentaxe alta, sobre o 30%, que aínda pagan en efectivo. Isto é debido principalmente á falta de información con relación ás bonificacións introducidas co pago de tarxeta nas Áreas Metropolitanas de Transporte.

Tamén se aprecia un incremento de viaxeiros sostido nos anos anteriores á declaración da crise sanitaria, chegando a alcanzar os 3,2 millóns de viaxeiros.

3.4.3. Demanda de usuarios coa Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN)

O PTPG estableceu como medio de pago xeral dúas ferramentas ou títulos de transporte que dinamizan o transporte público: a Tarxeta de Mobilidade de Galicia, TMG, que será equivalente á anterior tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia, e **a Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova, TMGXN.**

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixos de actuación prioritarios do PTPG é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, polo que a Xunta de Galicia procedeu á implantación da **tarifa Xente Nova**. Esta tarifa ten como reto inmediato aliviar a economía das familias facilitando o acceso aos centros de formación e un obxectivo latente que consiste no fomento do transporte público e da mobilidade limpa e sustentable entre a poboación máis nova.

Así, a TMGXN é o mecanismo establecido pola Xunta de Galicia para aplicar os descontos da Tarifa "Xente Nova" nos servizos de transporte. Esta tarifa **permite aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no transporte público interurbano competencia da Xunta de Galicia**, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e no tren de ancho métrico en Ferrol.

O acceso gratuíto da mocidade ao autobús coa extensión das vantaxes da TMGXN a toda Galicia supón unha conquista social que reflicte a aposta de futuro decidida do Goberno galego pola poboación máis nova, as familias e unha mobilidade máis verde. Nesta liña, Galicia sitúase decididamente así na transición cara á mobilidade sustentable que propugna a Unión Europea.

Nos 5 anos que leva funcionando a TMGXN, os titulares deste dispositivo realizaron máis de 8,5 millóns de viaxes gratuítas no transporte público por estrada a cargo da Xunta de Galicia, as cales se traducen máis de 8,5 M€ que aforraron as familias dos beneficiarios.

O Goberno galego puxo en marcha esa iniciativa no ano 2016 nas ATM e a comezos do ano 2020 ampliouse a cobertura da tarxeta Xente Nova desde os 19 aos 21 anos.


O ano da súa posta en funcionamento entregáronse case 30.000 TMGXN e, aínda hoxe en día, foi o período no que máis se distribuíron. Este fenómeno observouse tamén cando os servizos se ampliaron a Ourense e Pontevedra, conseguindo 21.002 beneficiarios máis.

Desde os primeiros pasos da implantación da TMGXN no ano 2016, o seu uso non deixou de crecer en toda Galicia, e en maior medida no último ano, coa expansión das bonificacións derivadas do uso do tarxeta a todo o territorio.

ANO		DEMANDA USUARIOS EN GALICIA - TARXETA XENTE NOVA (TMGXN)				
		GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	**537.726**	439.754	13.130	968	83.874
	% Total	100%	81,8%	2,4%	0,2%	15,6%
2017	Viaxes	**1.652.236**	1.345.853	32.301	2.188	271.894
	% Total	100%	81,5%	2,0%	0,1%	16,5%
2018	Viaxes	**1.771.828**	1.468.187	28.280	2.486	272.875
	% Total	100%	82,9%	1,6%	0,1%	15,4%
2019	Viaxes	**1.880.053**	1.566.620	25.058	2.666	285.709
	% Total	100%	83,3%	1,3%	0,1%	15,2%
2020	Viaxes	**1.543.652**	1.129.122	18.487	33.637	362.406
	% Total	100%	73,1%	1,2%	2,2%	23,5%

Como se mostra na gráfica, o número de viaxes realizadas con Tarxeta Xente Nova (TMGXN) incrementouse moito desde o ano 2016, cun máximo de 1,8 millóns de usuarios en 2019. No ano 2020 a demanda foi menor debido á pandemia do COVID-19, pero coa ampliación da cobertura da tarxeta ás persoas usuarias desde os 19 anos aos 21, a demanda non diminuíu especialmente.

No ano 2020, na provincia de Ourense, a demanda de usuarios que viaxan con TMGXN incrementouse moito, pasando de haber máis de 2.600 usuarios en 2019 a máis de 33 mil en 2020. Caso parecido ocorreu na provincia de Pontevedra, pasando de 285 mil usuarios en 2019 a 362 mil en 2020. Nas provincias restantes, a demanda de usuarios reduciuse en liña coa contracción xeral da mobilidade provocada polo COVID-19.



Coma no resto dos datos revelados na evolución do seguimento da demanda, en 2020 produciuse un descenso produto do impacto do COVID-19 na mobilidade, con todo, en 2021 os datos reflectiron unha clara melloría, como se mostra na seguinte táboa.


ANO	MES	DEMANDA USUARIOS EN GALICIA - TARXETA XENTE NOVA (TMGXN)				
		GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2020	07	117.345	82.157	547	1.659	32.982
	08	101.620	69.745	462	1.598	29.815
	09	145.700	105.593	944	3.034	36.129
	10	227.416	154.121	2.869	9.028	61.398
	11	220.332	143.502	3.445	9.447	63.938
	12	174.411	115.549	2.273	7.953	48.636
2021	01	174.859	111.655	2.173	8.142	52.889
	02	166.682	104.223	2.305	8.965	51.189
	03	226.485	144.019	2.847	11.185	68.434
	04	214.572	137.686	2.543	10.898	63.445
	05	209.787	133.871	2.739	10.274	62.903
	06	203.689	127.843	3.791	8.644	63.411
Total período		**2.182.898**	**1.429.964**	**26.938**	**90.827**	**635.169**
% Total		100,0%	65,5%	1,2%	4,2%	29,1%

Na táboa pódese observar como a demanda de usuarios que viaxan con Tarxeta Xente Nova (TMGXN) se foi incrementando principalmente nas provincias de Ourense e Pontevedra. Nas restantes provincias mantívose constante ao longo dos meses do período entre xullo 2020 e xuño de 2021.

Con estes datos dos primeiros meses de 2021 todo parece indicar que, a final de 2021, se poden superar as viaxes de 2019, xa que ata xuño de 2021 se realizaron 1,2 millóns de viaxes con esta ferramenta de pago.

Na táboa anterior móstrase que as viaxes coa TMGXN durante o período comprendido na memoria, de xullo de 2020 ata xuño de 2021, foron diferentes en función da provincia, debido á concentración de usuarios en zonas urbanas e núcleos máis poboados na Coruña e Pontevedra, o que xustifica a diferenza nos rexistros da demanda relacionada coa TMGXN.

DEMANDA USUARIOS EN GALICIA - TARXETA XENTE NOVA (TMGXN)



Dos máis de 2 millóns de usuarios que viaxaron con este método de pago, o 65,5% corresponde á provincia da Coruña, o 29,1% á provincia de Pontevedra, o 4,2% a Ourense e o 1,2% restante a Lugo.

Polo tanto, máis aló da análise da demanda mensual de usuarios que viaxan con tarxeta Xente Nova, pódese apreciar unha melloría das viaxes que utilizan este medio de pago nas 4 provincias durante o último ano ata consolidarse a partir de marzo e abril de 2021.

Isto é un claro indicador de que cada vez son máis as persoas que utilizan a TMGXN para desprazarse por todo o territorio galego, consolidando esta aposta integradora pola gratuidade do transporte público da Xunta de Galicia para as persoas menores de 21 anos en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.





4

O NOVO SISTEMA TARIFARIO, MÁIS ECONÓMICO, UNIFORME E VERSÁTIL

A implantación do PTPG comporta a adopción dun novo sistema tarifario máis económico e uniforme para toda Galicia, apoiado por ferramentas e solucións tecnolóxicas que facilitan a súa xestión e impulsan o uso dun transporte público eficaz e adaptado á actual realidade socioeconómica.

Para facer máis atractivo o transporte público e conseguir captar cada vez máis viaxeiros e viaxeiras, o novo transporte público de Galicia tivo en conta os retos económicos, sociais e ambientais que deben afrontar Galicia e os seus habitantes.

Un dos aspectos máis destacados do PTPG foi a creación dun **novo sistema tarifario homoxéneo e uniforme** para toda Galicia, apoiado por ferramentas e solucións tecnolóxicas que facilitan e promoven a xestión e o uso do transporte público.

4.1. Antecedentes

Para entender a evolución do sistema tarifario do transporte público de Galicia ata chegar ao vixente, hai que ter en conta algúns antecedentes que explican como se calcularon as tarifas, antes e durante o proceso de implantación do PTPG.

É necesario coñecer os conceptos tarifarios que se foron adaptando aos diferentes modelos de servizos e estiveron convivindo durante o proceso de modernización do transporte público.

» Sistema tarifario quilométrico.

Ata o ano 2020, momento de implantación do PTPG, o sistema tarifario quilométrico era o sistema vixente en Galicia fóra das Áreas de Transporte Metropolitano, nas que se aplicaba desde 2011 (na Coruña, Ferrol e Santiago), 2012 en Lugo, e 2015 na ATM de Vigo, o sistema por saltos que se describe no punto seguinte.

O sistema tarifario quilométrico caracterízase por que a tarifa depende, de forma proporcional, da distancia percorrida polo usuario na súa viaxe, de forma que, canto maior sexa a distancia no traxecto entre a parada orixe e destino deste, maior será o prezo que o usuario deberá aboar.

Este sistema presentaba deficiencias, xa que era posible a existencia de tarifas diferentes entre os mesmos puntos de orixe e destino da viaxe se o autobús realizaba percorridos intermedios distintos ou, mesmo, pola simple utilización de diferentes infraestruturas.

» Sistema tarifario zonal ou "por saltos".


Fixado a partir da implantación das Áreas de Transporte Metropolitano, ATM, e convivente co sistema quilométrico vixente ata entón.

Este sistema baséase na definición dunha serie de zonas de transporte, formadas por un ou máis concellos dentro da ATM.

A viaxe queda definida polas zonas nas que empeza e remata a mesma e a tarifa asociada dependerá do número de saltos definidos entre a zona de orixe e destino, así como o medio de pago utilizado (en efectivo ou TMG).

Adicionalmente, establecéronse novos descontos para as persoas usuarias recorrentes, aquelas que realicen máis de 40 viaxes ao mes, cun aforro do 15% do gasto mensual.

A modo de exemplo, a continuación, móstranse as zonas definidas na ATM da Coruña, así como o cadro cos saltos entre zonas que determinarán as tarifas.



ZONAS	CONCELLOS
C-Ber0	A Laracha
C-Ber1	Carballo
C-Bet0	Betanzos
C-Bet1	Oza-Cesuras
C-Bet2	Miño
C-Bet3	Curtis
C-Cor0	A Coruña
C-Cor1	Arteixo
C-Cor2	Cambre - Culleredo - Oleiros
C-Cor3	Bergondo - Sada
C-Cor4	Abegondo - Carral
C-Ord2	Cerceda
C-Ord3	Ordes

Desta forma, por exemplo, unha viaxe entre os concellos de Arteixo e A Coruña levará asociado un só salto e, por tanto, un importe, mentres que unha viaxe entre Carral e A Coruña levará asociados 2 saltos e, por tanto, outro diferente.

Zonas	Concellos	C-Ber0	C-Ber1	C-Bet0	C-Bet1	C-Bet2	C-Bet3	C-Cor0	C-Cor1	C-Cor2	C-Cor3	C-Cor4	C-Ord2	C-Ord3	Concellos	Zonas
C-Ber0	A Laracha	0	2	5	6	7	8	3	2	4	5	5	1	7	A Laracha	C-Ber0
C-Ber1	Carballo	2	0	7	8	9	10	5	4	6	7	7	2	9	Carballo	C-Ber1
C-Bet0	Betanzos	5	7	0	1	2	2	2	3	1	1	1	5	3	Betanzos	C-Bet0
C-Bet1	Oza-Cesuras	6	8	1	0	3	1	3	4	2	2	1	6	2	Oza-Cesuras	C-Bet1
C-Bet2	Miño	7	9	2	3	0	9	4	5	3	2	3	7	8	Miño	C-Bet2
C-Bet3	Curtis	8	10	2	1	9	0	5	6	4	3	2	8	9	Curtis	C-Bet3
C-Cor0	A Coruña	3	5	2	3	4	5	0	1	1	2	2	3	4	A Coruña	C-Cor0
C-Cor1	Arteixo	2	4	3	4	5	6	1	0	1	3	3	4	5	Arteixo	C-Cor1
C-Cor2	Cambre - Culleredo - Oleiros	4	6	1	2	3	4	1	1	0	1	1	2	3	Cambre - Culleredo - Oleiros	C-Cor2
C-Cor3	Bergondo - Sada	5	7	1	2	2	3	2	3	1	0	1	5	6	Bergondo - Sada	C-Cor3
C-Cor4	Abegondo - Carral	5	7	1	1	3	2	2	3	1	1	0	1	2	Abegondo - Carral	C-Cor4
C-Ord2	Cerceda	1	2	5	6	7	8	3	4	2	5	1	0	2	Cerceda	C-Ord2
C-Ord3	Ordes	7	9	3	2	8	9	4	5	3	6	2	2	0	Ordes	C-Ord3
Zonas	Concellos	C-Ber0	C-Ber1	C-Bet0	C-Bet1	C-Bet2	C-Bet3	C-Cor0	C-Cor1	C-Cor2	C-Cor3	C-Cor4	C-Ord2	C-Ord3	Concellos	Zonas

» Sistema tarifario zonal quilométrico.

É o modelo que introduce o PTPG vixente. É unha integración do sistema zonal por saltos, con prezos igualitarios para o mesmo concello, e o quilométrico, xa que a tarifa usuario non se vincula mediante saltos, senón cos quilómetros existentes entre o municipio de orixe e o de destino da viaxe.



OS OBXECTIVOS DO NOVO SISTEMA TARIFARIO

O sistema tarifario clásico das anteriores concesións de transporte establecía unha tarifa quilométrica en función da distancia percorrida, o que xeraba unha gran heteroxeneidade de prezos, xa que, ademais, a tarifa base variaba con cada concesión.

O novo sistema tarifario permite **unha maior homoxenidade** nos prezos do transporte público e cumpre os seguintes obxectivos:

1. Unha mellor comprensión do sistema tarifario, xa que se establece un único prezo para cada zona que coincide cos termos municipais, sen diferenzas por concesión e coa aplicación da bonificación nos transbordos, ou segundo define o PTPG, nos "saltos".

2. Homoxeneizar as tarifas en toda a comunidade autónoma. Agora os prezos dos billetes e as bonificacións xa non dependen da concesión ou do operador titular, senón que se fixan para todo o territorio.

3. Abaratar o prezo do billete, con carácter xeral logrouse unha rebaixa significativa nos prezos dos billetes e introducíronse bonificacións que favorecen a recorrencia. Tamén se aplica un desconto do 10% naqueles desprazamentos nos que se utilice a Tarxeta de Mobilidade de Galicia e completouse a implantación da Tarxeta Xente Nova en toda Galicia, co cal se estenden as vantaxes económicas que achega a tarifa Xente Nova para o conxunto de persoas usuarias menores de 21 anos en todo o territorio galego, sen diferenciación de habitantes do medio rural ou urbano.

   Algúns exemplos destas melloras tarifarias:

   - O billete sinxelo entre A Coruña e Ferrol baixou aproximadamente dos 7,5 € ata os 4,5 €. Un desconto do 60%.
   - En Ribeira a nova concesión reduciu o prezo do billete dos 8,65 € que chegaba a custar o traxecto Ribeira – Santiago, custa agora 6 €, o que supón un 30% menos.
   - A conexión entre Ourense e Vigo rexistrou un aforro de máis do 20%, pasando dos 10,35€ ata os 8 €
   - Nas comarcas do sur de Vigo, desde a zona do Rosal á cidade, o billete sinxelo baixou dos 6,75 € aos 4,50 € (un 30% menos). Desde Tomiño, os usuarios pagan agora en efectivo 3,50 € fronte aos 5 € previos. (un 30% menos).
   - O enlace entre Verín e Ourense pasou de custar 7,45 € aos 6 € que custa actualmente, supoñendo un aforro do 20% aos usuarios do servizo.

4. Optimización da xestión do sistema tarifario, homoxeneización das bonificacións e tarifas. Para iso incorporáronse equipos monetarios intelixentes que facilitan o pago mediante a utilización da tarxeta TMG e demais tarxetas integradas.

A MELLORA DAS TARIFAS INTRODUCIDA POLO PTPG TRADÚCESE EN AFORROS DE ATA UN 60% NO PREZO DOS BILLETES SINXELOS EN COMPARACIÓN COAS TARIFAS ANTIGAS.

4.2. Tarifas

Homoxeneización de tarifas base do transporte público.

Para poder calcular e aplicar as melloras no sistema tarifario que introduce o PTPG, foi necesario un estudo previo mediante o que se fixou unha relación de prezos entre as concesionarias e a Administración que se estableceu como **tarifa base**, o que permitiu homoxeneizar o cálculo de tarifas para calquera das relacións de tráfico en Galicia, dando lugar á definición do concepto de **tarifa empresa.**

A partir desta tarifa base, para estimar o que debe aboar a persoa usuaria polo servizo, súmase a esta un prezo asociado ao desprazamento segundo varios condicionantes (ámbito xeográfico da viaxe, métodos de pago empregados e aplicación de bonificacións dispoñibles no traxecto realizado), resultando a partir de aí a **tarifa usuario.**

O PTPG distingue, por tanto, as seguintes tarifas:

- **Tarifas empresa:** son os importes que ten dereito a percibir o operador por cada usuario e relación de tráficos que realice, independentemente de que os perciba da propia persoa usuaria, ou ben, total ou parcialmente, da Administración.
- **Tarifas usuario:** trátase dos importes que deben aboar as persoas usuarias, e que poden coincidir ou non coas tarifas empresa. Estes son fixados pola Administración segundo as condicións particulares de cada concesión. Naqueles casos nos que o prezo que debe pagar o usuario sexa inferior ás tarifas empresa, a Administración aboaralle á operadora o importe restante.

Estes conceptos permiten entender como se realizan os cálculos de prezos das tarifas de cada concesión, sobre os que posteriormente se aplicarán os descontos e as bonificacións que existen actualmente no PTPG, como poden ser as das ATM, certas bonificacións promovidas polos propios municipios e outros beneficios tarifarios que se incorporarán coa implantación da ATG, e que serán detallados máis adiante.

As tarifas en efectivo vixentes no PTPG establecéronse aplicando os seguintes criterios:

- Tarifa empresa mínima de 1,364 € (sen IVE) para calquera das concesións.
- Viaxes con orixe e destino no mesmo termo municipal, a tarifa en efectivo corresponderase coa tarifa empresa fixada na concesión.
- Viaxes con orixe e destino en termos municipais diferentes, a tarifa en efectivo corresponderase cunha tarifa empresa na que se terá en conta a distancia existente entre os núcleos de poboación máis habitados de ambos os termos municipais.

AS TARIFAS AQUÍ DESCRITAS FAN REFERENCIA AO PAGO EN EFECTIVO DOS BILLETES, PERO É NECESARIO INDICAR QUE ACTUALMENTE SE APLICA UN 10% DE DESCONTO NOS MESMOS SE O PAGO SE FAI MEDIANTE A TARXETA DE MOBILIDADE DE GALICIA, TMG.

4.3. Bonificacións e vantaxes das novas tarxetas de transporte

Como mellora introducida no sistema de tarificación do PTPG, ademais de homoxeneizar a tarifa base para os servizos de transporte público, fóronse implementando progresivamente novos sistemas de pago e bonificacións para obter **unha significativa redución no importe**, co fin de que as persoas usuarias poidan escoller a fórmula que mellor se adapte ás súas necesidades.

No referente ás **bonificacións**, o PTPG incorpora diferentes tipos de descontos para ofrecer cada vez máis alternativas de aforro nos desprazamentos. Búscase así facer do transporte público por estrada **unha alternativa real de mobilidade para toda a cidadanía de Galicia, cómoda e eficaz.**

O PTPG recolle dous grupos de bonificacións que detallaremos neste capítulo. Por unha banda, atopamos unha serie de descontos

que se aplican por parte da Administración con carácter xeral para todos os servizos e, de forma complementaria, existe outro grupo de descontos que se aplican a determinados servizos e/ou colectivos, ofertados polos operadores para casos concretos.

As bonificacións establecidas pola Administración que están aplicadas a todos os servizos do PTPG de forma xeral son:

TMG

Efectuar o pago con esta tarxeta supón un 10% de desconto sobre a tarifa en efectivo, calculada segundo o indicado no apartado anterior. Ademais da propia tarxeta TMG, aplicarase o mesmo desconto no caso de que o pago se realice coa tarxeta TMGXN ou coas tarxetas do transporte urbano das cidades da Coruña e Lugo.

Estas ferramentas aplicáronse por primeira vez nas ATM, nas que as tarifas de servizos se caracterizan por que inclúen todas as relacións de orixe e destino que forman parte da concesión. A TMG é unha resposta para facilitar o cálculo de prezos e integrar as tarifas do transporte público interurbano co urbano.

BONIFICACIÓN POR RECORRENCIA

Aplicarase un desconto do 25% para o volume de viaxes comprendido entre 21 e 40 que sexan realizadas no mesmo mes natural, e dun 50% de desconto para as viaxes producidas, baixo estas condicións, a partir das 40 viaxes. Esta bonificación é aplicable a viaxes entre os mesmos concellos de orixe e/ou destino, dentro da mesma concesión, a condición de que o pago se aboe coa tarxeta TMG.

TARIFICACIÓN E PAGO DE RESERVA DE PRAZA

Nos servizos integrados ou compartidos.

De forma complementaria, existen **outros descontos promovidos pola Administración** que son aplicables a determinados servizos do PTPG que están **indicados nos proxectos de explotación diferenciados por concesión**, segundo as súas características particulares:

- **BONO mensual, con orixe e destino en calquera concello dentro da mesma concesión.** Este bono está incluído nos proxectos de explotación de todas as concesións do PTPG, aínda que se aplica separadamente para cada unha delas. Permite realizar ata 50 viaxes ao mes cun 50% de desconto e un prezo mínimo de 50€ en traxectos de ida e/ou volta entre paradas de orixe e destino do mesmo concello. Ao adquirir este bono, as persoas usuarias poden elixir calquera par de concellos dentro dunha mesma concesión.
- **BONO mensual de uso ilimitado para algunhas** concesións con tráficos cara a ou desde algunha das localidades con hospitais **cabeceira dos distritos sanitarios**, cun desconto do 75% sobre o importe do billete en efectivo correspondente a 44 viaxes e un prezo mínimo de 50€. É un bono moi importante que facilita unha tarifa moi reducida entre localidades intermedias e as principais capitais.
- **BONO mensual para relacións de tráfico determinadas.** Os proxectos de explotación dalgunhas concesións establecen bonos específicos para relacións de tráfico concretas nas que existe unha demanda elevada e unha utilización recorrente por parte das persoas usuarias, principalmente, por motivos laborais ou de estudos. Dentro desta categoría atópanse os bonos de 100 viaxes cun prezo fixo de 75€, que están activos, por exemplo, entre Marín e Pontevedra, entre Barbadás e Ourense ou entre A Coruña e Cambre. Outras concesións contan con bonos de 26 e/ou de 46 viaxes, con desconto do 75% sobre o importe de 24 ou 44 viaxes pagadas en efectivo, respectivamente. Con estes descontos, a unha persoa que realice 46 viaxes ao mes entre Santiago e Lugo, cada viaxe sáelle a menos de 2,18€; mentres entre A Coruña e Ferrol, o mesmo número de desprazamentos resulta en menos de 1,09€ por traxecto.

Da mesma forma que o PTPG fixou un sistema tarifario máis homoxéneo, tamén introduciu un sistema de bonos con criterios comúns segundo as circunstancias de demanda e recorrencia previstas en cada proxecto de explotación, outorgando así un carácter universal aos bonos, obrigatorios para o contratista. Desta forma, todas as concesións contan cunhas tarifas bonificadas establecidas con carácter de mínimos nos seus respectivos proxectos de explotación, que se comercializan e se aplican nos servizos de cada unha delas.

Ademais destas bonificacións, tal e como se mencionaba anteriormente, o PTPG incorpora a posibilidade de que as empresas operadoras poidan ofertar outros descontos e bonos para as persoas usuarias, unha mellora que se introduciu como motivación para fomentar a política comercial das empresas concesionarias, un aspecto que se tomou en conta como condición favorable nas propostas de concesión presentadas durante a licitación de servizos.


A información sobre a oferta de bonos vixente en cada concesión pode consultarse desde o buscador da páxina web www.bus.gal. Ao realizar unha procura dos servizos existentes entre unha orixe e un destino nunha data determinada e seleccionar unha expedición, ábrese unha ventá informativa onde as persoas usuarias poden descargar un ficheiro cos bonos desa concesión picando no enlace que se atopa na parte superior dereita da dita ventá.

Para poder aplicar todas as bonificacións e descontos que ofrece o PTPG e que se comentaron anteriormente, foi necesario o desenvolvemento dun **soporte tecnolóxico compatible con todos os modos e operadores con tráfico en Galicia**, que facilite a integración dos sistemas de pago para todos os servizos de transporte público e optimice a xestión destes.

Este sistema de pagos permite acceder directamente ao conxunto de bonificacións que se estableceron nos proxectos de explotación, salvo aos bonos mensuais, que, con carácter xeral, administran directamente as empresas concesionarias cos seus propios sistemas tecnolóxicos.

4.3.1. TIPOS DE TÍTULOS DE TRANSPORTE: BONOS

A continuación, recóllense os datos das bonificacións que foron comercializadas desde xaneiro de 2021 ata maio de 2021, segundo a información remitida polos concesionarios.



Como se pode observar na gráfica anterior, a venda de bonos mensuais e de bonos de 100 viaxes mantívose practicamente constante nos 5 primeiros meses de 2021 analizados.


Observamos que a venda de bonos de 26 viaxes se viu incrementada co paso dos meses, comezando con algo menos dun total de 1.000 bonos vendidos e aproximándose aos 1.500 bonos os últimos meses.

Pola súa banda, no relativo aos bonos ilimitados, vendéronse todos os meses máis de 200 bonos, alcanzando un máximo de 333 bonos vendidos no mes de maio de 2021.

É importante sinalar que, das 127 concesións que compoñen o PTPG, 108 declaran recadar 0€ pola venda de bonos no primeiro semestre do 2021, polo que a información detallada corresponde a 19 concesións: 6 na provincia de Lugo, 6 en Ourense, 5 na Coruña e 2 en Pontevedra.

Nos gráficos seguintes pódese visualizar a recadación xeral por venda de bonos naquelas concesións que reportaron a súa comercialización desde xaneiro 2021 ata maio de 2021.

Recadación por venda de bonos por provincia



A provincia da Coruña é na que se rexistra unha recadación notablemente maior que o resto, seguida de Lugo, Pontevedra e Ourense.

Existen varios factores que determinan a venda de cada un dos tipos de bonos, pero un dos máis significativos é o cambio na mobilidade cidadá derivado das tempadas lectivas e de vacacións, xa que os desprazamentos de estudantes e persoas traballadoras se ven afectado durante estes períodos. Outro factor determinante no volume de bonos comercializados foi a restrición de mobilidade a consecuencia da pandemia do COVID-19.

4.3.2. TIPOS DE TÍTULOS DE TRANSPORTE: TARXETAS TMG e TMGXN

O PTPG estableceu como medio de pago xeral dúas ferramentas ou títulos de transporte que dinamizan o transporte público: a **Tarxeta de Mobilidade de Galicia, TMG**, que será equivalente á anterior tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia, e a **Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova, TMGXN.** Todas achegan numerosas vantaxes para as persoas usuarias e facilitan a xestión do transporte público galego.

Estas formas de pago baséanse nunha tecnoloxía sen contacto que mellora a cantidade e calidade de información existente sobre os/as usuarios/as da rede de transporte de Galicia. Estas actualizacións tecnolóxicas planificáronse como unha das medidas que permiten non só aplicar as melloras tarifarias impulsadas polo PTPG, senón que serán pezas clave para xestionar a posta en marcha da nova Área de Transporte de Galicia.

Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG):

Permite obter **descontos no prezo** dos servizos de transporte público.

A TMG permite que todas as persoas usuarias en Galicia poidan acceder a un **desconto do 10% sobre a tarifa correspondente en efectivo.** Adicionalmente, nas ATM incorpórase o sistema tarifario por saltos, no que se estableceron outros descontos, coas bonificacións asociadas ás concesións que prestan servizos nestas.



Achega tamén o **bono de recorrencia**, que consiste na devolución do 25% do custo da viaxe, a partir da viaxe número 21 no mes, dentro da mesma concesión e para o mesmo municipio de orixe e destino, e do 50% a partir da viaxe número 41 para as viaxes con estas características. Este desconto opera de forma diferente nas ATM.

Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN)

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixos de actuación prioritarios do PTPG é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, polo que a Xunta de Galicia procedeu á implantación da tarifa Xente Nova.



Esta tarifa ten como reto inmediato aliviar a economía das familias facilitando o acceso aos centros de formación e un obxectivo latente que consiste no fomento do transporte público e da mobilidade limpa e sustentable entre a poboación máis nova.

Así, a TMGXN é o mecanismo establecido pola Xunta de Galicia para aplicar os descontos da Tarifa "Xente Nova" nos servizos de transporte. Esta tarifa **permite aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no**


transporte público interurbano competencia da Xunta de Galicia, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e no tren de ancho métrico en Ferrol.

Estes descontos tradúcense no reembolso de ata 60 viaxes ao mes por usuario nas que a Administración asume o custo destes desprazamentos.

Esta ferramenta permite acceder a 60 viaxes gratuítas ao mes, incluíndo desprazamentos interurbanos e tamén os urbanos, cando formen parte dunha viaxe metropolitana.


O acceso gratuíto da mocidade ao autobús coa extensión das vantaxes da TMGXN a toda Galicia supón unha conquista social que reflicte a aposta de futuro decidida do Goberno galego pola poboación máis nova, as familias e por unha mobilidade máis verde. Nesta liña, Galicia sitúase decididamente na transición cara á mobilidade sustentable que propugna a Unión Europea.

No seguinte gráfico podemos observar o número de viaxes nas que se realizou o pago mediante tarxeta TMGXN nos últimos anos, detallando a cifra de viaxes da primeira metade do ano 2021:



Resulta destacable a cifra de máis de 700.000 viaxes aboadas mediante a tarxeta TMGXN na provincia da Coruña, seguida con máis da metade, unhas 360.000, na provincia de Pontevedra.

Para contextualizar o gráfico anterior, hai que destacar, como factor condicionante nos datos de evolución de uso da tarxeta TMGXN nos últimos anos, a redución dos servizos de transporte público e as limitacións existentes durante a pandemia do COVID-19.



Neste gráfico pódese apreciar o valioso investimento que realizou a Xunta de Galicia na aposta pola mobilidade das persoas menores de 21 nas 4 provincias galegas desde 2016 ata xuño de 2021.

Concretamente, no ano 2019, a bonificación total por concepto de TMGXN subministrada pola Administración foi de 1.843.608€. Na primeira metade do ano 2021, este investimento alcanzou un total de 1.327.644,67 €.

NOS 5 ANOS QUE LEVA FUNCIONANDO A TMGXN, OS TITULARES DESTE DISPOSITIVO REALIZARON MÁIS DE 8,5 MILLÓNS DE VIAXES GRATUÍTAS NO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA A CARGO DA XUNTA DE GALICIA, AS CALES SE TRADUCEN MÁIS DE 8,5 M€ QUE AFORRARON AS FAMILIAS DOS BENEFICIARIOS.

O éxito da Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova

O éxito desta tarxeta compróbase cos resultados obtidos nas sondaxes de satisfacción do PTPG realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que serán detalladas nun capítulo específico desta memoria.

O uso da Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova é un dos principais motivos de satisfacción co transporte público entre menores de 21 anos e afianzan a aposta da Xunta de Galicia por establecer condicións económicas máis vantaxosas no transporte público.

O Goberno galego puxo en marcha esa iniciativa no ano 2016 nas ATM e a comezos do ano 2020 ampliouse a cobertura da tarxeta Xente Nova desde os 19 aos 21 anos.

O ano da súa posta en funcionamento entregáronse case 30.000 TMGXN e, ata hoxe, resultou ser o momento no que máis tarxetas se distribuíron. Este fenómeno observouse tamén cando os servizos se ampliaron a Ourense e Pontevedra, conseguindo 21.002 beneficiarios máis.

En total, desde a súa posta en marcha en agosto do 2016, ata xuño do 2021, o investimento total achegado pola Administración para aboar as viaxes pagas coa TMGXN a supera os 8 millóns de euros.

ETAPAS NA IMPLANTACIÓN DA TMGXN

A tarifa "Xente Nova" regulouse en agosto de 2016 para menores de 19 anos. Na súa primeira implantación no ámbito das ATM, conforme co indicado na Orde do 8 de agosto de 2016, a tarifa "Xente Nova" aplicouse naquelas áreas constituídas polo conxunto de concellos situados nos contornos das cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, que decidiron incorporarse ao Plan de Transporte Metropolitano impulsado pola Xunta de Galicia.

En 2019, unha vez que grazas á licitación das novas concesións se garantiu a dotación dos sistemas tecnolóxicos precisos, acórdase que no 2020 se producise a ampliación do marco de aplicación da tarifa Xente Nova para estender o abano de idade (ata os menores de 21 anos).

Posteriormente, o 4 de xuño de 2020, como parte da expansión progresiva que estaba prevista, publicouse no Diario Oficial de Galicia a primeira expansión territorial do ámbito de aplicación da tarifa "Xente Nova" en dúas fases: incluíndo a provincia de Ourense e a zona de Pontevedra en 2020, e a expansión plena a toda Galicia en 2021. O prazo establecido para completar a expansión territorial a toda a Comunidade Autónoma de Galicia tivo que ser atrasado polas restricións derivadas por mor da pandemia en 2020.

A partir do 21 de maio de 2021, como se indica no apartado inicial desta memoria, a Xunta de Galicia estendeu a gratuidade do transporte público aos menores de 21 anos de todas as provincias galegas, incluíndo as viaxes en barco na ría de Vigo e no ferrocarril de vía estreita na área ferrolá, cun máximo de 60 viaxes interurbanas gratuítas ao mes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está traballando nestes momentos para que as persoas usuarias poidan levar esta tarxeta directamente no teléfono móbil, o que permitiría facer as descargas sen necesidade de acudir a un caixeiro.

Outros títulos:

Por outro lado, tamén se acordou a ordenación e simplificación doutros títulos comercializados polos diferentes modos de transporte dos que é titular a Xunta de Galicia, como son, o **billete único** (pagado en efectivo) válido só para unha etapa e non permite o transbordo; e **as tarxetas de pago integradas** que permiten desprazarse por diversos medios ou modos de transporte. Neste caso establécese un sistema de compensación entre as distintas Administracións públicas en virtude dos diferentes convenios.

O RESULTADO DA POLÍTICA TARIFARIA IMPLANTADA POLO PTPG É UNHA MELLORA DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS NAS QUE VIAXA A CIDADANÍA, FACENDO O TRANSPORTE PÚBLICO MÁIS ATRACTIVO E ACCESIBLE PARA TODOS OS GALEGOS E GALEGAS.



4.4. Tarifas sociais e axudas

Dentro do conxunto de obxectivos do PTPG existe un claro interese en aplicar as **políticas sociais da Xunta de Galicia.** De feito, o a tarxeta TMG permite a entes públicos e privados xestionar bonificacións sociais, entre as que se atopan:

Descontos a familias numerosas entre o 20 e o 50 %

Os descontos por familia numerosa aplicáronse ininterrompidamente no transporte interurbano de toda Galicia. A bonificación por familia numerosa é aplicable hoxe en día en todos os servizos de transporte independentemente que sexan pagados coa TMG, indispensable só cando se trate do pago dentro do ámbito das ATM.

Calquera persoa que sexa parte dunha familia numerosa de Galicia, maior de 5 anos, pode ser beneficiaria desta axuda. Só necesita cumprir os requisitos necesarios para estar incluída dentro do título oficial de familia numerosa e solicite a súa alta na aplicación social na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, responsable destas xestións.

Actualmente, os niveis de desconto son un 20 % para as familias numerosas de categoría xeral e un 50 % para as de categoría especial.

Con carácter xeral, son as concesionarias as que deben asumir o custo deste desconto, que é aplicable a calquera relación de tráfico con importe superior ao mínimo de percepción, importe que se equiparou co prezo mínimo de 1,50€ en efectivo ou 1,35€ con TMG. A partir dese importe, o desconto aplícase coa exhibición do libro de familia e, no seu caso, a xustificación da identidade da persoa usuaria como unha das incluídas no dito libro de familia.

Así pois, o PTPG inclúe tamén a obriga por parte das empresas concesionarias á aplicación das bonificacións aos membros de familias numerosas aos que fai referencia o artigo 10 do Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

No ámbito das ATM, as tarifas bonificadas constitúen o importe mínimo de percepción aplicable pola empresa, polo que o desconto por familia numerosa é asumido pola Administración. Para a súa xestión requírese a utilización da TMG que, previamente, debe ser activada con este perfil social por parte da Consellería de Política Social.

Neste sentido, o día 7/11/2014 estableceuse un acordo entre a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e a Consellería de Política Social coa sinatura do convenio de colaboración para estender os descontos establecidos na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, para o transporte interurbano de viaxeiros no campo do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas ATM de: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo.

Descontos promovidos polos concellos

No ámbito das ATM, varios municipios estableceron bonificacións adicionais que son aplicables a grupos con condicións específicas. Aínda que cada concello establece cales son os colectivos beneficiarios, en xeral están dirixidos a maiores **de 65 anos sen actividade laboral, a persoas desempregadas, persoas con discapacidade e a persoas en situación de emerxencia social ou precariedade persoal.**

Para solicitar e tramitar estes descontos específicos a persoa usuaria debe dirixirse aos Servizos Sociais do concello no que resida para asesorarse e tramitar estas axudas. Son os Servizos Sociais os que determinan quen son aquelas persoas beneficiarias destas axudas, atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal.

Os concellos que ofrecen este tipo de descontos adicionais nas diferentes ATM consolidadas en Galicia son os seguintes:

- Na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, o Concello de Mugardos, que ofrece bonificacións do 100% do importe da viaxe, nun máximo de 10 viaxes mensuais, para persoas en situación de risco social e/ou dificultade socioeconómica, e do 25% importe da viaxe, nun máximo de 41 viaxes mensuais, para estudantes.

- Na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Val do Dubra e Vedra presentan bonificacións do 50% do importe da viaxe, nun máximo de 20 viaxes mensuais, para persoas maiores de 65 anos, en situación de desemprego e con discapacidade, e dun 100% do importe da viaxe, nun máximo de 30 viaxes mensuais, para persoas en situación de risco social.

Descontos promovidos pola Universidade da Coruña

O PTPG tamén contempla convenios de colaboración con organismos e institucións como a Universidade da Coruña. Así, o PTPG facilita o desprazamento dos estudantes dos campus da Coruña e Ferrol aos centros de estudos que esta institución xestiona en diferentes zonas da provincia da Coruña.

Inicialmente, esta bonificación limitábase ás viaxes dentro dunha ATM, pero está contemplado estender os beneficios a calquera viaxe en transporte público interurbano con orixe ou destino nos centros de estudo indicados, sexa cal sexa o municipio de residencia dos/as estudantes.

O alumnado debe solicitar a tarxeta que lle corresponda segundo a súa residencia durante o curso académico de cada ano, nos lugares que se indican segundo a modalidade.

Para solicitar estas axudas deberá xustificar a súa residencia co empadroamento ou co contrato de aluguer da vivenda durante o curso.

Outro requisito indispensable para poder beneficiarse destas axudas é posuír a tarxeta de transporte que se indica para cada modalidade.

Estas son as categorías de axudas para o transporte que contempla a UDC:

Modalidade 1
Destinada ao transporte urbano da cidade da Coruña.

Modalidade 2
Destinada á liña de transporte A Coruña-Ferrol-A Coruña.

Modalidade 3
Destinada ao transporte metropolitano: ATM da Coruña, ATM de Ferrol e outras áreas.

Respecto das bonificacións concretas asumidas pola UDC nesta última categoría, establecéronse os valores de desconto segundo o número de saltos que se realice na viaxe:

- Viaxes con 0 e 1 saltos, terán unha bonificación do 50% do prezo do billete.
- Viaxes con 2 saltos, terán unha bonificación do 40% do prezo do billete.
- Viaxes con 3 ou máis saltos, terán unha bonificación do 35% do prezo do billete.

Para coñecer os detalles sobre condicións e procedementos de solicitude destas axudas promovidas pola UDC, a institución ofrece toda a información a través do seu portal web Axudas ao Transporte (udc.es)



Outros descontos sociais

- **Descontos a persoas con mobilidade reducida (PMR) e discapacidade.**
  Son varias as opcións de bonificacións á disposición das persoas con mobilidade reducida, en diante PMR, e aquelas que presenten algún tipo de discapacidade, que dependen da concesión, por seren estas ofertadas polos operadores que prestan o servizo.
  Atópanse á disposición das persoas usuarias en función da concesión e entre elas atopamos algunhas de ata un 80% de bonificación para persoas cun grao de discapacidade maior ao 75%, un 65% de bonificación para persoas con discapacidade maior dun 65%, e bonificacións de ata un 50% para persoas cun grao de discapacidade maior do 33%. De forma complementaria, tamén se ofrecen descontos que van desde o 50% ata o 100% do prezo do billete para os acompañantes de persoas con mobilidade reducida, en función da concesión.
- **Descontos a persoas maiores de 65 anos e xubilados/as.**
  As rebaixas ofertadas para este grupo de persoas ofrecen descontos do 5%, 10%, 15%, 35% ata un 40% do total do prezo do billete, dependendo da concesión que as comercialice. Estas bonificacións aplícanse para todas as expedicións e sen límites de viaxes ou validez para estas.
  Igual que no caso anterior, este tipo de rebaixas inclúense na lista de beneficios ofertados polas empresas nos proxectos de explotación. Cada concesión ofrece un tipo de desconto adaptado ás características dos servizos ofertados con condicións específicas para a súa aplicación. Todos os detalles destas poden ser consultadas nas canles de información que as concesionarias poñen a disposición das persoas usuarias.
- Persoas vítimas de violencia de xénero e persoas desempregadas, con bonificacións entre un 10% e un 50%, á disposición das persoas usuarias en función da concesión, en case un 20% das que prestan os servizos.
- Ofertas de verán para estudantes, con descontos do 50% nalgunha concesión para os meses de xullo e agosto.
- Servizos especiais nocturnos, cunha bonificación do 25% do prezo do billete dispoñible en 45 concesións.
- Descontos para turistas e peregrinos, con bonificacións entre un 10% e un 50%, dispoñibles en máis dun 20% das concesións.

4.5. Emisión e distribución dos sistemas de pago

As tarxetas de Mobilidade de Galicia, TMG e TMGXN, poden adquirirse en ata 213 oficinas de Abanca habilitadas nas catro provincias galegas. O sistema de emisión e distribución das ferramentas de pago previstas no PTPG está xestionado por Abanca, a entidade bancaria colaboradora da Xunta de Galicia.

Na páxina web www.bus.gal ofrécese toda a información relativa á tramitación destes dispositivos e as vantaxes que comportan, así como a listaxe de todas as sucursais habilitadas para a súa expedición.

Ambas as tarxetas emítense e distribúense a todas aquelas persoas que as soliciten nas oficinas da entidade bancaria colaboradora. A TMG ten un custo bonificado de emisión de 2€; pola súa banda, a bonificación da TMGXN facilita que se expida gratuitamente.

É importante destacar que para o caso da tarxeta Xente Nova, esta pode ser solicitada por calquera persoa menor de 21 anos, independentemente do municipio no que estea empadroada. Por tanto, mesmo aquelas persoas usuarias que só a van utilizar por unha tempada curta, como vacacións, poderán acceder ás vantaxes que ofrece.

As tarxetas poden obterse ata en 213 oficinas comercializadoras de Abanca. Adicionalmente, para facilitar a propia obtención da tarxeta, poderase pedir cita previa en calquera das oficinas de Abanca en Galicia habilitadas para este trámite, na web Tarxeta "Xente Nova" - Comprobación Data Nacemento (abanca.com)

Actualización do convenio de distribución das TMGXN

Para facilitar a aplicación da TXN, o 3 de agosto de 2016 a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a entidade bancaria colaboradora subscribiron un **convenio de colaboración** para a distribución e xestión destas ferramentas de pago e as bonificacións Xente Nova entre as persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos, incluídos.

Este convenio foi renovado o 18 de decembro de 2020, incorporando as previsións de ampliación do grupo de idade beneficiado desta importante actuación ata os menores de 21 anos, así como o ámbito territorial no que é de aplicación a indicada tarxeta TMGXN.

Con posterioridade, este convenio actualizouse para ampliar o ámbito de idade ata os 20 anos incluídos e foise aplicando a súa progresiva expansión ao conxunto total do territorio de Galicia en maio de 2021.



Ata xuño de 2021, case 1.2 millóns de mozas e mozos menores de 21 anos desfrutaron dos beneficios de viaxar coas bonificacións da TMGXN nos autobuses interurbanos da Xunta de Galicia a través do emprego desta tarxeta.

Evolución da expedición dos dispositivos TMG e TMGXN


As cifras de emisión das TMGXN por ATM denotan a crecente aceptación do dispositivo ata maio de 2021, cando se estendeu o seu uso a toda Galicia.

Nos seguintes gráficos pódese apreciar a evolución da TMGXN desde a súa posta en marcha en 2016, primeiro nas ATM, onde a súa aceptación se traduce no volume de tarxetas emitidas.

Durante o primeiro ano da súa aplicación, destaca a emisión de ata 20.000 tarxetas Xente Nova na Coruña.

Aínda que o crecemento desta tarxeta foi progresivo, o factor demográfico é un condicionante da emisión de novas tarxetas, xa que debe considerarse a taxa de natalidade como determinante da poboación menor de 21 anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Evolución da emisión de TMGXN por provincia



Por provincias, A Coruña é a que más tarxetas emitiu, con 50.735 ata finais de xuño de 2021, seguida de Pontevedra (28.977), Ourense (3.459) e Lugo (3.307). Ademais, expedíronse 160 dispositivos para persoas non asociadas a ningunha das provincias, xa que calquera menor de 21 anos, por exemplo, xente doutros territorios que veñen cursar os seus estudos universitarios a Galicia ou mesmo persoas portadoras do NIE, poden adquirila.

4.6. Actuacións previstas coa Área de Transporte de Galicia (ATG): sistema zonal, pago multimodal e integración tarifaria

Tal e como se explicaba ao comezo deste apartado, o PTPG preocupouse de regular as tarifas que se deben aboar polas viaxes, tanto desde o punto de vista dos importes efectivamente aboados polas persoas usuarias (tarifas-usuario), como desde o punto de vista dos importes que se deben recibir pola concesionaria, ben directamente das persoas usuarias do servizo, total ou parcialmente, ben pola Xunta de Galicia (tarifas-empresa).

De igual modo, o Plan de Transporte Público de Galicia prevé unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención das zonas de poboación máis dispersa, coa necesidade da colaboración de entidades locais, e executando unha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os descontos da tarxeta TMG, ao mesmo tempo que se garante a prestación duns servizos adecuados a cada zona.

Neste sentido, a Administración Autonómica de Galicia impulsa o establecemento dunha Área de Transporte de Galicia que abarque a todo o territorio da Comunidade Autónoma, estendendo a todo el as vantaxes das ATM e mantendo a vontade de colaboración con todas as Administracións locais, ás que se lles outorgará a posibilidade de adherirse á Área de Transporte de Galicia para mellorar as vantaxes e políticas tarifarias que se lles aplican ás persoas usuarias que realicen viaxes con orixe ou destino nos seus respectivos termos municipais.

En consecuencia, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade impulsou a elaboración dun Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, co fin de definir con

maior precisión o funcionamento da ATG. En outubro de 2020 iníciase a tramitación deste, mediante a posta a disposición pública do Documento Base para Información Pública do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia, por un período de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia. Finalmente, este apróbase na reunión do Consello da Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2021.

En esencia, a ATG supón a adopción das tarifas que introducen **bonificacións**, a implantación dun **sistema tarifario zonal quilométrico** e un soporte tecnolóxico compatible con todas as modalidades e **medios de pago multimodais** aceptados por todos os concesionarios.

Neste sentido, a **integración tarifaria**, ademais de ser un mecanismo eficaz de fomento do transporte público, é unha medida clave para conseguir a súa modernización. Actuará sobre os prezos, a coordinación e a información do sistema e, en definitiva, conseguirá o funcionamento óptimo da ATG.

A INTEGRACIÓN TARIFARIA, REPRESENTADA NA ATG, É UN DOS MECANISMOS DO PTPG PARA FOMENTAR O USO DO TRANSPORTE PÚBLICO, CONSEGUIR A SÚA MODERNIZACIÓN E REDUCIR OS PREZOS.

En consecuencia, a posta en marcha da ATG leva un importante esforzo de deseño e planificación da complexa xeografía galega, un territorio con 313 municipios onde é necesario resolver longas distancias e as conexións entre as rutas que enlazan as localidades máis illadas.

A ATG regularase a través de convenios de adhesión subscritos por aquelas Administracións públicas que se comprometan a aplicar a política tarifaria prevista para a ATG.

OS PRINCIPAIS OBXECTIVOS DA ATG SON FOMENTAR A MOBILIDADE, PROMOVER A COORDINACIÓN ENTRE AS DIFERENTES REDES DE TRANSPORTE PÚBLICO, MELLORAR A CALIDADE DO SISTEMA CON PREZOS REDUCIDOS E CONSOLIDAR UN SISTEMA TARIFARIO IGUALITARIO PARA TODA GALICIA.

Para cumprir con estes obxectivos é necesaria a implementación do que se denomina un **sistema zonal**, a introdución de **medios de pago multimodais** e a fixación de tarifas que introduzan **bonificacións** ás persoas usuarias.

Zonificación:

O sistema tarifario que se implementará na ATG avanzará cara á plena integración dos diferentes medios de transporte, de modo que as persoas usuarias terán unha tarifa única para as súas viaxes, que dependerá da orixe e destino final da mesma, sen ter en conta os diferentes medios de transporte que se deban coller para a súa realización.

Para iso, todas as concesións do PTPG traballarán cun sistema de tarifas equilibrado que ten **carácter zonal e quilométrico**, asociado ao ámbito territorial de cada un dos termos municipais de Galicia. Deste xeito, o termo municipal de cada concello constitúe unha zona de transporte e os rangos tarifarios están determinados pola distancia e o tempo estimado de viaxe por estrada entre os maiores núcleos de poboación dos respectivos concellos.

Bonificacións previstas coa implantación do ATG:

Para entender a proxección das melloras tarifarias que serán aplicadas dentro da ATG, sería necesario detallar que a dotación global de viaxe se subdivide nunha **dotación zonal**, asociada á viaxe no seu conxunto, e unha **dotación de traslado**, asociada ás distintas etapas que compoñen unha única viaxe.
Para o establecemento das bonificacións de traslado tense en conta o nivel de imputación e participación das distintas administracións públicas en cada unha delas, de acordo co establecido nos convenios correspondentes.

No caso da bonificación zonal, establécese unha bonificación zonal básica igual para toda Galicia, que se imputa ás distintas administracións públicas segundo unha serie de normas comúns en toda a ATG, e establécese a posibilidade de incrementar a bonificación zonal básica mediante un desconto adicional, decidido pola Administración local correspondente, e que se imputaría integramente a esta.

Ademais, a implementación da ATG suporá a aplicación dunha bonificación do 100% do custo adicional dos traslados intermunicipais realizados en calquera termo municipal, con independencia de que os municipios de orixe ou destino se adhiran ou non á ATG. O abono deste desconto corre a cargo da Xunta de Galicia na súa totalidade.

Doutra banda, a adhesión dos concellos correspondentes á ATG suporá a aplicación das seguintes **bonificacións adicionais** que se incorporarán na medida en que os concellos se adhiran ou non á ATG, que tamén se diferencian segundo o tipo de municipio de orixe e o traxecto que cubra a viaxe intermunicipal.

- **Bonificacións zonais:** establécense diferentes cálculos para a aplicación de bonificacións segundo a tipoloxía de concellos e dos desprazamentos en cada un.
  - Concellos urbanos: Trátase daqueles nos que existe un transporte público de titularidade municipal ou daqueles que, pola súa poboación, estarían obrigados a telo, aínda que carezan del.
    Nestes casos, a bonificación aplicarase en todas as viaxes intermunicipais con orixe no concello adherido e destino noutro, con independencia de que o concello de destino se adhira ou non á ATG.
    Tamén se contempla en todas as viaxes locais con orixe e destino no concello adherido e a integración coa rede urbana de transporte público metropolitano.

As novas bonificacións introducidas polo PTPG coa ATG impulsan a utilización do transporte público, xa que favorecen a recorrencia. A Xunta de Galicia asume o 100% do custo adicional xerado polos transbordos que sexan necesarios ata completar o traxecto en traslados locais e intermunicipais.



- Concellos non urbanos: Trátase daqueles que non dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, cando, pola súa poboación, non estarían obrigados a prestalos e aqueloutros que dispoñen dalgún servizo deste tipo, pero que non atende á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intramunicipais no seu propio termo municipal. Nestes casos, a bonificación inclúe todas as viaxes intermunicipais con orixe no concello asinante e destino noutro concello de Galicia, con independencia de que o concello de destino se adhira á ATG.

- **Bonificacións intermunicipais** en todas as viaxes con orixe en calquera concello e con destino no concello asinante, con independencia de que o concello de orixe se adhira ou non á ATG. **Naqueles municipios que formen parte da ATG bonificaranse todas as viaxes dentro do termo municipal.**
- **Bonificacións por transbordo:** desconto do 100% do custo adicional que se xere polos traslados locais realizados no municipio do concello asinante ou noutro municipio intermedio distinto ao destino da viaxe, en todas as viaxes intermunicipais con orixe ou destino no concello asinante e orixe ou destino noutro municipio de Galicia, con independencia de que o destino estea adherido ou non á ATG.

4.6.1. Período transitorio. Concellos con actuacións propias

Mentres a ATG se consolida como unha realidade en toda Galicia, os concellos teñen a opción de asinar convenios coa Xunta de Galicia para ofrecer bonificacións ás persoas usuarias, mentres non estean integrados en ningunha ATM.

Este é o caso de **Barbadás, Pontevedra e Ribeira**, que contan con actuacións propias e gozan de bonificacións tarifarias nos servizos prestados dentro do municipio.

Antes de detallar as características das actuacións levadas a cabo nestes concellos, é importante sinalar que, aínda que os convenios en Barbadás e Ribeira foron tramitados, asinados e implantados durante o período que recolle esta memoria, no caso de Pontevedra o convenio foi redactado e tramitado antes de xuño do 2021, pero a súa firma e implantación realizouse nos meses posteriores.

A posta en marcha do convenio en Pontevedra achega unha enriquecedora experiencia no deseño de solucións de mobilidade que permitiu dar respostas a moitas das necesidades da cidadanía na zona, por esa razón, foi incluído como un dos casos de estudo para entender a relevancia das accións previas á implantación da ATG.



a. Barbadás: bonificacións e descontos sociais.

O obxectivo deste convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Barbadás, asinado o 26 de xuño de 2020, é o de establecer unha serie de melloras nos prezos do transporte público que se prestan dentro do municipio.

Este acordo permite **reducir como mínimo 0,50 euros en todas as viaxes dentro do termo municipal** de Barbadás e as viaxes co Concello de Ourense, o que implica que o prezo do billete pasa de 1,35 a 0,85 euros, sempre que se aboe coa TMG.

Ademais das bonificacións de uso xeral, o concello estableceu unha serie de descontos sociais dirixidos aos seguintes colectivos:

ESTUDANTES

Cunha bonificación adicional de 0,25 euros sobre a bonificación xeral, e por tanto cun total de bonificación de 0,75 euros, o que resulta un prezo por viaxe de 0,60 euros.

PENSIONISTAS

Cunha bonificación adicional de 0,15 euros sobre a bonificación xeral, e por tanto cun total de bonificación de 0,65 euros, o que resulta un prezo por viaxe de 0,70 euros.

PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Cunha bonificación equivalente ao importe total que lles correspondería aboar polo servizo de transporte.

Para acceder a estas bonificacións sociais, as persoas usuarias deberán cumprir unha serie de requisitos establecidos no convenio e aboar as súas viaxes mediante tarxeta TMG ou equivalente.

Estas bonificacións son acumulables con outras bonificacións e/ou tarifas especiais impulsadas polo PTPG pola utilización recorrente do servizo.

b. Ribeira: tarifas moi reducidas para fomentar o uso do transporte público

O obxectivo do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira, asinado o 22 de febreiro de 2021, é establecer unha serie de bonificacións no transporte público dentro do municipio de Ribeira.

Os descontos aplícanse nos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que comunican os principais focos de demanda de mobilidade do municipio. Tamén se introducen bonificacións especiais a colectivos específicos como parte da implantación de determinadas medidas de políticas sociais no termo municipal.

Así, as persoas usuarias da tarxeta TMG terán acceso a outros descontos directos nos desprazamentos en autobús no municipio de Ribeira. En concreto, poderán **beneficiarse dun aforro de 0,50 euros na viaxe** sobre a tarifa xeral, resultando unha tarifa final de 0,85 euros.

Ás bonificacións de uso xeral súmanse outros beneficios sociais. Estas melloras van dirixidas, por unha banda, aos colectivos de estudantes e pensionistas, e por outra, ás persoas en situación de risco ou emerxencia social do municipio de Ribeira. Neste último caso, o custo da viaxe será gratuíto.

Todas as bonificacións aplicadas no convenio de Ribeira son as mesmas que as xa comentadas no convenio do concello de Barbadás.

Para acceder a estas bonificacións sociais os beneficiarios deben dispor tamén da tarxeta TMG. Estas bonificacións son acumulables con outras bonificacións e/ou tarifas especiais impulsadas polo PTPG pola utilización recorrente do servizo.

c. Pontevedra: convenios para abaratar as viaxes e mellorar o servizo

O municipio de Pontevedra é capital de provincia e unha das 7 cidades galegas con máis de 50.000 habitantes, polo que legalmente está obrigado a ofrecer o servizo de transporte urbano colectivo de persoas viaxeiras; con todo, ata a implantación deste convenio, non contaba con este servizo. A Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra asinaron **dous convenios de colaboración** para mellorar os servizos e activar as bonificacións no transporte público na cidade, que son efectivas desde o 1 de setembro de 2021.

Grazas a estes convenios, impulsáronse actuacións orientadas a reordenar a oferta de servizos para dar resposta á carencia do servizo de transporte público urbano colectivo no Concello de Pontevedra e a súa contorna. Con estas actuacións non só se mellorou e incrementou a cobertura do transporte público, senón que se introduciron melloras tarifarias e descontos para as persoas usuarias deste concello.

Un destes acordos de optimización conxunta entre a Administración local e a Xunta de Galicia, recolle a implantación do Servizo de Transporte de Interese Municipal no Concello de Pontevedra, **SIMU**, que leva melloras significativas na comunicación do municipio coa reordenación dalgunhas rutas para atender demandas concretas de mobilidade na zona.

O outro convenio, relativo ás tarifas, permite ofrecer un **desconto de 0,50 euros como mínimo en todas as viaxes internas no termo municipal** de Pontevedra, o que se traduce que nas viaxes con orixe e destino neste concello o prezo do billete pasará de 1,35 a 0,85 euros, sempre que se aboe coa tarxeta TMG.


Tamén se bonifican integramente todos os transbordos realizados neste tipo de percorridos. O importe das bonificacións será aboado polo concello, cunha achega anual de 145.000 euros. Estes descontos sumaranse aos que xa se aplican por recorrencia grazas á implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, resultando unhas tarifas medias inferiores ás actuais.



É destacable que, ao ser o último convenio tramitado, o do Concello de Pontevedra é o convenio que máis se parece ás bases establecidas para a futura ATG dos 3 convenios que se atopan actualmente asinados. En resumo, as bonificacións aplicables son as seguintes:

- Unha **bonificación zonal**, en todas aquelas viaxes **locais** con orixe e destino no Concello de Pontevedra, que será **aboada polo propio Concello.**
- Unha bonificación do **100% do custo adicional dos transbordos en todas as viaxes locais** con orixe e destino no Concello de Pontevedra, que tamén será aboada polo propio **Concello**.
- Unha **bonificación zonal**, en todas aquelas viaxes **intermunicipais** con orixe no Concello de Pontevedra e destino en calquera outro concello urbano, que será **aboada pola Xunta de Galicia.**
- Unha **bonificación do 100% do custo adicional dos transbordos intermunicipais** en todas as viaxes con orixe ou destino no Concello de Pontevedra, con calquera outro termo municipal, **aboada pola Xunta de Galicia.**

Ademais destas bonificacións de uso xeral, o concello prevé incorporar outros beneficios económicos desde unha perspectiva social, dirixidos a estudantes, pensionistas e persoas en situación de emerxencia social. Estes descontos sumaranse aos que xa se aplican por recorrencia grazas á implantación do PTPG. Como resultado, as tarifas medias son inferiores ás actuais.



5

RELACIÓNS COAS PERSOAS USUARIAS. O SERVIZO QUE ATENDE A OS CIDADÁNS

O Plan de Transporte Público de Galicia ten como eixe principal as persoas e as súas necesidades de desprazamento, para iso é fundamental proporcionar a información actualizada e inmediata sobre todos os servizos dispoñibles e, á vez, coñecer a súa experiencia nos traslados para seguir adaptando o servizo ás novas esixencias sociais. Para iso, o PTPG conta con diversas canles interactivas que lle permiten manter unha comunicación directa coa cidadanía. Neste apartado detállanse as opcións de información dispoñibles e o proceso de tramitación de solicitudes para coñecer, procesar e responder as suxestións das persoas usuarias.


5.1. Información á persoa usuaria

O PTPG coida e impulsa as relacións coas persoas usuarias a través de varias canles. Entre as canles dispoñibles atópase, como primeira aproximación ao Plan de Transporte Público de Galicia, a páxina web da propia Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e dunha forma moito máis específica, as persoas usuarias teñen á súa disposición a páxina web bus.gal www.bus.gal, a nova app 'Transporte Público de Galicia' e a central de chamadas. Esta última, ademais de ofrecer información sobre o sistema, atende as solicitudes de servizo para a modalidade de transporte baixo demanda.

5.1.1. Portal web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Para empezar, débese facer referencia á plataforma institucional www.xunta.gal que recolle información de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia. Nesta inclúese o portal web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade Portada - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (xunta.gal) na que, tal e como se comentaba anteriormente, se ofrece non só información sobre a rede de transporte público de Galicia, senón acerca de todos os traballos que esta leva a cabo.





5.1.2. Bus.gal

Paralelamente á reorganización da oferta de transporte público, púxose en marcha a web www.bus.gal, onde se pode obter información actualizada dos servizos de transporte vixentes en cada momento.


Trátase dunha páxina web en constante evolución, dirixida a configurarse, xunto coa APP Transporte Público de Galicia, nas canles de información da Administración acerca do Transporte Público de Galicia, e nas que se prevé recoller, de forma progresiva, toda a información do sistema.

A súa utilidade é tal que o número de visitas á páxina web desde o seu lanzamento, en 2018, ata xuño de 2021 ascendeu a 811.764 visitas.

O número de visitas á páxina bus.gal desde o lanzamento desta ata xuño de 2021 ascendeu a 811.764 visitas.



Tráfico web - bus.gal



Evolución do número de visitas desde maio de 2018 ata xuño de 2021

Pero bus.gal non é só unha plataforma para coñecer os horarios, tamén ten un **práctico buscador** de servizos por orixe e destino e, de forma complementaria, as persoas usuarias teñen á súa disposición, nunha sección concreta de 'Descargas', **fichas informativas** coa totalidade das liñas e/ou rutas das concesións e dos concellos. Estas fichas informan, ademais, de itinerarios, calendarios, horarios e das paradas baixo demanda. E, o que é máis destacable, nesta páxina web poden facerse directamente as reservas de praza para os servizos baixo demanda.

Adicionalmente, nesta páxina web tamén atopamos un apartado concreto 'Xente Nova' no que se recolle información acerca desta tarifa e as súas vantaxes, que xa foron explicadas anteriormente, así como outros aspectos das vantaxes que ofrece, como se pode acceder a ela e do seu funcionamento.

5.1.2. APP Transporte Público de Galicia

Outra das ferramentas para mellorar a comunicación co público é a **aplicación móbil do PTPG.** Nela pódense consultar horarios e paradas para desprazamentos en toda Galicia, coñecer o estado das reservas de viaxes e é importante destacar que se atopa en constante desenvolvemento, polo que proximamente se incorporarán novas funcionalidades, como o acceso á información en tempo real dos servizos.


A NOVA *APP* DO PTPG FACILITARÁ INFORMACIÓN EN TEMPO REAL DOS HORARIOS E DAS PARADAS MÁIS PRÓXIMAS A TRAVÉS DA XEOLOCALIZACIÓN.

5.1.3. Central de chamadas

Esta canle de información permite, á súa vez, realizar reservas na modalidade de transporte baixo demanda. Mediante un número de teléfono único, a central de chamadas –operativa entre as 8:00 e as 20:00 horas de luns a venres– recolle e procesa todas as peticións de desprazamento.

O número de chamadas rexistradas ascendeu a 21.079 desde o seu lanzamento ata xuño de 2021. Esta central de chamadas recibe tamén as solicitudes relativas a melloras ou modificacións de servizos, polo cal se considera tamén unha canle de entrada de peticións das persoas usuarias.

Transporte Baixo Demanda - PTPG



Evolución do número de chamadas atendidas na central desde o ano 2018, durante as accións previas do PTPG.

5.2. Atención ás persoas usuarias. A importancia das solicitudes e o seu procesamento.

Un dos puntos importantes desta interacción coas persoas usuarias é, sen dúbida, o correcto tratamento das solicitudes recibidas tanto na central de chamadas coma na páxina web, que se converteron en ferramentas eficaces para coñecer e dar resposta ás inquietudes das persoas usuarias.

Recoller as solicitudes e suxestións das persoas usuarias significa tamén saber procesar e monitorizar os datos obtidos e, desde logo, responder debidamente ás peticións.

Neste sentido, as persoas usuarias poden realizar **as súas solicitudes e suxestións** a través dos medios estándar máis formais e institucionais (por rexistro administrativo, Defensor do Pobo ou a Valedora do Pobo, ou os escritos remitidos á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa) ou ben por medios informais e directos como poden ser: formulario en www.bus.gal, mediante chamadas telefónicas ou por correo electrónico.

Para as comunicacións informais existen diferentes direccións de correo electrónico dispoñibles na páxina da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da web da Xunta (xunta.gal).

Durante o período comprendido entre xullo 2020 a xuño 2021 procesáronse un total de 849 solicitudes relacionadas cos servizos de transporte público.

DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE XULLO 2020 A XUÑO 2021 PROCESOUSE UN TOTAL DE 849 SOLICITUDES E SUXESTIÓNS RELACIONADAS COS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO.

O control e tratamento das solicitudes recibidas leva un rigoroso labor de análise e valoración da proposta, solicitude e/ou suxestión. Neste sentido, cada consulta xestiónase mediante unha clasificación que ten en conta tanto a canle emisora coma o contido, así como a concesión á que se refire o escrito:


- **Segundo o órgano administrativo** ao que se remitan, clasificamos as solicitudes e queixas atendendo ao organismo ou institución ao que se dirixan os interesados: ao Defensor do Pobo, á Valedora do Pobo, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, aos Servizos de Mobilidade das Xefaturas Territoriais, á Dirección Xeral de Mobilidade e aos concellos, entre outras canles.

Número de solicitudes rexistradas segundo o tipo de canle

Os Servizos de Mobilidade das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade son os que reciben o maior número de peticións, seguidos da Dirección Xeral de Mobilidade.

- **Segundo a tipoloxía de usuario/a,** os escritos, peticións e/ou suxestións poden ser enviadas por usuarios/as xerais, asociacións de veciños ou grupos de usuarios cun interese común, por concellos ou por colectivos educativos, entre outros.


Número de solicitudes segundo o tipo de reclamante



Distribución do número de escritos rexistrados segundo o perfil do solicitante. Os usuarios/as xerais son os que presentan un maior número de peticións, seguidos do colectivo educativo.

- **Segundo contido,** ademais da diferenciación por concesións, estes escritos poden dividirse **dependendo do contido** nos que versan sobre horarios, paradas ou o calendario dos servizos; sobre o estado dos vehículos; sobre os servizos integrados e sobre as tarifas.

Número de solicitudes segundo o contido



O contido predominante nas solicitudes rexistradas está relacionado coas consultas e/ou peticións de modificación de horarios, paradas ou calendario.

Todas as consultas e peticións recibidas rexístranse e xestiónanse, distribuíndo as mesmas segundo o organismo competente na súa resolución para a xestión do proceso completo: análise, informe, valoración, contestación e seguimento.

Adicionalmente, a Administración adaptouse ás canles que utilizaron as persoas usuarias para a remisión dos seus escritos. Así segundo a canle de entrada do escrito, remitirase a resposta de forma oficial, ou a través de vías coma o correo electrónico, se esta foi a vía utilizada pola persoa interesada.

En todo caso, **todas as consultas ou queixas son analizadas e contestadas individualmente**, dando lugar, no seu caso, ao comezo de actuacións administrativas dirixidas a introducir as **modificacións que correspondan nos servizos.**

As comunicacións que envían as persoas usuarias teñen gran importancia para coñecer as necesidades, incidencias e valoracións das persoas que se desprazan diariamente no transporte público de Galicia. Por iso, despois do proceso de tramitación das solicitudes, os estudos da avaliación de cada caso incorpóranse aos informes de seguimento do PTPG, os cales permiten non só atender de inmediato incidencias puntuais senón achegar datos importantes sobre o desenvolvemento dos servizos.

Grazas a esta comunicación directa coas persoas usuarias, o PTPG puido dar resposta inmediata a cambios na demanda, inspección de calidade en vehículos e melloras da oferta, entre outros.

As modificacións de servizos de transporte derivadas das solicitudes da cidadanía son un exemplo da flexibilidade das concesións implantadas co PTPG, xa que permiten adaptar a configuración para atender as necesidades que xurdan.



6

FINANCIAMENTO DO SISTEMA, O INVESTIMENTO A FUTURO

Coa implantación do PTPG, completouse o proceso de renovación de todo o mapa concesional de transporte público en Galicia. Isto supuxo unha reordenación de servizos, frota e condicións de explotación que fixeron precisa a actualización da estrutura de financiamento dos servizos, mediante o deseño, proposta e aprobación do investimento que a Xunta de Galicia debe asignar para cubrir os servizos de transporte público.

Como xa se destacou, o principal obxectivo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade foi crear un modelo de transporte público por estrada perfectamente adaptado ás necesidades de mobilidade da cidadanía de Galicia que, á vez, respondese os retos de sustentabilidade e eficiencia que esixen os cambios constantes da sociedade e os compromisos ambientais que o PTPG incorporou no deseño das novas concesións.

Para iso, as concesións do transporte público deben ser financiadas pola **Administración autonómica** co obxectivo de conseguir un sistema tarifario encamiñado a mellorar as condicións económicas que existían anteriormente no transporte público e facelo máis atractivo ás persoas usuarias, así como axudar aos concesionarios a superar o déficit económico xerado pola prestación de determinados servizos.

No entanto, os concesionarios perciben dos usuarios unha contía económica pola prestación dos servizos, é dicir, **a recadación por parte das persoas usuarias**, que representa unha parte do financiamento do sistema de transporte público de Galicia non menos importante.

Dito o cal, o sistema do transporte público en Galicia que rexe o PTPG finánciase por parte da Administración cos seguintes tipos de **compensacións**:

- **Compensacións por obriga de servizo público (COSP)**
- **Compensacións por usuarios con dereito á reserva de praza (CURP)**
- **Compensacións tarifarias por ATM**
- **Bonificacións polo uso da Tarxeta Xente Nova**



As axudas por parte da Administración aos concesionarios debido á baixada de demanda non prevista por motivo da emerxencia sanitaria da pandemia do COVID-19 téñense en conta de forma particular no apartado 8 desta memoria. Ao non formar parte do financiamento regular do sistema, non se incorpora neste apartado.

A **Compensación por Obriga de Servizo Público, tamén denominada COSP**, coa que a Administración financia os concesionarios do sistema de transporte público de Galicia calculouse para cubrir o déficit orzamentario dos contratos de concesión do transporte público en base aos **custos de explotación e os ingresos estimados.**

Por unha banda, **estimáronse os custos derivados dos gastos de explotación dos servizos a 10 anos**, entre os que se atopan: amortización dos vehículos, custos de financiamento, custos de persoal de condución e acompañante, seguro dos vehículos, custos fiscais, custo de combustible, custo de mantemento de vehículo, canons de servizo, peaxes e gastos xerais. Por outro lado, **contempláronse os ingresos derivados pola explotación dos servizos en 10 anos**, entre os que se atopan: a recadación por venda de billetes, outros ingresos comerciais e os ingresos xerados por reservas de praza.

A partir destes valores estimados nos proxectos de explotación en función dos servizos prestados por cada empresa concesionaria, verificouse se os ingresos de explotación percibidos polos concesionarios eran suficientes para cubrir os custos vinculados á prestación do servizo deseñado prevendo un beneficio industrial do 6%. No caso de que os ingresos estimados non resultasen suficientes, calculáronse **as compensacións por obriga de servizo público** que aseguraban o equilibrio do contrato de concesión aos 10 anos.

Polo tanto, a **COSP** é o ingreso que recibe o concesionario por parte da Administración sempre que os ingresos obtidos pola explotación non sexan suficientes para que o servizo resulte rendible para o concesionario nas condicións previstas no proxecto de explotación.

Das 127 concesións que foron renovadas co PTPG que regula os servizos de transporte público por estrada de Galicia, 122 reciben compensacións económicas por obrigas de servizo público.

Só **5 das 127 concesións** do PTPG **non reciben compensacións por COSP**, as cales son:

XG623	Lugo - Ourense - Vigo, con anexos
XG635	A Coruña - Lugo - A Mariña, con anexos
XG802	Lugo - Santiago de Compostela, con anexos
XG817	Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos
XG843	A Coruña - Ferrol - Ortigueira - Viveiro - Vilalba - Lugo, con anexos

Esta compensación, por unha banda, axustouse no procedemento de adxudicación dos contratos, tendo en conta as baixas ofertadas polos licitadores, e por outra banda, a súa percepción está condicionada a que o concesionario cumpra as obrigacións contractuais previstas no Prego de Condicións e o Proxecto de Explotación, en concreto, aquelas obrigacións relativas aos servizos (expedicións, vehículos-quilómetro, horarios dos servizos, etc.).

Doutra banda, á parte das compensacións derivadas das obrigas de servizo público e da recadación que se obteña polas tarifas pagadas directamente polas persoas usuarias, a maior parte das concesións perciben **unha compensación polas reservas de praza que realiza a Administración nos servizos integrados ou compartidos a favor daqueles escolares** con dereito a transporte escolar gratuíto.

A contía do importe da retribución económica por usuarios con dereito á reserva de praza (CURP) está composta polo **diñeiro achegado pola Administración pola reserva de praza e a prima de calidade do servizo por escolar transportado.**

En total, **120 dos 127 contratos de concesión do PTPG reciben compensacións por reserva de praza de escolares por parte da Xunta de Galicia.** Como ocorre nas compensacións por COSP, as cantidades a compensar por CURP poden ser inferiores ás inicialmente estimadas nos Proxectos de Explotación, debido tanto ás posibles baixas ofertadas no proceso de licitación, como á variación que ao longo dos sucesivos cursos escolares se produce no número de prazas reservadas, e ao propio uso que desas prazas realicen finalmente os escolares beneficiarios da reserva.

Así, só **7 das 127 concesións** do PTPG **non reciben compensacións por CURP**, estas son:

XG623	Lugo - Ourense - Vigo, con anexos
XG635	A Coruña - Lugo - A Mariña, con anexos
XG802	Lugo - Santiago de Compostela, con anexos
XG817	Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos
XG843	A Coruña - Ferrol - Ortigueira - Viveiro - Vilalba - Lugo, con anexos
XG852	Oeste da comarca do Morrazo
XG881	Leste da comarca da Coruña

Coa finalidade de facer fronte ás Obrigas de Servizo Público e ás Compensacións por Usuarios con dereito á Reserva de Praza, a Xunta de Galicia destina nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma ata

59 millóns de euros anuais

Ademais destas dúas **compensacións, o sistema finánciase por outro tipo de compensación tarifaria nas Áreas de Transporte Metropolitano** e de **bonificacións polo uso da Tarxeta Xente Nova** que contempla o sistema tarifario do PTPG para que o transporte público sexa máis atractivo e adaptado ás condicións económicas da cidadanía.

Neste sentido, a Xunta de Galicia e os concellos de cinco aglomeracións metropolitanas de Galicia que así o aprobaron asinaron convenios para constituír unha liña de colaboración que regulaba un plan previo ao PTPG, o denominado **Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, PTMG**, creado para promover o uso do transporte público e regular medidas concretas para atender as necesidades específicas de mobilidade en cada localidade das cinco ATM actuais.

Este proxecto permitiu establecer importantes bonificacións tarifarias ás persoas usuarias, anticipando nos seus respectivos ámbitos territoriais o establecemento dun sistema tarifario integrado, no que participan tanto o transporte interurbano coma os urbanos das cidades que así o acordaron (A Coruña, Lugo e Santiago de Compostela) e, mesmo, servizos de transporte marítimo, na ría de Vigo, ou ferroviario, na área de Ferrol, e a través do que se incorporou en Galicia un primeiro sistema de tarifas zonais.

Por tales motivos, as compensacións por ATM están directamente vinculadas ao volume de persoas que utilizan os servizos de transporte ofertados e ao nivel de desconto que resulta de aplicación en cada caso, atendendo ao sistema tarifario zonal do PTPG, baseado nos saltos definidos en cada unha das zonas de transporte.

Para cubrir as **compensacións tarifarias nos desprazamentos realizados dentro das ATM**, a Administración autonómica achega o 80% do seu custo, e o restante 20% é financiado polos respectivos concellos.

En definitiva, achegouse máis de 3,6 millóns de euros en concepto de compensacións por ATM aos concesionarios para cumprir cos obxectivos mencionados, no período que comprende esta memoria.

Ademais, **aplícanse outras axudas adicionais de carácter social, como é o caso da tarifa Xente Nova, á que só se pode acceder a través do pago coa TMGXN**. Neste sentido, incrementouse o investimento destinado a cubrir os desprazamentos das persoas menores de 21 anos en toda Galicia a través da tarxeta TMGXN.

A bonificación incrementouse debido á posta en marcha de novas concesións. Ao mellorar a oferta, previase un aumento das viaxes realizadas con estas tarxetas; pero, ademais, activouse a distribución destes títulos de pago a través das oficinas de Abanca en toda Galicia, co cal se facilitou o seu uso e aumentou a súa visibilidade.

De forma particular, a Xunta de Galicia bonificou as viaxes subvencionadas coa TMGXN, reembolsando a integridade do custo do billete ás persoas menores de 21 anos. **A retribución monetaria pola aplicación da tarifa Xente Nova nos servizos de transporte público ascende a un total de 2,3 millóns de euros entre xullo de 2020 e xuño de 2021.**

Polo tanto, durante o período comprendido nesta memoria, **a Xunta de Galicia achegou compensacións e bonificacións que superan os 65 millóns de euros para asegurar os servizos e beneficios do PTPG.**



6.1. Gasto realizado por parte da Administración

Unha vez explicados os compoñentes fundamentais do financiamento do sistema de transporte público de Galicia, explícanse a continuación **os diferentes procesos de cálculo das distintas compensacións para determinar o gasto realizado por parte da Xunta de Galicia**, que redunda no investimento a futuro do sistema.

Neste sentido, os pregos de condicións polos que se rexen os actuais contratos de concesión establecen tanto os importes de bonificación que corresponden a cada concesión coma os criterios para a súa concreción e o abono aos concesionarios.

Co fin de calcular as compensacións de cada contrato de concesión, estableceuse **un sistema de verificación** por parte da Administración que permite dar veracidade aos datos remitidos polos concesionarios e, no caso de que se detecten anomalías, realízanse as xestións oportunas para resolvelas no mínimo tempo posible.

Os **métodos de cálculo** de cada un dos conceptos en relación cos que procede que a Administración aboe compensacións aos titulares das concesións réxense polos establecidos nos pregos de condicións destes.

Para tal fin, e con carácter xeral, os concesionarios deben presentar a información diaria da explotación a través das aplicacións informáticas habilitadas pola Administración nas 48 horas seguintes á realización dos correspondentes servizos; ademais, nos primeiros 15 días de cada mes deben presentar outra información complementaria referida ao mes anterior, como son os discos ou certificacións do tacógrafo.

6.1.1. Compensacións por obriga de servizo

Esta compensación ten por obxecto **compensar o déficit económico da explotación de servizos nos que se aprecian razóns de interese xeral**, condicionada a que o concesionario cumpra as obrigas contractuais previstas no Prego e o Proxecto de Explotación, en concreto, aquelas obrigas relativas á prestación dos servizos previstos.

A Administración previu que todas as concesións se deban dotar dun Sistema de Axuda á Explotación (SAE) que, ademais de ofrecer información de gran utilidade ás persoas usuarias, servirá para o seguimento da prestación dos servizos e a xestión desta verificación.

No entanto, dada a complexidade técnica deste sistema, e mentres non se optimiza plenamente o seu funcionamento operativo, a determinación da COSP **realízase calculando os quilómetros que representan as expedicións recollidas nos deberes de servizo para ese mes**, segundo a oferta vixente, **fronte ao volume total de quilómetros que o operador xustifica que realiza no Anexo que entrega á Administración.**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, aboáronse por parte da Administración á totalidade das concesións de transporte público por estrada de Galicia máis de

43,5 millóns de euros

correspondentes ás Compensacións por Obrigas de Servizo Público (COSP).

6.1.2. Pago por reserva de praza de escolares

Esta compensación ten por obxecto **compensar por cada reserva de praza en servizos integrados a favor de escolares con dereito a transporte escolar gratuíto, así como establecer un complemento de calidade vinculado coa efectiva utilización das ditas reservas por parte dos escolares beneficiarios.** Na liquidación da CURP téñense en conta tres datos: **as reservas de praza no contrato segundo a oferta vixente, o número de escolares transportados segundo os datos achegados polo concesionario a través dos medios tecnolóxicos establecidos e a tarifa por escolar aplicada.** Con base nos mesmos, determínase mensualmente a contía da compensación CURP:

- Tarifa pola reserva de praza que realice a Administración, equivalente ao 60% da compensación. **Esta será aboada integramente ao adxudicatario independentemente de que as persoas usuarias con reserva de praza fagan ou non uso da mesma**. Calcúlase o número de reservas de praza por día e liña de transporte.
- Prima pola calidade da prestación do servizo, equivalente ao 40% da compensación. **Será aboada cando a persoa usuaria con reserva de praza faga uso efectivo da mesma, entendéndose este feito como unha medida da fidelidade da persoa usuaria ao servizo prestado polo adxudicatario.**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, aboáronse por parte da Administración á totalidade das concesións de transporte público por estrada de Galicia máis de

15,4 millóns de euros

correspondentes ás Compensacións por usuarios con reserva de praza (CURP).

6.1.3. Compensación tarifaria por ATM

Esta compensación que dota a Administración aos concesionarios ten por obxecto **compensar os descontos aplicados nas tarifas das persoas usuarias que realicen as viaxes na Área Metropolitana.**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, as Compensacións por Área de Transporte Metropolitano (ATM) que foron aboadas pola Administración aos concesionarios titulares das concesións do transporte público de Galicia ascenden a máis de

3,6 millóns de euros

Na seguinte táboa pódese observar as compensacións por ATM desagregadas por mes que a Administración aboou aos concesionarios.

Pódese observar na táboa como se produce un descenso das compensacións por ATM especialmente relevante a partir do mes de xaneiro de 2021, que é reflexo do descenso da utilización do transporte público como consecuencia directa da pandemia provocada polo COVID-19.

Así, seguindo a evolución da propia pandemia, a partir do mes de marzo de 2021, as compensacións por ATM aboadas vanse incrementando mes a mes en todas as Áreas de Transporte Metropolitano.

6.1.4. Bonificación polo uso da TMGXN

Esta compensación ten por obxecto **bonificar as viaxes realizadas por aquelas persoas menores de 21 anos directamente ás persoas usuarias.** Coa TMGXN, as persoas usuarias menores de 21 anos que viaxen en servizos de transporte interurbano gozan de 60 viaxes mensuais gratuítas, cuxo importe lles reintegra a Xunta de Galicia directamente na mesma tarxeta TMGXN coa que viaxasen.

Ademais, vinculada inicialmente ao ámbito das Áreas de Transporte Metropolitano, xa en xuño de 2020 se ampliou o ámbito de aplicación da TMGXN á área de Pontevedra e a toda a provincia de Ourense, e desde o mes de maio do ano 2021 ampliouse o seu uso a todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Ano	Mes	ATM A Coruña	ATM Ferrol	ATM Lugo	ATM Santiago de Compostela	ATM Vigo
2020	07	215.949,89 €	53.389,46 €	1.986,54 €	40.302,35 €	53.429,61 €
	08	188.820,81 €	50.347,20 €	1.995,58 €	33.817,77 €	48.781,06 €
	09	215.493,80 €	63.735,98 €	2.422,64 €	47.182,83 €	49.608,39 €
	10	234.954,29 €	69.963,98 €	3.205,40 €	64.126,83 €	49.798,20 €
	11	213.894,67 €	57.840,11 €	3.624,42 €	64.604,23 €	44.700,14 €
	12	183.558,83 €	53.495,90 €	3.035,10 €	55.301,20 €	38.435,70 €
2021	01	96.076,13 €	39.244,04 €	2.851,55 €	40.265,32 €	23.672,44 €
	02	87.855,60 €	35.733,26 €	2.941,01 €	49.809,37 €	23.119,50 €
	03	120.858,79 €	47.725,88 €	3.727,00 €	67.470,16 €	30.610,44 €
	04	121.220,62 €	44.884,64 €	3.100,52 €	59.715,66 €	30.105,32 €
	05	129.919,96 €	47.851,53 €	3.640,40 €	56.176,41 €	29.080,28 €
	06	129.432,50 €	49.379,24 €	3.074,93 €	57.997,48 €	29.873,58 €
TOTAL		**1.938.035,89 €**	**613.591,22 €**	**35.605,09 €**	**636.769,61 €**	**451.214,66 €**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, as **Compensacións polo uso da Tarxeta Xente Nova TMGXN que foron aboadas** pola Administración ascenden a máis de

2,3 millóns de euros

Na seguinte táboa pódense observar as compensacións por TXN desagregadas por mes que a Administración aboou, así como as viaxes producidas e as novas altas da TMGXN en Galicia.

ANO	MES	NOVAS ALTAS	VIAXES	COMPENSACIÓNS POR TXN
2020	07	2.963	117.470	123.196,89 €
	08	2.135	101.702	106.702,55 €
	09	3.963	145.803	152.005,72 €
	10	1.864	227.650	239.472,58 €
	11	623	220.530	236.988,38 €
	12	321	174.555	185.603,52 €
2021	01	614	174.975	186.992,74 €
	02	422	166.808	178.288,55 €
	03	815	226.646	241.983,34 €
	04	740	214.735	229.357,23 €
	05	2.762	209.906	234.302,50 €
	06	5.944	203.813	256.720,31 €
TOTAL		**23.166**	**2.184.593**	**2.371.614,31 €**

NO PERÍODO QUE COMPRENDE A MEMORIA, HOUBO MÁIS DE 23 MIL ALTAS NOVAS NA TARXETA TMGXN.

Pódese comprobar na táboa como houbo máis de **2,1 millóns de viaxes pagadas coa tarxeta TMGXN no período que comprende a memoria.**

6.2. Recadación dos concesionarios

O PTPG financíase en gran parte pola Administración, neste caso, a Xunta de Galicia, como se acaba de mostrar nos anteriores apartados, a través das compensacións necesarias para cubrir os custos de explotación.

Con todo, nos ingresos de explotación que os concesionarios perciben pola prestación dos servizos, non é menos importante **a recadación polas viaxes realizadas por parte das persoas usuarias**, que representa unha parte do financiamento do sistema de transporte público de Galicia.

Os ingresos percibidos directamente das persoas usuarias divídense en dúas partidas:

- **Recadación por viaxes** (excepto escolares): son os ingresos que percibe o concesionario pola venda de billetes ás persoas usuarias que non sexan escolares con reserva de praza, mediante a aplicación do réxime de tarifas previsto no Proxecto de Explotación e de acordo co que se indique no Prego de Condicións, ben sexan aboadas integramente polas persoas usuarias en efectivo, ou ben aplicando o importe que corresponda ao seu pago coa tarxeta TMG.

ANO	MES	RECADACIÓN POR VIAXES
2020	xullo	1.286.288,27 €
	agosto	1.304.952,95 €
	setembro	1.834.995,18 €
	outubro	1.645.725,58 €
	novembro	1.591.653,23 €
	decembro	1.223.007,41 €
2021	xaneiro	1.313.076,65 €
	febreiro	1.165.892,65 €
	marzo	1.686.547,83 €
	abril	1.648.740,83 €
	maio	1.812.486,02 €
	xuño	2.088.039,46 €
TOTAL		**18.601.406,06 €**

Cabe destacar que a recadación por viaxes mantén unha tendencia continuísta no tempo en termos xerais, aínda que desde outubro a febreiro se aprecia un lixeiro decrecemento da recadación das viaxes motivado pola redución de demanda. Con todo, a partir de marzo de 2021, **obsérvase unha tendencia á alza da recadación acorde á recuperación da demanda**, asociada tamén á propia evolución durante este período da pandemia provocada polo COVID-19.

- **Recadación por comercialización de bonos.** Son os ingresos que percibe a empresa concesionaria pola venda dos títulos de viaxe bonificados previstos no Proxecto de Explotación de cada concesión e os incluídos na súa oferta comercial.

A venda de bonos varía de forma homóloga á evolución da demanda vista no punto anterior. Ademais, como se pode observar, nos meses de febreiro ou maio tamén varía en función do número de días do mes, xa que existen distintas tipoloxías de bonos atendendo ao número de viaxes (Bonos 10 viaxes, Bonos 20 viaxes, Bonos 30 viaxes, etc.).

ANO	MES	RECADACIÓN POR VENDA DE BONOS
2020	xaneiro	73.560,68 €
	febreiro	67.418,50 €
	marzo	71.715,77 €
	abril	77.705,57 €
	maio	72.875,68 €
	xuño	77.222,23 €
TOTAL		**440.498,44 €**

Soamente se mostran os datos de recadación por comercialización de bonos correspondentes aos 6 primeiros meses do ano 2021, xa que é a partir de xaneiro deste ano cando se xeneraliza a utilización necesaria de máquinas canceladoras nos vehículos e a remisión de información sobre a comercialización de bonos.

De acordo con todo o anterior, durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, o total da **recadación de billetes e venda de bonos** por parte dos concesionarios **ascende a unha cantidade de máis de 19 millóns de euros.**



6.3. Canon de concesión

Neste sentido, **existen determinadas concesións**, que se mencionaron anteriormente (XG623, XG635, XG802, XG817 e XG843), **que son rendibles por si mesmas, é dicir, que a recadación obtida por parte das persoas usuarias cobre os custos da explotación.**

De forma particular, cando a recadación percibida permite ter un beneficio industrial superior ao 6%, dá lugar á obriga por parte do concesionario do pago do **canon de concesión** á Administración. **Nesta situación atópanse catro dos 127 contratos de concesión.**

As 4 concesións do PTPG que deben aboar canon de concesión anual son:

XG623: cun canon de **62.436,08 €** por ano.

XG635: cun canon de **57.953,26 €** por ano.

XG802: cun canon de **95.041,52 €** por ano.

XG817: cun canon de **331.785,92 €** por ano.

Por tanto, a Administración recibe por parte dos concesionario unha cantidade de máis **de 500 mil euros ao ano** en concepto de canon de concesión.

6.4. Resumo financiamento sistema

Como se viu, o financiamento completo do sistema de Transporte Público por estrada **é posible grazas ás achegas por parte das persoas usuarias por cada viaxe e, por outra banda, como se comenta en apartados anteriores, a través das compensacións da Xunta de Galicia.**

A continuación, móstrase un cadro resumo coas cantidades indicadas ao longo deste capítulo.

Financiamento do sistema de transporte público de Galicia por parte da Xunta de Galicia	Importe total
Compensacións por obriga de servizo (COSP)	43.550.116,06 €
Pago por reserva de praza de escolares (CURP)	15.407.946,32 €
Compensación tarifaria por ATM	3.675.216,47 €
Bonificación por uso da TMGXN	2.371.614,31 €
Recadación por viaxes e comercialización de bonos	19.041.904,50 €
Total	**84.046.797,66 €**

Débese destacar que dos máis de 3,6 millóns de euros de compensación tarifaria por ATM, **os concellos pertencentes ás 5 ATM de Galicia estímase que acheguen no seu conxunto máis de 850 mil euros, aproximadamente**[1].

Por outro lado, as administracións locais de Galicia tamén participan no financiamento do sistema de Transporte Público por estrada, mediante a firma de diferentes convenios entre as mesmas entidades locais e a Xunta de Galicia. De forma concreta para o período de análise atopábanse en vigor os convenios de Ribeira e Barbadás, cunha achega estimada ao sistema próxima aos 90 mil euros. Así mesmo, tamén merecen mención específica os Servizos de Interese Municipal (SIMU) dos concellos de Arteixo, Oleiros, Culleredo, Cambre e Teo, actualmente en vigor e cuxos sobrecustos son financiados ao 100% polas propias entidades locais, sumando máis de 600 mil euros anuais.

A maiores dos ingresos anteriormente mencionados, destaca o feito de que, durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2020 e xuño de 2021, **os concesionarios recibiron compensacións extraordinarias por parte da Administración como consecuencia da pandemia do COVID-19**, pero expóñense de forma particular no apartado 8 desta memoria.



1. Á data de publicación da memoria anual eran coñecidos os datos de achegas dos concellos para o 2020, aínda que non se coñecían con exactitude as achegas ás ATM en 2021, sendo a dita cifra estimada.



7

CALIDADE DO SISTEMA

O funcionamento do servizo de transporte interurbano concéntrase nun elevado número de contratos de concesión diferentes, prestados por diferentes concesionarios, que conectan toda a comunidade galega entre si. **Este funcionamento require dun intensivo labor de seguimento e control da calidade do sistema.**

A Dirección Xeral de Mobilidade realizou **unha campaña de traballos de campo** dirixidos á verificación da prestación dos servizos de transporte e á análise da calidade destes, co obxecto de avaliar e mellorar o desenvolvemento do PTPG.

Cabe destacar que **é a primeira vez que se executa na Comunidade Autónoma de Galicia** unha campaña de traballos de campo dirixidos a medir a calidade do servizo en todo o territorio e para todos os servizos interurbanos.

7.1. Traballos de Campo. Descrición e obxectivos

A **campaña de traballos de campo** desenvolveuse entre o 18 de maio e o 7 de xullo de 2021, por iso forma parte do balance de actividade presentado dentro do período desta memoria.

O desenvolvemento dos traballos de campo foi estruturado en catro **liñas de investigación:**

- **Enquisas de calidade en servizos xerais.** Teñen como obxectivo obter unha valoración subxectiva por parte das persoas usuarias do transporte en liñas non compartidas sobre distintos aspectos que caracterizan o servizo. Esta investigación permitiu analizar, por variables, a súa evolución e achegar información de axuda para a definición de medidas de mellora da calidade do servizo.
- **Observacións de verificación en servizos xerais e compartidos (Cliente misterioso).** Achegan unha valoración técnica de distintos aspectos dos servizos mediante verificacións "in situ" de persoal formado. Do mesmo xeito que a investigación anterior, o obxectivo final é contar cunha medición periódica dos ditos aspectos que axuden á toma de decisións, asegurándose desta maneira o cumprimento da oferta.
- **Enquisas a centros escolares con servizos compartidos.** Permiten coñecer a valoración que os responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser obxecto de mellora.
- **Enquisas a persoas non usuarias.** O principal obxectivo é coñecer as razóns polas que as persoas non usuarias non consideran o uso do transporte público (cobertura da rede, falta de información, etc.).

A información recompilada en cada liña de investigación foi incorporada a unha base de datos e, unha vez tratados, os resultados obtidos por cada liña de investigación foron presentados nun informe de calidade do que damos conta neste capítulo.

7.1.1. Enquisas de calidade

A norma ISO 9001 inclúe **a avaliación da satisfacción do cliente** como requisito e o modelo EFQM de Calidade e Excelencia considérao o criterio de maior peso específico.

A avaliación da satisfacción do cliente é xa habitual na xestión diaria dos servizos de transporte. A satisfacción do cliente constitúe un indicador clave para avaliar o desempeño global da organización e analizala axuda a crear unha cultura de mellora continua da xestión.

Unha **enquisa de calidade de servizo** ben deseñada e realizada, incluíndo a análise e interpretación de resultados, pode proporcionar información útil das necesidades e expectativas de clientes ou persoas usuarias do transporte.

A continuación, móstrase a ficha técnica dos traballos realizados nas enquisas de calidade en servizos non compartidos. Obtívose **unha mostra de 13.201 enquisas válidas** a través de consultas presenciais nas paradas ou a bordo dos autobuses interurbanos en toda Galicia.

Esquisa de calidade do servizo.	13.201 Esquisas	Presenciais. A bordo e en punto de parada.	Satisfacción co servizo. Perfil de uso e caracterización de usuarios en liñas non compartidas.
Verificacións do servizo. Cliente misterioso.	2.129 Expedicións	Presenciais. A bordo e en punto de parada.	Cumprimento do servizo.
Esquisa de calidade escolas.	308 Esquisas	On-line	Calidade dos servizos compartidos.
Esquisas a NON usuarios.	400 Esquisas	Telefónicas	Grao de coñecemento do sistema, percepción e motivos de non uso.

OBXECTIVO:
Medir a calidade percibida polos usuarios de cada uns dos aspectos que caracterizan o servizo das liñas non compartidas.

UNIVERSO:
1.094.216 viaxeiros (Maio 2021).

MOSTRA OBTIDA:
13.201 enquisas válidas.

ERRO DA MOSTRA:
± 0,85% cun nivel de confianza do 95% e un nivel de indeterminación onde p= q=0,5.

BRIEFING:
Entre o 10 e o 17 de maio de 2021 en cada unha das 4 capitais e nas cidades de Santiago de Compostela e Vigo.

PROBA PILOTO:
11 de maio realizada en Ferrol e Coruña nas Concesións XG640 e XG871.

CALENDARIO:
O traballo de campo realizouse entre o 18 de maio e o 7 de xullo (días laborais de L a V).

METODOLOXÍA UTILIZADA:
Enquisas presenciais nas paradas ou a bordo do bus.

FERRAMENTA UTILIZADA:
Programa Integra CAPinet con soporte de Tablet Lenovo 8".

ÁMBITO XEOGRÁFICO:
Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez realizadas as enquisas de calidade en servizos non compartidos, calculouse o **Índice de Satisfacción do Cliente (ISC)**, que **é o indicador comunmente empregado para medir o nivel de satisfacción** e así obter información para coñecer as debilidades e puntos fortes do servizo, determinando aquelas liñas de actuación deseñadas para mellorar a experiencia de uso.

Para **a obtención do ISC** deben, en primeiro lugar, determinarse todos os aspectos que se consideren necesarios para a descrición do servizo. Nos traballos de campo definíronse 15 aspectos distintos que avaliaron tanto a rede, como a comodidade e os horarios dos autobuses, entre outras cuestións.

Para cada un destes aspectos rexistrouse a valoración que realiza o cliente dese aspecto **e a importancia** que ten ese aspecto na prestación do servizo.

Unha vez determinada esta información ao longo dun proceso de enquisado sobre as persoas usuarias do sistema, **pódese obter o Índice de Satisfacción do Cliente.**

Doutra banda, como se viu anteriormente, **a valoración é un factor fundamental para o cálculo do ISC**. Tras a extracción dos datos de valoracións de todas as persoas enquisadas, foi necesario levar a cabo algunhas correccións para poder contar con datos válidos para o cálculo, pois rexistráronse resultados do tipo NS/NC, o que imposibilitaría calcular o ISC desa persoa e á súa vez o ISC de todo o aspecto, ou na súa ausencia, impediría contar coa valoración desa persoa usuaria.

Para evitar isto recorreuse a unha solución habitual en ciencia de datos como é a substitución dos valores inválidos polos valores medios de cada aspecto.

- En primeiro lugar, fíltrase para cada aspecto aqueles rexistros válidos.
- En segundo lugar, calcúlase a media destes valores.
- En terceiro lugar, elimínanse os valores NS/NC.
- Por último, substitúense os rexistros ausentes por ese valor medio.

Desta forma obtivéronse as valoracións utilizadas.
Doutra banda, a importancia é a outra variable fundamental no cálculo do ISC. Durante a recompilación da información detectouse que as persoas enquisadas tiñan dificultades para determinar como de importante era cada aspecto durante o servizo. Isto alargaba a duración das entrevistas e resultaba pouco práctico.

Por este motivo, preguntouse pola importancia a algo máis da metade das persoas participantes na consulta, **7.610 das 13.201 enquisas de calidade realizadas**, e utilizáronse os valores de importancia rexistrados para estimar a importancia xeral do aspecto.

Esta técnica pode realizarse considerando o tamaño da mostra, pois a partir de certo número de mostras e considerando a aleatoriedade coa que se realizaron as enquisas, os resultados rematarán converxendo cara a un valor medio, o que permitiría considerar como válida esta aproximación.

Esta aproximación do valor da importancia realizouse calculando a importancia media para cada concesión, co fin de obter uns resultados máis axustados ao servizo prestado.

Por tanto, o proceso dos traballos de campo para determinar a calidade dos servizos foi o seguinte:

- En primeiro lugar, realizóuselle a enquisa aos **13.201 participantes**, preguntando a 7.610 deles pola importancia dos aspectos.
- En segundo lugar, agrupáronse os datos por concesións e calculouse a importancia media de cada aspecto para cada concesión.
- Por último, **asignouse esta importancia calculada de cada aspecto** a aquelas enquisas nas que non se recompilou a información da importancia.

7.1.2. Cliente misterioso

A **técnica do cliente misterioso** (máis coñecida polo seu nome en inglés *mystery shopping*) **persegue verificar o cumprimento dos estándares de calidade de calquera actividade mediante as impresións percibidas por persoal cualificado** que, de forma anónima, se fai pasar por cliente do servizo que se vai valorar.

Deste xeito, a Xunta de Galicia recorreu a este tipo de investigación co **obxecto de avaliar determinados aspectos funcionais do servizo prestado obtendo un reflexo da imaxe proxectada ao cliente**, podendo determinar así as pautas que se seguirán para mellorar a percepción das persoas usuarias do servizo.

A continuación, móstrase a ficha técnica dos traballos realizados coa técnica de Cliente Misterioso. Obtívose **unha mostra de 2.129 observacións válidas**, das cales 1.977 son totalmente completadas nas liñas dos traballos de campo de Galicia, entre os días 18 de maio e 7 de xullo de 2021.

OBXECTIVO:
Medir a calidade do servizo de maneira obxectiva para cada uns dos aspectos que caracterizan o servizo.

UNIVERSO:
1.400.741 servizos ao ano (período lectivo días laborais de L a V).

MOSTRA OBTIDA:
2.129 observacións realizadas, das cales 1.977 son totalmente completadas nas liñas da TDC de Galicia.

ERRO DA MOSTRA:
± 2,20% cun nivel de confianza do 95% e un nivel de indeterminación onde p= q=0,5.

BRIEFING:
Entre o 10 e o 17 de maio de 2021 en cada unha das 4 capitais de provincia máis Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.

PROBA PILOTO:
11 de maio realizada en Ferrol e Coruña nas Concesións XG640 e XG871.

CALENDARIO:
O traballo de campo realizouse entre o 18 de maio e o 7 de xullo (días laborais de L a V).

METODOLOXÍA UTILIZADA:
Observacións a bordo dos autobuses e en parada.

FERRAMENTA UTILIZADA:
Programa Integra CAPinet con soporte de Tablet Lenovo 8".

ÁMBITO XEOGRÁFICO:
Comunidade Autónoma de Galicia.

A metodoloxía empregada para estes traballos de campo foron observacións a bordo dos autobuses e nas paradas por parte de persoal cualificado para realizar a investigación, de forma totalmente anónima, facéndose pasar por unha persoa usuaria xeral do servizo que se valora.

Con esta investigación, realizouse o cálculo da porcentaxe de cumprimento do servizo, dato moi importante para a Administración e a calidade dos servizos do PTPG.


En función da cualidade que se estea observando tomáronse os valores extremos de 0 e 1, e dependendo do número de estados contemplados polo atributo observado engádense posibles respostas comprendidas entre os valores extremos (1 ou 0) para abarcar o abano de posibilidades. É dicir, se está a considerarse ben, regular e mal, ben tomaría o valor 1, regular o valor 0,5 e mal tomaría o valor 0.

Con estes datos recompilados, debe acordarse previamente en que horizonte se emprezará a contabilizar os valores como *Observacións positivas*, pois isto **influiría enormemente na porcentaxe de cumprimento**. Esta clasificación realizouse para cada un dos atributos avaliados en función das súas características.

Por tanto, o procedemento seguido é o seguinte:

- En primeiro lugar, obtéñense os datos como se indicou clasificándoos entre 0 e 1.
- En segundo lugar, calcúlase a porcentaxe de cumprimento para cada atributo como o cociente entre as observacións positivas e o total de observacións.
- Por último, o cumprimento total calcúlase coa media das porcentaxes de cumprimento para todos os atributos relacionados cun aspecto do servizo.

Como exemplo, **no seguinte gráfico pódese apreciar que diversos atributos obteñen as súas correspondentes porcentaxes de cumprimento**, e que para coñecer a porcentaxe de cumprimento dun aspecto do servizo realizouse a media entre estes valores.



7.1.3. Enquisas a centros escolares

De forma análoga á valoración da calidade do servizo percibida polas persoas usuarias dos servizos de uso non compartido, buscouse nos traballos de campo **coñecer a avaliación dos servizos compartidos por parte dos centros escolares que fan uso destes.**

Para o desenvolvemento desta liña de investigación, que **permite coñecer a valoración que as persoas responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser** obxecto de mellora, escolleuse a enquisa autoadministrada porque é a máis operativa para cubrir por parte dos centros escolares, xa que permite á persoa participante completar o cuestionario cando e onde queira, o que favorece o grao de participación; e doutra banda, as enquisas online incorporan instrucións precisas para cubrir os datos, o que proporcionan unha mellor calidade da información.

Ademais, os resultados actualízanse en tempo real permitindo o seguimento da participación e a exportación dos datos en formato dixital para o seu tratamento.

O elevado número de centros escolares que hai en Galicia aos que o PTPG dá servizo a través de máis de 2.000 liñas integradas fixo indispensable que se incluíse unha metodoloxía particular para recoller as opinións sobre a calidade destes servizos, sen interferir na súa prestación.

A continuación, móstrase a ficha técnica dos traballos realizados da enquisa a centros escolares. Obtívose **unha mostra de 308 enquisas válidas**, de 454 centros escolares existentes en Galicia.

OBXECTIVO:
Medir a calidade do servizo das liñas compartidas.

UNIVERSO:
454 centros escolares con servizos compartidos.

MOSTRA OBTIDA:
308 enquisas válidas.

ERRO DA MOSTRA:
± 5,58% cun nivel de confianza do 95% e un nivel de indeterminación onde p= q=0,5.

BRIEFING:
Entre o 1 e o 4 de xuño.

CALENDARIO:
O traballo de campo realizouse entre o 7 de xuño e o 12 de xullo.

METODOLOXÍA UTILIZADA:
Enquisas en liña (metodoloxía CAWI).

FERRAMENTA UTILIZADA:
Microsoft Forms.

ÁMBITO XEOGRÁFICO:
Comunidade Autónoma de Galicia.

A ferramenta utilizada para o desenvolvemento da investigación foi Microsoft Forms cun cuestionario tipo para todos os centros escolares de Galicia. O traballo de campo desenvolveuse entre o 7 de xuño e o 12 de xullo.

7.1.4. Enquisas a persoas non usuarias

A investigación realizada nos traballos de campo relacionada coas **persoas non usuarias do transporte público desenvolveuse co obxectivo de detectar as causas de non uso do transporte público e poder incidir nelas.**

Para iso realizouse unha enquisa para coñecer o perfil das persoas non usuarias e poder determinar accións que motiven a elección do autobús como modo de transporte.

Dado o específico do obxecto do estudo a realizar, coñecer os motivos de non uso do transporte público en Galicia, **a enquisa telefónica considerouse a opción máis adecuada.**

Naquelas liñas de investigación nas que o perfil da persoa enquisada debe reunir determinadas características para cumprir cos obxectivos do estudo, as enquisas telefónicas permiten seleccionar a mostra a nivel xeográfico e establecer filtros a modo de pregunta para delimitar a procura da mostra por parte de quen realiza a enquisa.

A continuación, móstrase a ficha técnica dos traballos realizados da enquisa a persoas non usuarias do transporte público. Obtívose **unha mostra de 400 enquisas válidas** a persoas non usuarias.

A investigación tivo lugar entre o 15 e o 22 de xuño de 2021.

OBXECTIVO:
Coñecer o motivo de non uso do transporte público.

UNIVERSO:
2.701.819 residentes en Galicia (Fonte:IGE, ano 2021).

MOSTRA OBTIDA:
400 enquisas válidas.

ERRO DA MOSTRA:
± 4,90% cun nivel de confianza do 95% e un nivel de indeterminación onde p= q=0,5.

BRIEFING:
Entre o 7 e o 11 de xuño.

PROBA PILOTO:
14 de xuño.

CALENDARIO:
O traballo de campo realizouse entre o 15 e o 22 de xuño (días laborais de L a V).

METODOLOXÍA UTILIZADA:
Enquisas telefónicas asistidas por computador).

FERRAMENTA UTILIZADA:
Programa Integra CATI.

ÁMBITO XEOGRÁFICO:
Comunidade Autónoma de Galicia.

A ferramenta utilizada para o desenvolvemento da investigación foi un programa Integra CATI cun cuestionario tipo para todas as persoas non usuarias e a metodoloxía seguida foi a de enquisas telefónicas asistidas por computador, a través da ferramenta mencionada.


7.2. Conclusións dos traballos de campo. Resultados

7.2.1. Enquisas de calidade


A avaliación da satisfacción do cliente é xa habitual na xestión diaria dos servizos de transporte. Esta investigación permitiu analizar, por variables, a súa evolución e achegar información de axuda para a definición de medidas de mellora da calidade do servizo.

As **conclusións dos resultados obtidos da explotación das enquisas de calidade en servizos non integrados** foron as seguintes:


- Os datos mostran que **os aspectos mellor valorados son, á súa vez, criterios de calidade aos que as persoas usuarias outorgan unha elevada importancia**. As mellores notas corresponden ao prezo e á duración das viaxes. A revisión completa do mapa de liñas de autobús interurbano e a súa renovación nas actuais concesións do PTPG, así como o sistema tarifario e as bonificacións impulsadas, explican que o transporte público interurbano sexa percibido como un servizo que permite unha mobilidade áxil e economicamente accesible.
- Por outra banda, existen aspectos de importancia elevada cuxas valoracións, situadas entre o 7,5 e 8,0, se sitúan lixeiramente por baixo da media, como son a frecuencia de paso, a localización das paradas e a puntualidade, do que cabe deducir a súa relevancia como ámbitos susceptibles de mellora.
- En canto aos **criterios que as persoas usuarias consideran importantes e lles conceden unha valoración inferior, son os referentes ao estado das paradas e á información do servizo**. Para actuar sobre eles, a Xunta de Galicia puxo en marcha actuacións para a renovación de marquesiñas e está a desenvolver un sistema que permitirá ofrecer datos en tempo real sobre os servizos, potenciando así a comodidade no acceso á información e nas esperas.




- Obsérvase que **2 de cada 3 persoas usuarias son mulleres**. Porén, non existen diferenzas na valoración do servizo en atención a esta variable, **resultando igual de satisfeitos homes e mulleres.**



- As persoas usuarias que expresan un nivel de satisfacción co servizo comparativamente menor son aquelas que o utilizan para realizar viaxes de mobilidade obrigada, mostrando unha valoración inferior nos casos nos que o motivo da viaxe é o desprazamento ao traballo. Por idades, as franxas de idade máis satisfeitas son as persoas xubiladas e as menores de 21 anos, ambas por riba da franxa comprendida entre 21 e 64 anos. Para aumentar a satisfacción das persoas usuarias que se desprazan por motivos de traballo, en base á matriz estratéxica determinada, recomendouse actuar en aspectos como a adecuación da frecuencia (para potenciar a oferta segundo a demanda maioritaria dos servizos) e a limpeza e estado/imaxe dos vehículos (que mellorarían o confort).
- Entre as claves da satisfacción co servizo que manifestan as persoas usuarias menores de 21 anos, atópase a aplicación da tarifa Xente Nova coa bonificación do 100% das viaxes deste colectivo. Aínda que cabe resaltar que a extensión desta tarifa gratuíta ás viaxes en autobús entre calquera localidade de Galicia se activou o día 21 de maio, ao comezo do período de realización das enquisas, a boa valoración aínda non recolle completamente o progresivo crecemento de uso da tarxeta Xente Nova experimentado desde ese momento.
- A pesar das bonificacións e descontos que leva o uso da TMG e da TMGXN, o pago en efectivo resulta relevante, chegando a ter maior penetración que a TMG, dependendo da franxa de idade das persoas usuarias. Iso pon de manifesto a necesidade de continuar reforzando a promoción entre a cidadanía dos medios de pago dispoñibles e as súas vantaxes, así como as actuacións dirixidas a optimizar a comodidade de operación e recarga das ditas tarxetas.



- En canto á información sobre os servizos, as persoas usuarias manifestan frecuentemente coñecela polo seu uso habitual. As consultas respecto diso realízanse maioritariamente a través da páxina web das empresas titulares das concesións. No entanto, cabe sinalar o impacto crecente das canles de información habilitadas pola Xunta de Galicia, como son a páxina web www.bus.gal e a APP Transporte Público de Galicia. Neste sentido, as visitas desde a posta en funcionamento da dita web ata xuño de 2021 superan as 810.000, máis de 120.000 delas, nese mesmo mes, consolidando a tendencia de crecemento das consultas. Ambas as ferramentas, a web e a aplicación móbil, atópanse en constante actualización e mellora, incorporando máis información e novas funcionalidades, tal e como se indica pormenorizadamente no apartado 5.1 desta memoria.



- Determinouse un **Índice de Satisfacción do Cliente (ISC) global de 7,9**, o que en transporte público se revela como unha valoración alta. Os aspectos que reciben unha **mellor puntuación** son o **prezo do billete**, a **duración da viaxe**, o **trato do condutor** e a **dispoñibilidade de mobiliario urbano.**
- Ademais, **as persoas usuarias recomendarían o servizo cunha probabilidade media do 79%.** Este aspecto resulta positivo e apoia a alta valoración rexistrada no cálculo do ISC.


7.2.2. Cliente misterioso

Co obxecto de avaliar determinados aspectos funcionais do servizo prestado, obtendo un reflexo da imaxe proxectada ao usuario, aplicouse **a técnica do cliente misterioso** para verificar o cumprimento dos estándares de calidade do transporte público de Galicia mediante as impresións percibidas por persoal cualificado.


A dita investigación achega unha valoración técnica de distintos aspectos dos servizos mediante verificacións "in situ" de persoal observador formado.

As **conclusións dos resultados obtidos da explotación dos cuestionarios do cliente misterioso** proporcionaron os seguintes resultados:


- As verificacións do servizo realizadas reflicten como **puntos fortes** do transporte público de Galicia o excelente **trato recibido** por parte do condutor, **o bo aspecto do autobús**, a sensación de **seguridade da persoa viaxeira** ou a operación de **validación do título de transporte**. Todos estes aspectos mostran o empeño da empresa operadora na prestación dun servizo atractivo e confortable para toda a poboación, facendo que as persoas usuarias consideren o autobús como unha alternativa á hora de planificar unha viaxe.
- Do mesmo xeito, detectouse que tamén existen algúns **aspectos cunha valoración inferior que requiren actuacións específicas**, como son a **puntualidade** e os relacionados coa **información** dispoñible para o usuario **en paradas e autobuses**. Sobre estas circunstancias, ademais da obriga contractual das empresas concesionarias de editar e distribuír regularmente material de cartelaría e folletos informativos en estacións de autobuses e centros de atención de demanda (como centros de saúde, mercados, centros sociais, etc.), a Xunta de Galicia vén realizando avances no proxecto do SAE, que permitirá acceder en tempo real a través de dispositivos electrónicos aos horarios, percorridos e tarifas.
- Outro aspecto que conta cunha valoración xeral lixeiramente inferior á media é o **estado das paradas**. Dentro desta valoración, hai que sinalar que a **accesibilidade no punto de parada** obtén a mellor puntuación entre os criterios de calidade analizados, constatando que, con carácter xeral, as características e o estado das paradas non supoñen unha barreira de acceso ao transporte público para a cidadanía con mobilidade reducida. Os condicionantes relativos á información, tal e como se indica anteriormente, están a ser obxecto de mellora actualmente por parte da Administración.



- Determinouse un **cumprimento total do servizo do 84,1%** para o global da rede. Aínda que este nivel de cumprimento pode considerarse positivo en materia de calidade, a Administración está a definir accións dirixidas á **mellora de cuestións relativas á puntualidade, o estado das paradas e a dispoñibilidade da información**, accións entre as que destaca especialmente a optimización do **Sistema de Axuda á Explotación**, co que se ofrecerá unha información completa e en tempo real ás persoas usuarias, á vez que facilitará un seguimento detallado do cumprimento de horarios.



- No que se refire á situación de pandemia no momento de realización dos traballos de campo, todas as **medidas COVID** foron aplicadas na prestación do servizo con moi boa valoración, aínda que se deduciu a necesidade de melloras no control de aglomeración de viaxeiros.




7.2.3. Enquisas a centros escolares


Co obxecto de **coñecer a valoración que os equipos responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser obxecto de mellora** realizáronse enquisas aos mesmos para verificar a calidade dos servizos integrados.

As c**onclusións dos resultados obtidos da explotación das enquisas a centros escolares con servizos integrados** foron as seguintes:

- Os datos recollidos mostran que o servizo de transporte escolar ten unha **boa valoración por parte dos centros educativos**, sendo os factores clave a puntualidade, a capacidade do servizo, o persoal adscrito ao servizo e os vehículos utilizados, todos estes, valorados positivamente pola maioría dos centros.
- Compróbase que case todas as persoas usuarias **que están inscritas** fan uso do servizo e para aquel alumnado que non o utiliza, indícanse como razóns a proximidade ao centro ou a comodidade.



- **O sistema de xestión de praza** recibiu unha valoración positiva no 80% dos casos.



- Tiveron unha alta valoración por parte dos centros aspectos relacionados con posibles melloras do servizo, como o **seguimento do traxecto do autobús** en tempo real e unha específica i**dentificación dos escolares** que fan uso efectivo do servizo, ambas as actuacións relacionadas cos desenvolvementos tecnolóxicos en materia de mobilidade.
- O transporte compartido ofrece un servizo de calidade, cun número reducido de incidencias e elevados niveis de satisfacción por parte dos centros educativos.
- Por último, na situación actual de pandemia, practicamente a totalidade dos centros declara que se cumpriron as **medidas COVID** na prestación do servizo.


7.2.4. Enquisas a persoas non usuarias

Co **obxecto de detectar as causas de non uso do transporte público por parte da cidadanía en Galicia e poder incidir nelas**, desenvolveuse unha investigación relacionada coas persoas non usuarias a través de enquisas telefónicas.


Para iso realizouse unha enquisa para coñecer o perfil das persoas non usuarias e poder determinar accións que motiven a elección do autobús como modo de transporte.

Estas foron as principais **conclusións obtidas tras a análise dos resultados obtidos das enquisas a persoas non usuarias do transporte público:**

- **A ausencia de transporte público, xunto con razóns de comodidade e a inadecuación das frecuencias e horarios coas necesidades das persoas entrevistadas constitúen as razóns principais da súa non utilización.** Tamén destacan entre as razóns a comodidade e a falta de adecuación das frecuencias e horarios. O resto das razóns soamente agrupan o 15% dos rexistros de non uso. Cabe destacar, así mesmo, que **o prezo non destaca como elemento disuasorio** á hora de facer uso deste servizo.



- Os datos mostran que a **ausencia de transporte público** é máis influente na contorna urbana/metropolitana en comparación co rural, onde a oferta de transporte é máis reducida. A **comodidade** resulta igualmente influente en ambas as contornas e para ambos os xéneros, pero son os homes da contorna rural quen indican que é unha razón principal de non uso con maior frecuencia. En canto á **adecuación de frecuencias e horarios**, son as mulleres quen indican como as razóns de non uso máis influentes.
- O **vehículo privado** é a **principal alternativa** aos desprazamentos en transporte público, destacándose como principais razóns para a súa utilización a comodidade e a flexibilidade. O 88% de persoas entrevistadas usaron o vehículo privado como condutoras, mentres que só o 11% como acompañante, sendo as franxas de idade situadas a partir dos 45 anos as que máis viaxan como acompañantes.



- As principais **actuacións propostas** polos entrevistados van en consonancia coas principais razóns de non uso, especialmente o establecemento dun servizo de transporte público onde non o hai, ou a mellora das frecuencias e horarios.
- En todo caso, observouse que nun gran número de casos **as propostas das persoas enquisadas non teñen relación con razón de non uso indicada**, polo que a súa proposta non resolvería o problema que indican. Isto demostra que a persoa non usuaria media non coñece correctamente a oferta e condicións de prestación dos servizos de transporte público, polo que o seu descarte podería ser máis apriorístico que realmente motivado por causas concretas.
- Dos datos analizados, en liña coas principais liñas de actuación na promoción do transporte marcadas pola propia Administración, confírmase que a información sobre o sistema de transporte público constitúe un dos aspectos máis relevantes para atraer novas persoas usuarias.



8

IMPACTO DO COVID-19 NO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA

A inicios do ano 2020, fóronse estendendo rapidamente por España e Galicia os casos de persoas contaxiadas pola COVID-19, o cal daría lugar a unha situación de crise sanitaria sen precedentes na historia recente da nosa sociedade. Este aumento exponencial de persoas afectadas e con necesidade de ser atendidas hospitalariamente deu lugar a unha situación de excepcionalidade que acabou derivando na declaración do estado de alarma o 14 de marzo de 2020 en toda España.

O estado de alarma supuxo un impacto extraordinario en todos os aspectos sociais e económicos do país, xa que se paralizaba toda acción económica non esencial e se restrinxía a mobilidade das persoas, obrigando a permanecer a toda a poboación nos seus domicilios para evitar que a pandemia se propagase.

Estas restricións de mobilidade á poboación tiveron unha enorme repercusión no transporte público por estrada, xa que a paralización de gran parte da actividade económica presencial reduciu drasticamente os desprazamentos ao centro de traballo, e a suspensión das clases en todos os centros educativos suprimiu todo tipo de desprazamento de escolares.

Unha vez finalizado o inicial estado de alarma en xuño de 2020, foise recuperando gradualmente certa normalidade, pero durante o resto do ano 2020 e o 2021 fóronse alternando tempadas de maiores ou menores restricións de mobilidade dependendo do índice de contaxio e a presión hospitalaria. Todo isto foi afectando á prestación do servizo de transporte público por estrada de Galicia, o cal se tivo que ir adaptando a cada unha das fases da crise sanitaria do COVID-19, a cal se analiza neste capítulo da memoria.

8.1. Impacto na mobilidade

O 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en toda España, no que se estableceron medidas dirixidas a limitar a mobilidade da cidadanía e, ao tempo, a garantir a prestación de servizos de transporte público que garantan a posibilidade de realizar desprazamentos vinculados ás actividades expresamente permitidas.

A partir dese momento tiveron que reducirse os servizos de transporte público deixando uns servizos mínimos que garantisen a mobilidade ás persoas que debían seguir desempeñando traballos dos denominados esenciais, como persoal sanitario e de coidados ou traballadores/as de comercios de alimentación. Estes servizos mínimos de transporte público definíronse en base a unha serie de decretos, ordes e resolucións tanto a nivel estatal como autonómico co propósito de seguir cubrindo uns servizos básicos en todo o territorio e respectando ao máximo a seguridade sanitaria tanto das persoas usuarias coma dos traballadores do transporte público.

Posteriormente, ante o empeoramento da situación sanitaria, o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro de 2020, novamente declarou o estado de alarma; sendo autorizada a súa prórroga ata o 9 de maio de 2021.

A nivel autonómico, aprobouse a Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 6 de maio de 2020 pola que se aprobaron medidas para aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, a cal regula as medidas para adoptar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para realizar unha transición paulatina ao levantamento das restricións implantadas por causa da pandemia. Esta orde compleméntase con outras ordes e resolucións da Xunta de Galicia que serviron para ir adaptando as normativas a cada fase da pandemia e así poder dar resposta ás necesidades da poboación, as cales se detallan no seguinte apartado.

O levantamento das restricións levouse a cabo durante un proceso de desescalada das restricións impostas debido á mellora da situación sanitaria, tanto a nivel de contaxios como de ocupación hospitalaria.

Estes procesos de desescalada fóronse levando a cabo durante as distintas fases da duración da pandemia, condicionados pola finalización dos dous estados de alarma declarados polo Goberno de España. Estas fases levaban asociadas o cumprimento de diferentes decretos, ordes e resolucións que se detallan cronoloxicamente no próximo punto.

Como resultado do anteriormente exposto, **a crise sanitaria provocada polo COVID-19 obrigou a unha redución dos desprazamentos da poboación, redución da mobilidade que tivo unha repercusión directa no ámbito do transporte público que, no ámbito dos servizos públicos de transporte da competencia da Xunta de Galicia, supuxo reducións da demanda que alcanzaron niveis superiores ao 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria.**


8.2. Actuacións levadas a cabo

A medida que as restricións de mobilidade se foron establecendo, desde a Xunta de Galicia respondeuse dunha maneira áxil e eficaz para poder adoptar unha serie de medidas que permitisen adaptar o servizo de transporte público por estrada á situación de excepcionalidade vivida.

Estas actuacións afectaron tanto ao axuste da oferta, coma ás medidas de seguridade sanitaria no transporte público e a medidas económicas para poder facer fronte aos efectos que tiveron na mobilidade as restricións derivadas da emerxencia sanitaria, as cales se detallan a continuación.

8.2.1. Axuste de oferta

Durante a primeira etapa da pandemia foi necesario considerar as reducións do servizo pola crise de saúde provocada pola irrupción do COVID-19, desde as restricións iniciais de mobilidade máis severas, ata a recuperación do servizo aos niveis actuais, adaptados á nova normalidade na que derivou esta situación. Os principais fitos relacionados coa evolución das limitacións móstranse no seguinte diagrama:



A continuación, explícase en detalle o que supuxo cada fito recollido no anterior diagrama:

1. Declaración e entrada en vigor do estado de alarma: Real decreto do 14 de marzo de 2020 e Orde do 15 de marzo de 2020:

Con este real decreto iniciouse o primeiro estado de alarma en todo o territorio nacional, o cal finalizaría o 21 de xuño de 2020. Durante o tempo no que estivo en vigor, suspendeuse toda actividade económica non esencial, así como toda actividade educativa presencial. Tamén se limitou a libre circulación de persoas, establecendo un confinamento domiciliario, excepto puntualmente para realizar compras básicas ou outras actividades estritamente necesarias.

Esta situación tivo unha directa repercusión sobre os servizos de transporte público, obrigando a reducirse os mesmos para adaptarse á nova situación. Mediante a Orde do 15 de marzo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establecéronse as seguintes actuacións:

- Redución dos servizos xerais, polo menos, nun 50%.
- Redución dos servizos baixo demanda ao 100%.
- Aplicación do calendario non lectivo.
- Redución da ocupación máxima dos vehículos ao 50%.

2. Fase 1 da desescalada: Orde do 6 de maio de 2020 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

Con esta orde establecéronse as actuacións para iniciar unha gradual desescalada do estado de alarma que permitise recuperar certa normalidade en canto á actividade económica e escolar e, por tanto, da mobilidade. As principais medidas adoptadas foron:

- Servizos na hora punta dentro da provincia, ao 80%.
- Servizos en hora val dentro da provincia e servizos entre provincias, ao 50%.
- Aplicación do calendario non lectivo ata o inicio das clases presenciais.
- Ocupación máxima dos vehículos, ao 50%.

3. Fase 2 da desescalada: Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 8 de xuño de 2020:

A través desta resolución seguíase avanzando cara a unha situación de nova normalidade, onde se adoptaron as seguintes medidas:

- Recuperación da ocupación máxima dos vehículos ao 100% de prazas sentados e 25-33% de prazas de pé.

4. Fase 3 ou nova normalidade: Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 23 de xuño de 2020:

Coa finalización do estado de alarma o 21 de xuño, restablecéronse máis servizos para iniciar o período que se denominaría nova normalidade, na que se recuperaba a maior parte da actividade económica e lectiva do país, así como a mobilidade, pero con algunhas restricións para evitar posibles repuntas de contaxios que puidesen facer empeorar de novo a situación:

- Servizos dentro da provincia, ao 100%.
- Servizos entre provincias, ao 80%.

5. Novo estado de alarma: Real decreto do 25 de outubro 2020 e Orde do 4 de novembro de 2020:

Mediante o Real decreto do 25 de outubro estableceuse o segundo estado de alarma que finalizaría o 9 de maio do 2021 e que limitaría de novo a mobilidade. Na posterior Orde do 4 de novembro da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, establecéronse as seguintes actuacións para volver adaptar os servizos do transporte público por estrada:

- Ocupación máxima do 100% en servizos escolares e reservas de prazas.
- No resto dos servizos, só se permitiu poder ir sentados contiguos ás persoas conviventes.
- Ocupación do 17% de prazas de pé.



6. Fase 1 da nova desescalada: Orde do 3 de decembro de 2020:

Nesta Orde do 3 de decembro da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade actualízanse as porcentaxes de ocupación máxima dos vehículos do transporte público de Galicia:

- Ocupación máxima do 100% de prazas sentado.
- Ocupación do 17% de prazas de pé.

7. Fase 2 da nova desescalada: Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 3 de febreiro de 2021:

Mediante esta resolución avanzouse na nova desescalada para adaptar gradualmente os servizos á situación sanitaria, de maneira que a non prestación de servizos se limitase, como máximo, a:

- Servizos de máis de 50 km en día laborable, ao 50% entre as 18 h e as 24 h.
- Servizos en sábado, domingo e festivos, ao 50%.
- Servizos baixo demanda, ao 100%.

8. Fase 3, finalización do segundo estado de alarma: Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 30 de abril de 2021:

Ao amparo desta resolución, tivo lugar a reposición de todos os servizos de uso xeral ao 100%, coincidindo co fin do segundo estado de alarma e á mellora da situación sanitaria.

- Restablecemento de servizos de uso xeral ao 100% desde o 8 de maio de 2021.

Paralelamente á aprobación das sinaladas ordes e normativas, implantáronse á súa vez unha batería de medidas que regulaban de maneira excepcional o sistema de transporte público de Galicia, co firme propósito de garantir uns servizos básicos en todo o territorio e respectando ao máximo a seguridade sanitaria tanto das persoas usuarias coma dos traballadores.

Medidas en relación co volume da oferta de servizos:

Neste apartado expóñense, a modo recompilatorio, as diferentes accións levadas a cabo para regular a oferta de servizos que

se mantiveron durante a emerxencia sanitaria, para poder garantir un mínimo de servizos de transporte.

Así, en canto ao volume da oferta dos servizos de transporte público da Comunidade Autónoma de Galicia, adaptouse con respecto ao número de expedicións previsto nas condicións ordinarias de prestación do servizo nas concesións que estaban vixentes, segundo as seguintes regras:

- No caso de servizos de transporte que desenvolvían a súa actividade dentro da mesma provincia, axustouse a oferta de servizos equivalente a un mínimo do oitenta por cento (80%) en horarios punta e dun cincuenta por cento (50%) en horarios val.
- No caso de servizos de transporte que desenvolvían a súa actividade entre dúas provincias diferentes, reduciuse a oferta de servizos nun mínimo do cincuenta por cento (50%).
- No caso dos servizos que se atopaban nesta situación, os seus concesionarios adaptaron a súa oferta de servizos para garantir á cidadanía o acceso aos principais servizos básicos e centros de traballo.

Cabe destacar que os concesionarios dos servizos puideron propoñer, cando foi posible, intensificar a oferta de servizos nas franxas horarias de maior demanda, para mitigar o efecto das restricións da capacidade máxima dos vehículos.

Así mesmo, os concesionarios dos servizos de transporte recibiron a recomendación de realizar unha adecuada difusión e publicidade dos cambios que se introduciron na oferta de servizos como resultado da aplicación das regras establecidas.

Para a difusión destas medidas de prevención, así como o Protocolo de actuación aprobado para o PTPG realizáronse diferentes actuacións orientadas a informar ás persoas usuarias nas diferentes canles de comunicación dispoñibles:

- **Bus.gal**

No portal web do PTPG puxéronse a disposición de toda a comunidade as medidas adoptadas e o protocolo de aplicación destas.





- **Campaña de sensibilización da poboación #sentidiño**

8.2.2. Medidas de seguridade sanitaria no transporte público

O impacto da pandemia causada polo COVID-19 produciu alteracións no normal funcionamento dos servizos de transporte público, que obrigaron á imposición de medidas excepcionais que afectaron, obviamente, tanto ás persoas usuarias coma ao persoal das empresas concesionarios do servizo.

En todos os servizos de transporte público de viaxeiros por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia adoptáronse unha serie de normas sanitarias nos vehículos para evitar ou minimizar o risco de contacto e posible contaxio do COVID-19 tanto das persoas usuarias coma dos traballadores.

Estas medidas mantivéronse durante o período transcorrido desde o decreto de estado de alarma e, aínda que o alivio da situación epidemiolóxica permitiu o levantamento das restricións implantadas, seguiuse recomendando manter a precaución.

As diferentes medidas detállanse a continuación en función do ámbito onde se aplican, as cales son de obrigado cumprimento durante a emerxencia sanitaria.

- **Medidas con relación ás persoas usuarias:**

Neste apartado preséntanse as diferentes medidas sanitarias que foron emitidas para informar e orientar as persoas usuarias do servizo de transporte público co fin de garantir o correcto cumprimento das normas de distanciamento e hixiene, para o seu correcto cumprimento coas normas establecidas e para garantir o mínimo risco posible de contaxio durante a pandemia.

En canto ao uso de transporte público, por parte das autoridades sanitarias, ou seguindo as indicacións destas, pediuse que as persoas que presentasen síntomas respiratorios ou sospeitasen dalgunha probabilidade de infección se abstivesen do uso de transporte público. Tamén se desaconsellou empregar os servizos de transporte público por parte de persoas especialmente vulnerables ás infeccións respiratorias, ou con persoas destas características na súa contorna próxima.

Outra serie de medidas estiveron encamiñadas ao distanciamento físico e o cumprimento dunha serie de normas hixiénicas durante o acceso aos vehículos. Por iso, esixiuse o uso obrigatorio das máscaras durante o acceso ás unidades e mentres se permanecese no seu interior.

Para evitar a transmisión mediante contacto, fomentouse realizar os pagos mediante as tarxetas ou outros medios tecnolóxicos como prevención para evitar o contacto co persoal de condución. Así, instaláronse dispensadores de xeles hidroalcohólicos á disposición das persoas viaxeiras en todos os vehículos, recomendando o seu uso ao acceder e descender do vehículo.

Ademais destas esixencias, estendéronse as limitacións dentro dos vehículos para evitar que as persoas usuarias inxerisen alimentos e/ou bebidas durante os desprazamentos, así como a recomendación de limitar o contacto con outras persoas.

- **Medidas relacionadas co persoal de condución, acompañante ou doutro tipo:**

En canto a este tipo de medidas relacionadas cos traballadores no transporte público por estrada, foron adoptadas para que o risco laboral asociado ao contaxio do COVID-19 fose mínimo e desta maneira poder garantir un espazo de traballo seguro.

Para iso, o persoal das empresas concesionarias foi dotado dos equipos de protección persoal como máscaras (obrigatorias), luvas e dispensadores de xel hidroalcohólico. Ademais de usar correctamente estes dispositivos deberon supervisar o correcto uso das persoas usuarias que fixeron uso dos servizos de transporte durante a pandemia.

O persoal das empresas concesionarias recibiu información sobre os riscos e as medidas de protección adoptadas para mitigar os riscos

de contaxio persoal, así como a correcta e obrigatoria adopción destas medidas por parte das persoas viaxeiras.

Todas estas medidas foron de carácter obrigatorio e foron respectadas, coma o resto das instrucións e recomendacións establecidas polas autoridades competentes e, en concreto, o Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade.

- **Medidas con relación aos vehículos:**

Por último, faise unha recompilación das medidas sanitarias que afectan directamente aos vehículos e o seu correcto cumprimento para así poder garantir un espazo seguro e atractivo para as persoas usuarias do transporte público.

Os vehículos téñense que limpar e desinfectar completamente, polo menos, unha vez ao día. Ademais, sempre que sexa posible, manteranse ventilados de maneira natural para favorecer o intercambio de aire co exterior e así diminuír o posible risco de transmisión.

Tamén se recomendou a instalación de biombos que separen o posto de condución do espazo empregado polas persoas usuarias, así como a instalación de elementos de información das normativas e recomendacións á vista das persoas usuarias.

No relativo á capacidade dos vehículos, adoptáronse as seguintes medidas para a aplicación das normativas nas distintas fases, tentando sempre manter a máxima distancia física posible en cada caso:

- Reduciuse a ocupación dos vehículos á metade da súa capacidade máxima.
